

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

NORMALIZACIÓN

A photograph of a snail on a dark asphalt surface. The word "NORMALIZACIÓN" is written in white chalk above the snail. A white painted line runs vertically on the right side of the frame, and two horizontal white lines are drawn across the asphalt, one above and one below the word.

DEZ ANOS DE PLURILINGÜISMO?

ENTROU NA CASA UN TEMPO NOVO

Non contabamos coa COVID-19. Ao chegar ela... quedamos en suspenso, e co confinamento xeneralizado puidemos pensar: pasará logo e volveremos 'á (nova) normalidade'; mais a situación non ten aínda trazas. Mentres, moitas cousas van cambiando, non polas nosas decisións senón a remolque do que sucede.

'Entrou na casa (de todas e todos) un tempo novo' con aínda non ben recoñecíbeis modificacións económicas, nas relación sociais e internacionais, no funcionamento dos servizos públicos, no eido laboral, no campo cultural, e todo con retrocesos en determinadas causas sociais e con maiores desaxustes e inxustizas para os sectores da poboación en risco de pobreza.

Hai, pois, que recrear numerosos aspectos da(s) axenda(s) políticas, como: gobernanza para todas as persoas, reordenar prioridades, modificar procesos, instrumentar accións e desenvolvementos novos. Tamén no campo da educación. Non estamos ao tanto do que en concreto se está a debater agora na Comisión de Educación e FP do Congreso dos Deputados arredor das emendas ao Proxecto de Lei que coñecemos como a LOMLOE, pero de seguro que a cuestión da COVID e o que suscita está presente nos debates, como non pode ser menos. Polo de pronto, imos sabendo que de aprobarse superaranse algúns vicios neoliberais e as visións de onte que ten a LOMCE.

O ano 2021, centenario da creación da Liga Internacional da Escola Nova, será un momento de reapertura do debate dos deseños curriculares para o conxunto do sistema educativo e tamén de reforma da formación para a función docente; volverán ampliarse as capacidades curriculares de Galicia como Comunidade Autónoma. Por iso, desde aquí e desde agora, demandamos da Consellería de Educación e da Xunta de Galicia a súa contribución para o estudo, o debate e a concertación, sen resaibos autoritarios, legalistas e neoliberais, do que serán os novos deseños curriculares... tendo por diante o horizonte da centralidade da educación pública e o dunha sociedade galega democrática e colectivamente consciente do que é como identidade política, lingüística e cultural, con retos colectivos a afrontar nun tempo novo, no que cobran máis importancia que nunca o coñecemento científico, a sostibilidade ambiental, as capacidades propias de xestión e de trazado de programas e accións políticas e de goberno, o concepto de desenvolvemento local e a madurez creativa das e dos actores sociais, cantos máis mellor.

Con este horizonte próximo deberemos estar enfocando o día a día nas aulas do sistema educativo de Galicia. Fortalecendo as redes nas que interveñen o profesorado coa diversidade de grupos de traballo que o conforma, as confederacións de nais e país, as organizacións sociais sindicais e as pedagóxicas; abrindo espazos de diálogo, de interrogación, de crítica necesaria e de busca de acordos posíbeis; xerando axencias e espazos de estudo e de investigación, con comportamento distinto do que agora é o habitual, isto é espazos de poder e de control burocrático ao servizo do conservadorismo. É tempo de abrir o horizonte; é tempo de construír o novo, desde a participación colectiva, esixente e creativa.

Un tempo, necesariamente, de galeguización en todas as ordes; unha galeguización que, a un tempo, nos faga máis conscientes das nosas capacidades a fin de que as operativicemos e sexamos máis co-partícipes do futuro da Humanidade, á que poidamos achegar o mellor de nós.

Neste marco, as e os ensinantes galegos non podemos recluírnos cada un na súa aula ou na súa escola, esperando acontecementos e a chegada de indicacións administrativas, pois non hai gobernantes máis listos e máis conscientes. Reclamamos, pois, un exercicio pleno da profesionalidade educadora, que se traduce en preciso aumento da formación técnico-pedagóxica, na preparación de recursos didácticos galeguizados (e na súa promoción por parte da Administración), no feito de interrogarse colectivamente sobre os tempos, os espazos e as formas de organización da educación, na participación na toma de decisións debatidas e consensuadas, e tamén na actuación responsábel como docentes, ante os interrogantes que suscita 'este tempo novo que entrou na casa'. ■

Escrito con data de 25/10/2020



6 O tema

8 Resumos / Resúmenes / Abstracts

12 Dez anos de decreto de plurilingüismo. Os desafíos da lingua

Víctor F. Freixanes

18 O Decreto 79/2010 e labor institucional do Consello da Cultura Galega

Rosario Álvarez Blanco

21 Lingua e cidadanía

Marcos Maceira Eiras

24 A lingua no ensino: análise política dunha década de Decreto para o Plurilingüismo

Goretti Sanmartín Rei (BNG), Carmen González Novoa (En Marea) e Luís Manuel Álvarez Martínez (PSdeG-PSOE)

27 Dez anos do Decreto do Plurilingüismo: posicións sindicais

Suso Bermello (CIG) e Luz López (CCOO)

29 A educación plurilingüe en Galicia: balance e propostas

Bieito Silva Valdivia

32 O Tratamento Integrado de Linguas como instrumento para a normalización da lingua galega

Sofía Rama Lorenzo

36 Edición educativa e normalización

Manuel Bragado Rodríguez

40 Para sabermos algo máis...

María Dolores Candedo Gunturiz

46 Entrevista

Valentín García Gómez (SXPL)

María Dolores Candedo Gunturiz

54 A lingua

Dez anos do Decreto do Plurilingüismo. A lingua galega nos centros educativos

Pilar Ponte e Mercedes Queixas

58 Experiencias

58 A Normalización Lingüística no Cole de Cea

EDL do Cole de Cea

60 Projeto Educativo Semente

Santiago Quiroga, María Vilaverde e Marcos Abalde

63 A normalización da lingua no CEIP Manuel Masdías

Pilar Seoane e Óscar González

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

Num. 78
Decembro 2020

D.L.: C-22/1986
ISSN: 1132-8932

Deseño: Lois Rodríguez (Acordar)

Maquetación e deseño de cuberta:

Xiana Lastra Pernas

Impresión: Obradoiro Grafico S. L.

Lugar de edición: Nova Escola Galega
(R/ Luís Freire, 5. 15706 Santiago)

Redacción: rge.redaccion@neg.gal

Publicidade: rge.publicidade@neg.gal

Subscricións: rge.subscricions@neg.gal

Revisión e tradución de textos ao inglés:

Rebeca García Murias

Comité Científico:

Joxé Mari Auzmendi (Dtor. Hic Hasi)

Jaume M. Bonafé (Univ. de Valencia)

Jaume Carbonell (Exdirector de Cuadernos de Pedagogía)

Giancarlo Cavinato (MCE, Italia)

Xavier Besalú Costa (Dtor. de Perspectiva Escolar/UB)

Tânia Maria Braga (Univ. Federal do Paraná, Brasil)

Moacir Gadotti (Univ. de São Paulo)

Francesc Imbernon (Dtor de Guix /UB)

Philippe Meirieu (Univ. de Lyon-2, Francia)

Francesco Tonucci (Istituto de Psicologia do CNR, Roma)

Antoni Zabala (Dtor. Aula de Innovación Educativa/UB)

Philippe Watrelot (IUFM, París)



Coa colaboración da:

**Deputación
DA CORUÑA**

66 Educación social e escola

66 Escola e comunidade: na procura de sinerxías normalizadoras

Nel Vidal Barral

70 SEXO CON-SENTIDO.

Obradoiros de coeducación afectivo sexual nas aulas

Noelia Darriba e Raquel Veiga

74 Educación no rural

Reflexións dun mestre xubilado sobre o rural, sobre a educación, sobre o futuro...

Toño Núñez

76 Novas tecnoloxías

Youtubeir@s enche a rede de vídeos en galego

Mónica Fernández Valencia

80 Investigación

A empregabilidade dos graduados en Pedagogía. Un reto para a USC

Jesús García e Miguel A. Santos

83 Pais e Nais

A normalización lingüística na escola vista polas organizacións de nais e pais

Fernando Lacaci e Roxelio Carballo

86 Panoraula

Xosé Ramos e Antón Costa

90 Panoraula Dixital

Grupo de Investigación Stellae (USC)

92 Outras lecturas

Un anaco da historia da banda deseñada entre nós

96 Pensar o ensino

Para non viaxar de pé outros dez anos

Valentina Formoso Gosende

A Revista Galega de Educación (RGE) é desde 1986 unha publicación pedagóxica de carácter teórico-práctico, tamén atenta á actualidade educativa, escrita en galego e dirixida ao profesorado dos diferentes niveis educativos.

De periodicidade cuatrimestral, a revista admite e presenta traballos orixinais de investigación, temáticas monográficas, experiencias de aula, textos de ensaio, reportaxes, entrevistas, notas bibliográficas e de actualidade. Os traballos de investigación e os que compoñen as temáticas monográficas son avaliados de modo anónimo por revisores externos especializados.

A publicación está editada polo movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e os seus Consellos de Redacción, Editorial e Científico están compostos por profesionais de recoñecida relevancia académica no ámbito da educación. É a única revista galega de educación en formato impreso e realiza intercambios científicos con outras publicacións pedagóxicas europeas e americanas.

INDEXADA EN:

- Erih Plus
- Circ
- Carhus Plus
- Latindex Catalogo
- Latindex Directorio
- Miar
- Dialnet
- Rebiun
- Qualis (B1)

Dirección:

Uxía Bolaño Amigo (Profesora de Conservatorio)
Ana Parada Gañete (Orientadora de Secundaria)

Consello de Redacción:

Antón Costa Rico (Profesor de Universidade)
Marcos Chavarría Teixeira (Profesor de Secundaria)
Xesús Ferreiro Núñez (Profesor de Universidade)
Emilio Insua López (Profesor de Secundaria)
Xiana Lastra Pernas (Música e produtora)
Silvia López Gómez (Profesora de Universidade)
Xesús Rodríguez Rodríguez (Profesor de Universidade)
Pilar Sampedro Martínez (Mestra)
Francisco Veiga García (Profesor de Secundaria)
M^a Helena Zapico Barbeito (Profesora de Universidade)

Consello Editorial:

Manuel Bragado Rodríguez (Mestre)
María Dolores Candedo Gunturiz (Profesora de Universidade)
Francisco Xosé Candia Durán (Profesor de Universidade)
Montserrat Castro Rodríguez (Profesora de Universidade)
Xosé Manuel Cid Fernández (Profesor de Universidade)
Rosalia Fernández Rial (Profesora de Secundaria)
Jennifer Fernández Rodríguez (Profesora de Secundaria)
Lois Ferradás Blanco (Profesor de Universidade)
Valentina Formoso Gosende (Profesora de Secundaria)
Xesús Fortes Gómez (Profesor de Secundaria)
Narciso de Gabriel Fernández (Profesor de Universidade)
Eva García Sexto (Mestra)
Emilio González Legaspi (Orientador de Secundaria)
Xosé Lastra Muruais (Mestre)

Laura Lodeiro Enjo (Profesora de Universidade)
Ramón López Facal (Profesor de Universidade)
Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez (Profesor de Universidade)
Ana M^a Pose Blanco (Profesora de Secundaria)
Xosé Ramos Rodríguez (Profesor de Universidade)
Belén Rodríguez Silva (Profesora de Secundaria)
Víctor Santidrián Arias (Profesor de Secundaria)
Araceli Serantes Pazos (Profesora de Universidade)
Bieito Silva Valdivia (Profesora de Universidade)
Alexandre Sotelino Losada (Profesor de Universidade)
Yésica Teixeira Boo (Profesora de Universidade)
Miguel Vázquez Freire (Profesor de Secundaria)
Mercedes Vázquez Vázquez (Mestra)
Manuel Vieites García (Profesor de Universidade)

asaron dez anos dende a publicación do *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*. Unha década na que as políticas que afectan a lingua e a cultura de noso, e tamén o mundo do ensino, sufriron mudanzas importantes. Aos cambios normativos operados sumáronse os recortes orzamentarios, no marco do afianzamento dunha visión neoliberal e recentralizadora que callou en amplos sectores da sociedade. Malia que se puido constatar a resposta institucional e a mobilización cívica fronte á regresión lingüística e educativa, non é menos certo que ese rexeitamento non chegou a cristalizar nun cambio político e de gobernación que permitise albiscar mudanzas dun certo alcance.

Este monográfico esténdese alén do “tema” a través de varias seccións, desde as que tamén se pon a lupa na consideración dos distintos elementos que marcaron esta década no ámbito da lingua e do papel que o ensino veu desenvolvendo en calidade de axente normalizador. O Decreto para o Plurilingüismo constitúe un fito de interese, que debe ser considerado á luz doutros aspectos contextuais que afectan a lingua e a cultura, e tamén o ensino, como institución social.

Son dous os obxectivos que se pretenden:

1. Facer un balance do que supuxo para a lingua e a cultura de noso esta década, con especial atención ao papel do sistema educativo, deténdose na análise do desenvolvemento e efectos do Decreto 79/2010.
2. Coñecer propostas de futuro para a normalización do idioma que consideren o papel do sistema educativo nunha perspectiva de actuacións sociais de conxunto.

Para a elaboración do número contouse, ata onde o espazo o permitía, cunha pluralidade de perspectivas, atendendo tanto ao educativo canto ás reflexións de carácter sociopolítico, combinando tamén a abordaxe institucional, profesional e cívica.

A lectura das diferentes achegas pon no primeiro plano a preocupación pola ausencia de datos, ao non se cumpríren as previsións respecto da avaliación institucional que de maneira prescritiva ten que facer a consellería, reflectidas nas disposicións adicionais 2ª e 5ª e, no que puidese corresponder, nas indicacións do art. 14.5 do Decreto 79/2010. Paralelamente, ao longo deste tempo foron coñecéndose distintos estudos que constatan o devalo lingüístico e cuestionan o papel da escola como axente normalizador; distintas análises a partir dos datos periódicos do IGE e doutros estudos sectoriais, ou mesmo circunscritos a ámbitos territoriais concretos supoñen un chamado de atención. É recorrente a posición de instancias institucionais con competencias na lingua e/ou na educación, entidades cívicas, ou organismos internacionais como a Comisión Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, coincidentes en reclamaren un cambio de rumbo na política lingüística que garanta a progresividade do galego no ensino tal e como lle encomenda a Lei de Normalización Lingüística á institución educativa.

Outro foco central e compartido é a necesidade de estimular o papel doutros axentes sociais e educativos como aliados da escola, en sintonía coas formulacións asociadas á idea da socieda-

de educadora, evitando circunscribir exclusivamente na institución educativa a responsabilidade respecto da normalización lingüística e cultural. Nesa liña son moi relevantes as ideas e propostas concretas que procuran un vínculo estreito entre a escola e a súa comunidade de referencia, ou que mesmo se proxectan a través de redes sociais ampliando a súa incidencia.

As diferentes colaboracións identifican os problemas de distinta índole que trouxo consigo a aplicación do Decreto 79/2010, mais non renuncian á súa superación reclamando para a institución educativa un papel proactivo, capaz de combater prexuízos e recuperar falantes entre a infancia e a mocidade, e que, en definitiva, traballe para reverter a actual situación. Desde a Revista Galega de Educación queremos agradecerlles a todas e cada unha das persoas colaboradoras a súa teimosía na construción dese relato vizoso e normalizador que pula por “rompe-la maceita do bonsai e deixalo medrar coas raíces na terra”, tal e como pedía o prezado mestre Agustín Fernández Paz no seu artigo “A cultura do bonsai” co que abría o primeiro número da RGE en 1986 a sección “O estado da lingua”.

Agardamos que os lectores e as lectoras que se acheguen a este número atopen nel argumentos, ideas e reflexións desde os que renovar o seu compromiso cunha pedagogía que, tomando prestado o lema de Paz Andrade, teña a Galicia como tarefa. .



Luís Davila

María Dolores Candedo Gunturiz

Resumos

Resúmenes

Abstracts

Víctor F. Freixanes

Normalización lingüística, idioma, escola

Normalización lingüística, idioma, escuela

Linguistic standardization, language, school

A cuestión de fondo é a capacidade legal que un país ten para defender o seu idioma e recuperalo historicamente. A presenza, a práctica e as estratexias de avance da lingua galega nas escolas retrocederon nestes dez últimos anos. Isto implica, inevitablemente, unha Nova Política Lingüística, unha nova lectura da Lei de Normalización Lingüística consonte os novos tempos, capaz de propoñer un gran pacto arredor do idioma.

The main issue is the legal capacity a country has to defend its language and to recover it historically. The presence, practice and strategies for taking the Galician language forward in schools have receded in the last ten years. This inevitably involves a new Linguistic Policy and a new reading of the Law on Linguistic Standardization – indeed one which is in line with modern times and also capable of proposing a firm agreement regarding the language itself.

Rosario Álvarez Blanco

Bilingüismo, galego, ensino.

Bilingüismo, gallego, educación

Bilingualism, Galician language, education

A análise do estado da lingua, sobre todo sociolingüístico, constitúe unhas das tarefas do Consello da Cultura Galega. Avógase por un bilingüismo activo que supoña o necesario reforzo para o galego e por un clima favorable a esta lingua nas aulas como chave para a contención na perda de falantes. Un dos factores da desgaleguización atópase nas primeiras etapas, polo que se recomenda unha oferta de educación infantil en galego. A evidencia empírica fai que o CCG demande un ensino no que a protección do galego sexa unha prioridade; ao tempo, reclama un consenso que poña a lingua a resguardo dos vaivéns políticos.

The analysis of the present state of the Galician language together with that of the sociolinguistic situation, constitutes one of the most important/noteworthy tasks of the Consello da Cultura Galega. The promotion of active bilin-

gualism is advocated in addition to Galician-friendly classroom environments— a key element for curbing the loss of speakers. One of the factors which leads to a decrease in the usage of the language seems to be found in the early-learning stages and for which reason the option of pre-school education through the medium of the Galician language is recommended. The empirical evidence has also led to the Consello positioning itself in clear defence of an education system for which the protection of the Galician language is a priority.

Marcos Maceira Eiras

Lingua minorizada, Avaliación, Progresividade

Lengua minorizada, Evaluación, Progresividad

Minority language, Evaluation, Progressive use

O artigo denuncia a desigualdade do galego, das persoas que o usan e das que queredrían instalarse plenamente nel. Canto ao ensino, sinala as eivas para atenderen os mandatos legais de promoción, progresividade do uso e coñecemento en igualdade co castelán. Reclama unha avaliación institucional rigorosa e o cumprimento dos mandatos do Consello de Europa para asegurar que a oferta dunha educación trilingüe non afecta negativamente á protección e promoción da lingua minorizada.

The article denounces the inequality of the Galician language, of the people who use it and of those who would like to settle in it fully. As regards education, it points out the problems in meeting the legal mandates of promotion, progressive use and knowledge on an equal footing with Spanish. It calls for rigorous institutional evaluation and compliance with Council of Europe mandates to ensure that the provision of trilingual education does not adversely affect the protection and promotion of the minority language.

Goretti Sanmartín Rei (BNG), Carmen González Novoa (En Marea) e Luís Manuel Álvarez Martínez (PSdeG-PSOE)

Regresión, Consenso, Normalización

Regresión, Consenso, Normalización

Regression, Consensus, Normalisation

A análise política do que significou esta última década de aplicación do Decreto para o Plurilingüismo no ensino resulta obrigada, tendo en conta a prolongada controversia que envolve a acción política en materia de lingua no noso país e a expectativa que se abría diante dunha nova convocatoria electoral. Preséntanse as opinións e propostas do BNG, PSdG-PSOE e En Marea, que recollen un certo balance e algunhas ideas para o futuro.

The political analysis of what meant this last decade of application of the Decree for the Plurilingualism in the education results forced, taking into account the prolonged controversy that wraps the political action in matter of tongue in our country and the expectation that opened in front of a new electoral announcement. They present the opinions and proposals of the BNG, PSdeG-PSOE and of En Marea, that collect a true balance and some ideas of future.



Suso Bermello (CIG) e Luz López Pérez (CCOO)

Normalización, Galeguización, Lingua vehicular

Normalización, Galleguización, Lengua vehicular

Normalization, Galicianisation, Vehicular language

As organizacións sindicais tiveron un papel fundamental en todo o proceso que acompañou o deseño, aprobación e posterior aplicación do Decreto do Plurilingüismo, achegando argumentos de diverso alcance, propostas alternativas e promovendo a mobilización cidadá. Este é o balance e a análise prospectiva realizadas pola CIG-Ensino e a Federación de Ensino de CC.OO. de Galicia.

Trade unions played a fundamental role in the whole process that accompanied the design, approval and subsequent application of the Plurilingualism Decree, contributing arguments of varying scope, alternative proposals and promoting citizen mobilisation. This is the assessment and prospective analysis carried out by the CIG-Ensino and the Federación de Enseñanza de CC.OO. de Galicia.

Bieito Silva Valdivia

Planificación lingüística, educación plurilingüe, Galicia

Planificación lingüística, educación plurilingüe, Galicia

Language planning; multilingual education; Galicia

Unha reflexión acerca do que deron de si os 10 anos de vixencia do *Decreto 79/2010 para o Plurilingüismo* e unha mirada propositiva sobre o traballo escolar coas linguas en Galicia, identificando as dimensións nucleares nunha educación lingüística asentada no respecto e na valoración da diversidade.

A reflection on the result of the application of the Decree 79/2010 for o Plurilingualism during 10 years of validity and a proposal view on the work with languages in Galicia, identifying the nuclear dimensions in a linguistic education based on the respect and value of diversity.

Sofia Rama Lorenzo

Tratamento Integrado de Linguas (TIL), Normalización lingüística, Plurilingüismo inclusivo

Tratamiento Integrado de Lenguas (TIL), Normalización lingüística, Plurilingüismo inclusivo

Integrated Treatment of Languages, Linguistic Normalization, Inclusive Plurilingualism

O reto da escola do s. XXI é lograr que o fenómeno do contacto entre linguas sexa un instrumento para a aproximación, o respecto e a aceptación do outro, do diferente. Neste sentido, o TIL é a metodoloxía proposta para o ensino, aprendizaxe e avaliación das linguas ao servizo do desenvolvemento do PLC. O seu obxectivo é normalizar a lingua galega, erradicando os prexuízos lingüísticos e fomentando o plurilingüismo inclusivo.

The challenge of the school of the XXI century is making the phenomenon of the contact between languages an instrument for the approach, respect and acceptance of other people. In this sense, the TIL is the proposed methodology for language teaching, learning and assessment in the service of PLC development. Its aim is to normalize the Galician language, eradicating linguistic prejudices and promoting inclusive plurilingualism.

Manuel Bragado Rodríguez

Edición educativa, galeguización do ensino, hibridación

Edición educativa, galleguización de la enseñanza, hibridación

Educational publishing, Galicianisation of teaching, hybridisation

Un percorrido pola lexislación educativa e a edición de materiais en galego dende os tempos da transición ata a actualidade para valorar o seu peso na galeguización do ensino. A elaboración de libros de texto e outros materiais didácticos por parte do profesorado, o esforzo editorial ante as cambiantes normativas lexislativas e lingüísticas debe enfrontarse no momento actual ao reto da hibridación.

A journey through educational legislation and the publication of materials in Galician from the times of transition to the present day to assess their weight in the Galicianisation of teaching. The elaboration of textbooks and other didactic materials by the teaching staff, the publishing effort in the face of the changing legislative and linguistic regulations has to face the challenge of hybridization at the present time.



Dez anos de decreto de plurilingüismo. Os desafíos da lingua

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 12-16

Víctor F. Freixanes

Presidente da Real Academia Galega

secretaria@academia.gal

Seica unha década parece perspectiva dabondo para facer unha valoración da política lingüística que a Administración veu desenvolvendo no ámbito educativo, nos niveis de educación non universitaria fundamentalmente. Dende o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, ás veces en solitario, outras veces en colaboración con outras institucións, vimos realizando un seguimento miúdo das voltas que durante ese tempo deu a lingua nas escolas e nos centros de ensino medio. Nos cadros que se insiren constatamos realidades que non por sabidas (e repetidas) podemos ignorar. A sociedade

galega móvese na actualidade en dous idiomas (Figura 1): a lingua común do Estado (o castelán) e o galego, “lingua propia de Galicia”, segundo se recolle no Estatuto de Autonomía (artigo 5), lingua ata hai poucas décadas amplamente maioritaria, pero que arrastra un abaixamento histórico (diglosia) que cómpre equilibrar. Iso esixe un tratamento decidido (vontade de facer) no marco do que denominamos “política lingüística”, nun escenario que vai moito máis alá da escola.

Malia os avances históricos das últimas décadas na consideración e no prestixio do idioma,




Figura 1. Lingua na que falan habitualmente os galegos e as galegas. Datos recollidos en 2018. Fonte: Instituto Galego de Estatística. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego (2018).




Figura 2. Evolución da porcentaxe de galegofalantes habituais entre 1992 e 2018. Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia (1992) e IGE (2003, 2008, 2014 e 2018). Selección de maiores de 15 anos.




Figura 3. Evolución da porcentaxe de galegofalantes habituais segundo a idade. Contraste entre o contexto urbano e o vilago periurbano. Datos recollidos en 2018. Fonte: IGE (2018).




Figura 4. Ruptura da transmisión interxeracional. Presenza do galego na lingua que lles falaban os avós e pais cando eran nenos e a lingua na que falan aos fillos/as segundo a idade. Selección de persoas con fillos/as. Datos recollidos en 2018.

que son avances obxectivos, a lingua galega segue estando nunha posición de equilibrio inestable que a mantén claramente en condicións de inferioridade respecto do castelán. Os devanceiros (as Irmandades da Fala, por exemplo, a principios do pasado século XX) falaban da escola como a gran solución para garantir o uso e o prestixio do idioma: o seu futuro. Mais os tempos mudaron moito dende aquela. Os cambios sociais, os movementos de poboación, a organización desta, as mudanzas nos procesos económicos, as modas, os hábitos de consumo transformaron radicalmente a realidade. Hoxe o galego gañou prestixio, certamente, mesmo consciencia lingüística e política da súa condición. Pero os riscos, que son desafíos, seguen demandando unha atención, unha programación estratéxica, unha vontade de actuación da que nestes momentos carecemos, ou que en calquera caso resulta insuficiente, ademais de desenfocada.

Cando afondamos nos indicadores lingüísticos, observamos os seguintes problemas para a lingua galega:

1. Retroceso no número de falantes (Figura 2). O despoboamento do rural é un factor, pero non o único. Os modelos urbanos e a cultura dominante (no lecer, nos medios de comunicación de masas, nas formas de acceso á información e o consumo etc.), conforman unha nova realidade non propicia para a afirmación e o uso da lingua, alén de ámbitos familiares ou sectores moi sensibilizados.
2. Descenso progresivo na porcentaxe de galegofalantes entre a xente máis nova, en parte como consecuencia do anterior, que é máis evidente nos núcleos socioeconómicos máis dinámicos (Figura 3).
3. Ruptura da transmisión interxeracional (Figura 4). Os pais e as nais non manteñen a lingua de continuidade familiar como noutros fixeran os avós e avoas.

Nos primeiros tempos da Autonomía, a Lei de Normalización Lingüística 3/1983, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia, viñera chantar as bases dunha primeira planificación para a recuperación do idioma, seguindo o mandato estatutario; unha planificación que tiña como principal obxectivo a acción no ámbito educativo (aínda que non exclusivamente). Ao abeiro desta Lei creáronse institucións como o Centro Dramático Galego ou a Compañía de Radio Televisión de Galicia (1984) e promovéronse iniciativas no sector do funcionariado, nas industrias da comunicación e a cultura etc., que aínda que con moitas contradicións xurdían coa idea de construír un marco para regular usos, incluso estratexias de formación. Nos derradeiros anos da Administración Fraga iniciouse mesmo un proceso de posta ao día da devandita Lei de Normalización para afrontar novas necesidades, algo que a Xunta de Galicia avivou na práctica durante o chamado goberno bipartito (PSdG-PSOE/ BNG). Incluso no ano 2001 o goberno de España, presidido por José María Aznar, ratificara a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias. Non deixaba de ser unha declaración teórica, por non dicir retórica, no marco europeo, mais era un avance obxectivo no

status do idioma e acaso unha posibilidade de entender doutra maneira unha política para as linguas todas do Estado.

Mais a realidade impuxo outra dinámica. Nas eleccións do 2009 á Xunta de Galicia desatouse unha campaña extraordinariamente agresiva contra a política lingüística da Administración PSdeG-BNG, que certamente promovera un avance obxectivo no proceso de uso e implementación do idioma no ámbito escolar (Decreto 121/2007), respectando as bases da devandita Lei de Normalización, mais potenciando as súas posibilidades. A manipulación da información chegou a tal extremo que un sector importante da sociedade acabou crendo o discurso de “imposición do galego” nas escolas, entre o funcionariado e nos ámbitos todos da actividade oficial. Ao chegar ao poder, o goberno do Partido Popular redactou o Decreto 79/2010, chamado do Plurilingüismo, recorrido por particulares e institucións mesmo ante instancias europeas (a Real Academia Galega perante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos en 2014, por exemplo) e iniciouse o que, cos datos na man, non podemos cualificar máis que de importante retroceso.


A cuestión de fondo é moi simple: a capacidade legal que un

país ten para defender o seu idioma e recuperalo historicamente. Na Figura 5 amosamos os usos e as capacidades da poboación escolar verbo da lingua segundo distintas etapas: desde os anos anteriores á Lei de Normalización Lingüística ata a actualidade.

Atendendo especificamente ao ámbito educativo non universitario, obsérvase neses gráficos como avanzaba o uso do idioma nas aulas, entre os compañeiros (espazos de socialización), co profesorado e competencias orais e escritas ata o Decreto 2007 (goberno PSdeG-BNG), e como diminúe a partir do Decreto do 79/2010. Son datos obxectivos, resultado de estudos de campo realizados en moitos casos pola propia RAG. A presenza, a práctica e as estratexias de avance da lingua galega nas escolas retrocederon nestes dez últimos anos.

Mais a cuestión de fondo, ollando cara ao futuro, é outra. Que política podemos deseñar (reclamar) para a lingua galega non só no ámbito escolar, que tamén, senón no conxunto dos factores que conforman a sociedade? As sociedades modernas son sociedades cada vez máis dinámicas, abertas, complexas, instaladas nunha realidade global que as integra, condiciona e transcende. Ademais das pre-

Figura 5. Lingua na escola. Presentación de prácticas lingüísticas segundo o decreto en vigor. Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia (1992) e IGE (2003, 2014 e 2018). Non se presentan todos os datos do indicador “asentamento do Decreto 79/2010” por cambio no criterio na enquisa do IGE (2018) de onde procede a información.



ocupacións que apuntabamos máis arriba, podemos engadir novos puntos, que na nosa opinión consideramos decisivos e que son auténticos desafíos:

1. A socialización das novas xeracións, xa non na escola nin na familia, senón na cultura do lecer, as novas tecnoloxías, os medios de comunicación de masas etc.

2. A realidade da lingua galega nos espazos da globalización e as ofertas tecnolóxicas de comunicación na sociedade actual e, sobre todo, no inmediato futuro.

3. A necesidade dunha presenza activa do idioma no mundo da ciencia, a tecnoloxía e a economía.

Isto implica, inevitablemente, unha Nova Política Lingüística, que é o que aquí propoñemos: unha nova lectura da Lei de Normalización Lingüística conxunto os novos tempos, instalada nas dinámicas xerais do século XXI e capaz de propoñer, con intelixencia e xenerosidade, un gran pacto arredor do idioma (non só un pacto político, que tamén), con vontade de integrar a diversidade de axentes que actúan na sociedade. Como dixemos, houbo un tempo no que a escola era o primeiro ou principal centro de operacións. A primeira institución de socialización foi historicamente a familia, mais paseniñamente, de cincuenta ou sesenta anos para acá, a escola veu substituír ese ámbito familiar. Non só no que se refire á lingua, tamén noutros valores. Velaí a Figura 6.

Na escola hai que actuar. Mais a que nos referimos cando falamos da escola? Durante moito tempo descubríamos e xerarquizabamos o mundo (a primeira realidade) a través das relacións familiares. En parte segue sendo así, a responsabilidade familiar segue viva (tamén para a continuidade do idioma), pero o proceso vén moi condiciona-




Figura 6. Medio de aprendizaxe do idioma galego segundo o ano de nacemento. Fonte: IGE (2018).

do por novos espazos de socialización aos que os nenos e as nenas se incorporan dende moito cedo e que están máis aló das aulas, aínda que no espazo escolar se materialicen e lexiten (a relación entre compañeiros). A Figura 6 salienta como, a partir da década dos anos 70 sobre todo, a escola empeza a ser o primeiro lugar de aprendizaxe do idioma, non a familia. O dato merece comentarios que non temos espazo para desenvolver. Apuntamos dúas ideas: a perda do peso familiar fronte á significación do ámbito escolar por unha banda, a transformación social que despraza o galego alén das familias e o institucionaliza nun discurso externo (o discurso educativo) por outra. Mais cunha apreciación a maiores: cada vez máis, no tocante ao uso do idioma, os nenos e as nenas incorporáanse activamente á práctica lingüística non tanto nas aulas, que tamén, como a través dos espazos de socialización extraescolares (recreos, actividades externas, contacto cos

compañeiros etc.) nos que comparten novas formas de coñecemento e integración no mundo (cinema, medios de comunicación de masas, redes sociais, videoxogos, deportes, espazos de lecer e de consumo etc.). É nestes espazos de socialización, alén do que suceda nas aulas, onde deberíamos actuar e sobre o que conviría reflexionar á hora de establecer novas pautas para unha política lingüística capaz de dar resposta a esta nova realidade.

Na Figura 7 presentamos un gráfico de consumos / usos do idioma galego nos medios de comunicación de masas. Nas estimacións que realizamos a través de equipos de estudo da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela e do propio Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, a oferta de galego nos medios de comunicación de masas tradicionais é moi baixa: apenas chega a un 2 ou 3 %, escanda-




Figura 7. Uso do galego nos medios de comunicación (0-1). Fonte: Adaptación dos datos do IGE (2018)

losamente baixa se a comparamos coa porcentaxe de uso na poboación (Figura 1), e non contamos a oferta cada vez maior de produtos audiovisuais nas plataformas dixitais (series, documentais, cinema, deportes etc.). Tampouco consideramos a oferta de videoxogos, espectáculos e espazos de interactividade a través da Internet. O gráfico da Figura 7, centrado non nas ofertas senón no uso ou consumo social da lingua nos medios, amosa unha comparativa bastante ilustrativa dentro da escaseza de oferta, mais cun dato significativo: a presenza e consumos máis altos nos espazos dixitais e nas redes sociais fronte aos medios tradicionais.


Nesta liña de reflexión e actuación debemos traballar: a escola é unha parte do sistema, moi importante, igual que as familias, pero fortemente condicionada por outros ámbitos ou institucións extraordinariamente eficaces: a cultura de masas, a comunicación, o consumo, o

ocio, as novas formas de relación social etc., dende o cinema ás competicións deportivas, dende as redes sociais como Instagram, Facebook ou Twitter á publicidade. Cómpre, xa que logo, afrontar a realidade dende un novo pacto histórico que permita unha Nova Política Lingüística con capacidade e recursos (humanos, económicos, tecnolóxicos) para responder a estes desafíos. ■

- Instituto Galego de Estatística. IGE. (2003, 2008, 2014, 2018). *Enquisa de Condicións de Vida das Familias. Coñecemento e uso do galego. Ano 2013*. Dispoñible desde www.ige.eu

- Real Academia Galega (1993, 2004). *Mapa Sociolingüístico de Galicia*. A Coruña.

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




CONCELLO DE
SANTIAGO
Departamento de Educación


EMM
SANTIAGO DE COMPOSTELA

INSCRIPCIÓN ABERTA PARA O CURSO 2020/2021:

- No rexistro telemático: <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>
- Con cita previa no Rexistro Xeral do Concello (teléfono 981543122)

Máis información en www.esmucompostela.es ou no teléfono 636979527



O Decreto 79/2010 e labor institucional do Consello da Cultura Galega

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 18-20

Rosario Álvarez Blanco

Presidenta do Consello da Cultura Galega

presidenta@consellodacultural.gal

O Consello da Cultura Galega é unha institución de rango estatutario con funcións de alta asesoría en materia cultural, e por tanto lingüística, que ten o mandato legal expreso de «fomentar a lingua e a cultura galegas» como creacións orixinais do pobo galego. Nese marco, a análise do estado da lingua galega, incluíndo a situación sociolingüística, constitúe unhas das tarefas máis relevantes da institución a partir da creación en 1983. Por iso, dende o inicio da súa actividade institucional, o Consello impulsou encontros, estudos e investigacións sobre a lingua, de modo que o acervo conta con

21 edicións dos *Encontros para a normalización lingüística*, foros internacionais como os celebrados ao redor da aplicación da *Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias*, numerosos seminarios sobre a lingua e a sociedade e, naturalmente, informes sectoriais e documentos de traballo punteando unha liña no tempo. Esta produción continúa hoxano e demostra un compromiso persistente da institución coa promoción da lingua galega. Os estudos, informes e monografías inclúen reflexións sobre a situación do galego en ámbitos tan dispares como a igrexa, a empresa e a publicidade, os distintos ámbitos da Ad-

ministración e, por suposto, o ensino.

En parte destas publicacións pódese resumir a posición oficial do Consello da Cultura Galega perante a cuestión do galego e a súa relación co sistema educativo. Por exemplo, avóga-se por unha promoción do bilingüismo activo (sobre todo entre os castelanfalantes) e un clima favorable ao galego nas aulas porque se entende que pode ser a principal chave para unha contención na perda de falantes^[1]. Tamén se constata que un dos factores da desgalegización parece atoparse nas primeiras etapas educativas para o que se recomenda unha oferta de educación infantil en galego que garanta o ensino nesta lingua nos primeiros anos de escolarización, con accións para ampliar o uso do galego nos contextos castelanófonos porque só un uso preferente do galego pode garantir unha com-

petencia bilingüe^[2]. Asemade demándase que, para facilitar o labor de centros e ensinantes, debe fomentarse, desde a Administración, a elaboración de recursos didácticos, actualizados e de calidade, para impartir calquera materia en galego. Tamén se considera imprescindible a elaboración de recursos para a aprendizaxe en galego por parte do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e unha guía didáctica pensada e deseñada desde unha sociolingüística da mocidade.

En canto ao *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, o Consello da Cultura Galega aseverou que o debate que o precedera fora sometido a unha amplificación pública un tanto artificial e afastado da verdadeira natureza dos feitos, cando un dos éxitos da política lingüística galega des-

de a instauración da autonomía fora conseguir que se asentase unha aspiración amplamente compartida a prol da progresiva mellora do status do galego. O Consello solicitaba unha planificación lingüística eficaz, sensata e comprometida coa lingua, que redundase nunha maior cohesión da sociedade, nunha convivencia cívica fundada na liberdade e a igualdade, e, en definitiva, no incremento do uso e o prestixio do galego^[3].

Pouco antes da publicación da citada norma, o Consello da Cultura Galega deu a coñecer a súa *Proposta institucional sobre a Lingua Galega ao Parlamento de Galicia*, aprobada polo Plenario da institución. Naquel documento pedíase promover a constitución dunha Comisión Parlamentaria que –oídas as institucións, colectivos e expertos que considerase oportuno convocar– elaborase unha proposta de desenvolvemento consensuado do Plan Xeral

[1] O idioma galego na sociedade. A evolución sociolingüística 1992-2008 <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=1785>

[2] Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia. <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4293>

[3] A(s) lingua(s) a debate. <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4264>





de Normalización Lingüística^[4]. Tamén se advertía de que as liñas mestras da política lingüística en Galicia deberían emanar dun amplo consenso político, social e institucional “a resguardo dos vaivéns políticos e dos cambios de goberno” e de que calquera que sexa a orientación adoptada polos gobernos galegos no ámbito da política lingüística, en ningún caso se deben tomar medidas que supoñan pasos atrás no proceso de recuperación do galego.

Pouco despois publicábase o ditame *Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, aprobado polo plenario do Consello da Cultura Galega o 1 de febreiro de 2010^[5]. Os puntos máis destacados da declaración institucional dicían, entre outras cousas, que a norma que o goberno ía aprobar debía centrarse só na regulación do uso das linguas oficiais no sistema educativo e na promoción do idioma galego, e que a lingua da Administración educati-

va debía continuar a ser a lingua galega. En canto á lingua das aulas, o Consello afirmaba que na etapa de educación infantil cumpría seguir como criterio xeral o uso da lingua predominante entre o alumnado, ao tempo que recomendaba prestar maior atención á lingua minoritaria nas aulas. Na Educación primaria, Secundaria obrigatoria e Bacharelato dicíase que como mínimo o 50% da docencia debía ser en galego para evitar as desigualdades con que de partida conta a lingua de Galicia. Na presentación do documento, os responsables da institución recalcaban que a competencia bilingüe nas dúas linguas non se podía asentar sobre a filosofía do equilibrio lingüístico na escola, xa que se require un papel de reforzo para o galego. Nas conclusións chamábase unha vez máis a consensuar “un modelo de bilingüismo orientado cara á obtención dunha competencia satisfactoria nas dúas linguas oficiais, ao fomento do idioma galego, á mellora das actitudes cara aos dous idiomas oficiais, á integración social e á convivencia, flexible e adaptable aos distintos contextos sociolingüísticos, e cun horizonte de estabilidade, a resgar-

do das polémicas partidistas e dos vaivéns electorais”.

Evidentemente, o ditame do órgano previsto no Estatuto de Autonomía para a defensa dos valores culturais do pobo galego apenas foi tido en conta; o único efecto visible foi o paso de “promover” a “utilizar”, con carácter xeral, a lingua galega na Administración educativa e nos centros de ensino, con inclusión do persoal ao seu servizo. Transcorrido un tempo dende a aprobación do decreto, os resultados dos informes do CCG^[6] indican que houbo un retroceso e que a escola, pese a ser o lugar onde moitos nenos e nenas aprenden a lingua, non funciona como un elemento dinamizador do uso do galego, senón máis ben como reflexo do status da lingua en cada lugar. E isto non só entra en contradición coas recomendacións do Consello, senón co papel de encargado da supervivencia do galego que a propia mocidade lle outorga ao sistema educativo.

O labor do Consello da Cultura Galega nos últimos 37 anos, seguindo o mandato da lei fundacional galega de defender e promover os valores culturais do pobo galego, incluíu unha inequívoca defensa da súa lingua. A evidencia empírica tamén fixo que o Consello se posicionase dunha maneira clara na defensa dun ensino no que a protección do galego fose unha prioridade. Aproveitando a ocasión que se brinda con esta colaboración, dende a institución vólvese demandar a procura de amplos consensos sociais e políticos que permitan conservar e potenciar a máis valiosa e singular creación cultural do pobo galego. ■

[4] http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/proposta_institucional_ccg_lingua_galega.pdf

[5] http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/ditame_ccg_bases_decreto.pdf

[6] *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4293>



Lingua e cidadanía

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 21-23

En decembro de 2019 facíase público o informe do Comité de expertos do Consello de Europa encargado de avaliar o cumprimento da Carta europea das linguas rexionais e minorizadas, tratado internacional ratificado en 2001 polo Estado español. Após contrastaren a información facilitada pola Xunta de Galiza e o goberno do Estado con entidades sociais como A Mesa pola Normalización Lingüística sinalaban graves incumprimentos da Carta en relación a diferentes aspectos, nomeadamente en xustiza, saúde, servizos públicos e educación. Ademais, ás recomendacións xenéricas para o Estado espa-

ñol do Comité de ministros, engadíase unha mención explícita ao noso país establecendo como prioridade “eliminar as restricións ao ensino en galego en Galiza”. O mandato do Comité de ministros enténdese mellor lembrando o que sinalaba na avaliación: “asegurar que a oferta dunha educación trilingüe non afecta negativamente á protección e promoción da lingua minorizada”.

Todas estas recomendacións deben ser atendidas polos Estados que ratificaron a Carta. No noso caso a Xunta de Galiza, por ter as competencias, debería ter informado ao Consello

Marcos Maceira Eiras

Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística

mmaceira@amesa.gal

de Europa antes do 1 de agosto de 2020 das accións que tomará para garantir que o galego sexa a lingua vehicular e de aprendizaxe do sistema educativo, e estas accións deberán estar introducidas para 2023, polo que de se cumprir coa Carta, o decreto de plurilingüismo xa ten data de caducidade.

Desde a aprobación do Decreto de plurilingüismo hai dez anos, coa oposición do conxunto da comunidade educativa e cunha grande e continuada contestación social, a Xunta de Galiza só se preocupou de in-

crementou a situación de desvantaxe do galego ao dotar no secundario e no bacharelato de maior carga horaria as materias nas que o seu uso está prohibido: Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía. As aulas en galego son menos do 33% onde está introducido o ensino en inglés, e menos do 50% no resto.

Ademais dos estudos feitos fóra da administración autonómica, na evolución das series de datos dos que dispomos vemos como a caída do uso do galego pode variar cando se actúa desde o ensino, mesmo con políticas li-

cando 1 de cada catro menores de 15 anos di saber falar galego pouco ou nada, podemos afirmar que ao final de todas as etapas educativas o galego é igual de coñecido?


Mais se ben o ensino debe ser un elemento central de calquera proceso de normalización, o sistema educativo non está isolado da realidade na que se inscribe; por isto no contexto xeral no que se ten que se desenvolver o noso idioma, as limitacións ao ensino en galego son máis incomprensíbeis se o que realmente se quer é atender ao

Persoas de 5 a 14 anos que non saben falar galego


24%



Xoguetes en galego
0,6%
99,4%
Xoguetes en español



Canles de TV en galego
4%
96%
Canles de TV en español



cumprir aqueles aspectos susceptíbeis de poren ao descuberto a súa verdadeira finalidade. Nengunha avaliación de resultados, máis que as feitas pola Mesa pola Normalización Lingüística en 2016 e 2017 nos informes sobre o galego na educación infantil (analizados no número 65 da Revista Galega de Educación) e o informe da RAG *A lingua no CEIP Agro do Muíño*. Por tanto, só se acudimos fóra da información fornecida pola Xunta, podemos saber que hoxe o galego só ten unha presenza significativa no 8% do ensino infantil nas cidades.

Ao decreto de plurilingüismo engadíuselle a LOMCE, que in-

mitadas. Un dato significativo da enquisa do IGE é o da poboación entre 5 e 14 anos que se declara incapaz de falar galego, quer dicir, que non se considera coa competencia necesaria para se expresar. Unha cifra alarmante que se incrementou en case un 6% desde que existen datos: do 17,94% en 2003 ao 23,90% de 2018. Curiosamente este índice de descoñecemento só baixa en 2008 (16,36%), cando xa está en vigor o decreto de uso do galego no ensino de 2007. Se contarmos desde 2008 a hoxe o aumento do descoñecemento é do 7,54%. Á vista dos datos ofrecidos por un organismo público como o IGE,

mandato legal de promoción do galego (art. 5 do estatuto), progresividade do uso do galego no ensino (art. 13.2 da LNL) e garantir un coñecemento en igualdade co castelán (art.14.3 LNL).

Segundo os datos dos informes publicados polo Observatorio de dereitos lingüísticos da Mesa pola Normalización Lingüística, a presenza do galego nalgún elemento de xogos e xoguetes comercializados en Galiza (información, etiquetaxe...) é do 0,6%. Non é preciso lembrar que sen esa información básica en castelán, as leis e regulamentos de consumo prohiben e penalizan a súa comercialización e

distribución. Noutro sector de importancia crecente para a mocidade como o audiovisual, só o 4,6% da programación infantil e xuvenil ao longo da semana e o 2,7 na fin de semana é en galego, e só dúas canles de televisión emiten no noso idioma (4% do total da grella televisiva). Respecto dos contidos dixitais, o galego é a única lingua que non conta con lexendado para todas as series e filmes que emite unha plataforma da relevancia de Movistar. O custe desta posibilidade para o goberno galego sería dunha media de 60.000€ ao ano, se atendemos


Estes datos, aos que lles poderíamos engadir outros centos, mostran a desigualdade do galego, das persoas que o usan e das que queren instalarse plenamente na nosa lingua. Indican a imposibilidade de termos galego en todo e para todo, que diría Carvalho Calero, a falta de espazos para o uso pleno do galego, e os límites que impiden a presenza, a oferta, a visibilidade, e o escaso ou nulo esforzo dos poderes públicos por mudalo. Para nais, pais e familias, toda esta situación só agrava as dificultades para garantir a transmisión xeracional da lingua.

Accións da Xunta para impulsar o galego nos servizos públicos en 2019


0




Ensino infantil en galego nas cidades



Sentenzas en galego



Seguros en galego



ao contemplado nos acordos que os gobernos vasco e catalán manteñen con esta operadora. Após a súa emisión pola plataforma dixital, que financiaría a metade do custo total, os dereitos serían da Xunta o que abriría a posibilidade de introducilos noutras plataformas ou mesmo na televisión pública galega. Porén, a redución continuada nos últimos anos de orzamento para a dobraxe de filmes e series pola TVG, non mostra que exista interese ningún en que galegas e galegos, e nomeadamente a mocidade, teña acceso a produtos audiovisuais na nosa lingua.

Este é o cenario que o ensino debe contribuír a transformar, mais, pola contra, reproducéoo. Porén, hai motivos para a esperanza. Cada vez é maior a cidadanía con plena consciencia da relevancia e implicacións que o idioma propio ten para o noso futuro e cohesión como pobo, para o noso desenvolvemento social, económico e cultural e para os avances nunha sociedade democrática. Esta cidadanía consciente que mantén unha práctica reparadora e rehabilitadora do galego é a que impide máis retrocesos, a que procura os pasos adiante, a que consegue que, a pesar de todo, o

Xornais impresos en galego



galego aínda teña espazos de uso. Mais o goberno galego ten obrigas e responsabilidades que a cidadanía non pode asumir en solitario.■



A lingua no ensino: análise política dunha década de Decreto para o Plurilingüismo

Consideramos moi relevante contarmos coas reflexións das distintas organizacións políticas representativas da cidadanía galega, tendo en conta, ademais, que a preparación deste número coincidiu cunha nova convocatoria das eleccións galegas, suspendida anteriormente pola COVID. Solicitáronse achegas aos partidos políticos que tiveran representación parlamentaria e concorresen a estas eleccións: *Partido Popular*, *Partido Socialista de Galicia*, *Bloque Nacionalista Galego* e, por parte do que foi *En Marea*, a *Galicia en Común*, *Anova*, *Mareas* e a *En Marea*.

Coa finalidade de recoller as súas opinións de xeito concreto convidámoslos a centrarse nas seguintes cuestións:

1. Logo dunha década de aplicación do Decreto para o Plurilingüismo na educación, cal é o balance xeral que fan desde a súa organización política a respecto da situación da nosa lingua?
2. De cara ao futuro, que accións ou medidas lles parecen acaídas para que a escola poida desenvolver o seu potencial como axente de normalización lingüística?

3. Calquera outra consideración en relación coas liñas de acción de política lingüística que desde a súa formación política queiran sinalar.

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 24-26

BNG*A agresividade da política lingüística do PP***Goretti Sanmartín Rei**

Coordinadora da Executiva Nacional do BNG

goretti@bng.gal



Após unha década de aplicación do Decreto para o plurilingüismo a situación da lingua galega empeorou substancialmente, tanto por se producir unha perda importante de galegofalantes (lembrems que é a única lingua do estado en que está a acontecer isto), como pola súa exclusión de certos ámbitos docentes e a perda de prestixio que esa decisión implicou. O PP leva once anos executando unha política lingüística contraria ao uso do galego, provocando a súa subalternización e realizando accións que aceleran o proceso de substitución lingüística. Desde o ensino á CRTVG pasando pola habitual incorporación do español en actos en que o presidente da Xunta está a exercer como tal. En definitiva, anos perdidos para realizar desde o sistema educativo unha planificación a prol da normalización social do galego, un piar imprescindible como alertaron instancias europeas que reclamaron ao Goberno galego garantías para os dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes.

Desde o BNG apostamos por un modelo de ensino en galego en todas as etapas educativas e materias. Existen xa a este respecto documentos elaborados e/ou apoiados por movementos de renovación pedagóxica, asociacións a prol da lingua, sindicatos e organizacións políticas. É posíbel aínda reverter o proceso de substitución lingüística do galego con decisións firmes entre as que debe estar que haxa oferta en galego na etapa de 0 a 3 anos e un mínimo do 50 % no resto dos tramos educativos incluíndo ciclos formativos. Todo isto sen poñer límites a maiores porcentaxes de ensino na nosa lingua e cun plan específico para impartir aulas co galego como lingua vehicular no ensino universitario.

EN MAREA**Carmen González Novoa**

Presidenta EM

carmelagonzaleznoova@gmail.com



1. Logo dunha década de aplicación do Decreto para o Plurilingüismo na educación, cal é o balance xeral que fan desde a súa organización política a respecto da situación da nosa lingua?

O Decreto acadou o seu obxectivo, que era diminuír o contacto da mocidade co galego, reducindo a presenza nas aulas dunha lingua minorizada que precisaba do ensino para compensar a perda de destrezas lingüísticas das que a mocidade urbana singularmente carecía no seu contorno social, e o que foi máis relevante, introduciu prexuízos e confusión arredor dos valores de liberdade, facendo pensar que á escola se ía a escoller lingua, cando en realidade a escola prepara para poder libremente na vida escoller (non se pode elixir falar a lingua que non se domina).

2. De cara ao futuro, que accións ou medidas lles parecen acaídas para que a escola poida desenvolver o seu potencial como axente de normalización lingüística?

Derrogación inmediata deste Decreto; levantamento da prohibición do ensino en materias como matemáticas, que instaurou o prexuízo de que o galego non vale para a ciencia; creación dun contexto normativo que permita que o galego teña unha presenza suficiente para compensar a falta de competencia lingüística e os prexuízos sobre a súa utilidade entre a xente moza.

3. Calquera outra consideración en relación coas liñas de acción de política lingüística que desde a súa formación política queiran sinalar.

A Xunta debe prestar atención á socialización en redes, contidos telemáticos e lecer da xente moza, e crear contornos galegófonos que estimulen de xeito espontáneo e afectivo o seu uso.



PsdeG-PSOE

Luis Manuel Álvarez Martínez

Vicevoceiro do PSdeG no Parlamento Galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



1. Logo dunha década de aplicación do Decreto para o Plurilingüismo na educación, cal é o balance xeral que fan desde a súa organización política a respecto da situación da nosa lingua?

Todos os estudos existentes, tanto do Consello da Cultura Galega como da Real Academia Galega, advirten da crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguantes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos. Tamén se establece unha clara correlación entre a publicación do Decreto 79/2010 e a existencia dese retroceso con respecto aos avances que se fixeran nas décadas anteriores.

Polo tanto non é unha cuestión de percepción nin de balances, é unha realidade contrastada por institucións moi solventes.

2. De cara ao futuro, que accións ou medidas lles parecen acaídas para que a escola poida desenvolver o seu potencial como axente de normalización lingüística?

Entendemos, e así o defendemos no Parlamento de Galicia, que son necesarias dúas con carácter inmediato:

- Derrogar o Decreto 79/2010, coñecido como Decreto para o Plurilingüismo, e elaborar outro no que participen todas as forzas políticas e a sociedade civil, incluíndo as institucións e entidades vencelladas á lingua galega (Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega e Instituto da Lingua Galega), para acadar o necesario consenso en materia lingüística.

- Elaborar, no prazo máis breve posible, un informe sobre o grao de cumprimento do Plan xeral de normalización lingüística, detallando por sectores a situación real da lingua galega no seu uso como lingua oficial, co fin de adoptar as medidas necesarias para reaccionar fronte á situación de involución e deterioro que está a vivir.

3. Calquera outra consideración en relación coas liñas de acción de política lingüística que desde a súa formación política queiran sinalar.

Recuperar o consenso en materia lingüística existente antes de que os gobernos do Sr. Núñez Feijóo empregase a lingua como elemento de confrontación política.



Dez anos do Decreto do Plurilingüismo: posicións sindicais

Desde o anuncio da derrogación do Decreto 124/2007 do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, as organizacións representativas da comunidade educativa expresaron a súa preocupación e rexeitamento diante dos borradores da norma substitutiva. Nese marco, as organizacións sindicais tiveron un papel fundamental achegando argumentos de diverso alcance, propostas alternativas e promovendo a mobilización cidadá. Coa finalidade de recoller as súas achegas de xeito concreto, desde a coordinación do monográfico

convidámoslos a centrárense nas seguintes cuestións:

1. Logo dunha década de aplicación do Decreto do Plurilingüismo, cal é o balanço xeral que fan desde esa organización sindical?
2. En particular, e respecto dos dereitos e condicións de traballo do profesorado, a aplicación desta norma trouxo cambios relevantes?
3. De cara ao futuro, que accións ou medidas vos parecerían acaídas para que a escola puidese desenvolver o seu potencial como axente de normalización lingüística?

Solicitóuselle a súa participación ao conxunto de organizacións sindicais: ANPE, CSIF, CIG-Ensiño, CCOO, FETE-UGT e STEG.

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 27-28

CIG-Ensino

Suso Bermello

Secretario Nacional da CIG-Ensino

xbermello@cig-ensino.gal



1. O balance destes dez anos non pode ser máis negativo: menos ensino en galego nas aulas, menor competencia lingüística e menor uso polo alumnado e profesorado ou prohibición de impartir as materias científico-técnicas no noso idioma e exclusión do galego da Educación Infantil. En definitiva, dez anos de belixerancia e retroceso no uso do noso idioma que nos levaron a que se decretase que non sexa a lingua de acceso (só é de uso preferente para un 5% do alumnado das cidades) nin de saída (unha cuarta parte do alumnado que remata a ESO declárase incapaz de falar galego), provocando que esteamos en plena emerxencia lingüística.

2. A proscripción do uso do noso idioma en determinadas áreas e a súa limitación en todas as etapas implicou restricións dos nosos dereitos, tanto do profesorado que seguiu, por convicción, empregando o uso do galego, como desas persoas que deixaron de facelo pola presión da Consellaría ou daquelas que deran o paso adiante coa entrada en vigor do decreto anterior e a quen, sen dúbida, afectou carecer de respaldo público na galeguización das materias que impartían.

3. O obxectivo esencial e imprescindible é converter o galego na lingua vehicular e de aprendizaxe de todo o sistema educativo, empregándoo en todas as materias, galeguizando os currículos e garantindo unha presenza moi maioritaria da nosa lingua, tamén e especialmente nos ámbitos onde está máis ausente. Coa previa e obrigada derogación do decreto actual, debe vir un novo impulso normalizador na escola que garanta que o galego xogue un papel central dentro e fóra da educación formal.

CCOO

Luz López Pérez

Secretaria Xeral da Federación Ensino de CCOO Galicia

luzlopez@galicia.ccoo.es



O Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia supuxo un cambio radical da política lingüística, rachando cos consensos construídos en torno ao Plan de Normalización Lingüística aprobado no 2004 por unanimidade das forzas parlamentarias. Foi rexeitado pola comunidade educativa. O tempo deunos a razón e esta norma afianzou o que no seu momento denunciámos todos; lonxe de normalizar o uso da nosa lingua, supuxo un retroceso na situación que tiñamos e a día de hoxe é un feito constatable que o galego segue a perder falantes.

A introdución dunha terceira lingua vehicular en pé de igualdade coas linguas oficiais constituíu un elemento distorsionador do debate lingüístico e non acadou os obxectivos que se dicían perseguir: a mesma competencia nas tres linguas. Pouco se avanzou na competencia da lingua estranxeira e retrocedeu no uso do galego.

A lingua galega é patrimonio de todo o pobo. Non deba ser usada electoralmente nin pretender ser monopolizada por ningunhas siglas políticas. Partindo da actual situación é imprescindible construír un novo consenso que podería partir da Lei de Normalización e o Plan de Normalización Lingüístico do ano 2004.

CCOO-ensino entende necesario normalizar e promover o uso do galego. Deben implantarse políticas de discriminación positiva co obxectivo de que o alumnado acade o mesmo nivel de competencia nas dúas linguas oficiais ao remate da escolaridade obrigatoria.

A incorporación á escola debe facerse na lingua materna de acordo co estudo sociolingüístico do entorno do centro e ir avanzando no uso da outra lingua oficial. Independentemente das materias que se impartan en cada lingua, o galego debe ser a lingua vehicular no centro.

Son imprescindibles campañas de sensibilización a nivel social e dotación de material atractivo en galego para todas as materias.



A educación plurilingüe en Galicia: balance e propostas

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 29-31

Pídeseme para este número extraordinario da *Revista Galega de Educación* unha reflexión sobre o que deron de si os 10 anos de vixencia do *Decreto 79/2010 para o Plurilingüismo* e tamén algo propositivo sobre o traballo escolar coas linguas en Galicia.

Sobre o primeiro, partirei dalgunhas consideracións que facía cando se deron a coñecer as "Bases para o decreto sobre plurilingüismo no ensino non universitario" (30/12/2009), coa intención de someter a análise retrospectiva o que daquela eran expectativas. Para o segundo, tentarei identificar as dimensións que considero nucleares nunha educación lingüística asentada no respecto e na valoración da diversidade.

DEZ ANOS SEN NORTE (OU CUN NORTE BEN DEFINIDO?)

Baixo o interrogante "Unha proposta para o consenso?" (*Tempos Novos* 152), e cunha disposición que definía como "non aséptica, pero construtiva", facía algúns apuntamentos e sinalaba os aspectos que me parecían merecedores dunha reflexión especial. Fago unha relectura rápida destas dúas cuestións co propósito de valorar resultados.

As tomas de postura previas, todas elas formuladas con moitas cautelas nunha conxuntura de importante tensión social na cuestión lingüística, orientábase a saudar a aparición dun

Bieito Silva Valdivia

Profesor da USC (Universidade de Santiago de Compostela)

b.silva.valdivia@gmail.com

documento coa postura oficial do partido gobernante, que se presentase formalmente como un documento para ser discutido coas outras forzas políticas e con outras institucións e colectivos, que se establecese o compromiso de avaliar os resultados e, finalmente, a considerar relevante que se incorporase o concepto de plurilingüismo, aínda que coa sospeita de que non se sustentase na ética de aprecio á diversidade e na diferenciación do papel que se lles debe dar ás linguas de identificación e ás estritamente instrumentais.

- A incorporación do plurilingüismo como aposta escolar tivo un indiscutible éxito se se mide pola demanda dos centros educativos, pero reforzou as fendas entre o ensino público e o privado, engadiu un factor máis de marxinação da lingua galega, puido ser un atranco engadido para as aprendizaxes impartidas en lingua estranxeira e descoñecemos a súa suposta achega á mellora da competencia en LE.

No que toca aos aspectos máis problemáticos do modelo sinalaba os seguintes: o prota-

ámbito escolar, que está condenada por adiantado ao fracaso ao non cubrir as demandas educativas e de socialización da infancia e da mocidade. Non é unha cuestión da que sexa responsable o Decreto que estamos a analizar, pero da que si é debedor.

b) A planificación lingüística limitouse a un reparto formal do currículo guiado por un obsesivo criterio de equilibrio, de acordo coas prescricións normativas, ou a unha práctica guiada por decisións persoais. Faltou formación sociolingüística e psicopedagóxica que orientase a planificación nos centros, pero foi unha carencia coherente cunha norma legal que practicamente non deixaba marxe para iso.

c) Non houbo reflexión de ningún tipo sobre o uso das linguas na Educación Infantil, máis aló do debate viciado sobre o papel das familias nesa escolla. As experiencias de inmersión ben contrastadas en distintos contextos de linguas minoradas - tamén en Galicia nos anos previos ao Decreto - quedaron legalmente excluídas, o que reforzou a perda da transmisión interxeracional da lingua galega e a súa capacidade como vehículo primario de socialización.

d) Finalmente, no que toca á relación escolar coas linguas estranxeiras, é inevitable sinalar varias eivas, aínda que sexa de maneira telegráfica: unha visión reducionista que identificou LE co inglés, unha promoción acrítica de demandas sociais existentes pero pouco razoadas, un uso simplista do slogan "canto antes mellor", a ausencia dun proxecto lingüístico que definise o papel de cada lingua nunha educación plurilingüe inclusiva, ou a absoluta falta de reflexión sobre a influencia que ten a incorporación temperá dun código superdominante na apropiación e uso da lingua ambiental minorada.



A valoración destas expectativas dez anos despois é necesariamente negativa:

- O debate prometido non existiu: no nivel político funcionou como mero trámite, as achegas institucionais (RAG, CCG, universidades...) foron ignoradas e as referencias a documentos de consenso previos, como o "Plan de normalización da lingua galega" de 2004, mantivéronse formalmente, pero sen ningunha derivación práctica.
- O compromiso de avaliación para valorar os resultados do modelo recolleuse no Decreto, pero non se consumou en ningunha investigación representativa que dea conta da competencia do alumnado nas distintas linguas.

gonismo da escola na cuestión lingüística, a relación entre os obxectivos declarados e o itinerario marcado, o debate sobre quen debe decidir na planificación lingüística, o papel de cada lingua na Educación Infantil, e o como e o cando das linguas estranxeiras como vehículos de aprendizaxes non lingüísticas.

De novo, desde a perspectiva de hoxe entendo que ningunha destas cuestións se resolveu satisfactoriamente na norma legal nin está funcionando axeitadamente na práctica escolar.

a) Seguimos operando con implícitos entre ignorantes e interesados sobre o papel que lle corresponde á escola na educación e na normalización lingüística. O resultado foi unha visión restritiva da política lingüística, practicamente circunscrita ao

VENTOS ADVERSOS. FUTURO POSIBLE

Se a situación non era fácil hai dez anos, é evidente que hoxe non é mellor: a globalización foi-se asentando na súa concepción máis excluín-te do diferencial, e en Galicia avanzouse no papel expansivo das linguas dominantes (o castelán, agora co engadido do inglés) á custa do idioma galego, que foi perdendo cada vez máis espazos de uso e mino-rando o seu rol histórico de lingua vincular e de identidade.

Con todo, cómpre afirmar que hai futuro. Haino porque o global non existe sen o local, a conciencia colectiva foise construíndo sempre a partir do singular e a afirmación do propio - sen chauvinismos - pode ser a mellor garantía de respecto e valoración do diferente. A maiores de argumentos menos socio-lóxicos como o potencial facilitador das ferramentas TIC ou o valor de mercado asociado á diversidade.

E neste compromiso de futuro a escola segue tendo un papel fundamental que, para min, se debe vertebrar arredor de tres cuestións: unha definición rigo-rosa do que debemos entender en Galicia por plurilingüismo, unha formulación clara e socialmente asumida dos obxectivos lingüísticos colectivos, e o uso dos instrumentos máis adecuados para acadalos.

En relación co concepto de pluri-lingüismo hai que asentar algunhas premisas moi básicas, pero que contradín mitos moi asentados: ser plurilingüe non é saber inglés (os anglófonos son os menos plurilingües do planeta), a construción do plurilingüis-mo está condicionado polo status e o poder das linguas, nun proxecto plurilingüe hai que diferenciar os roles colectivos das distintas linguas (todas serán, en distinto nivel, instrumentais, pero só algunhas son vinculares ou identitarias), competencia plurilingüe non significa compe-tencia idéntica en todas as lin-guas (non é viable, pero tam-pouco desexable), ou que a

competencia plurilingüe implica competencia interlingüe e inter-cultural (o que significa explotar os aspectos comúns ou de intersección entre as distintas lin-guas e redefinir o que entende-mos por 'falante nativo' e a idea de 'corrección').

No que se refire aos obxecti-vos que deben guiar o traballo coas linguas no ensino obliga-torio, considero que están ben definidos na lexislación lingüís-tica xeral e nos currículos edu-cativos. O mandato de compe-tencia semellante e suficiente nas dúas linguas oficiais, reiterado en todas as normas lingüís-ticas, parece incuestionable, e a referencia á competencia en LE insírese en acordos europeos e débese asumir como compro-miso ineludible cunha cidadanía que se ten que mover nun mundo global. Outra cousa é a lectura que se fai deses obxecti-vos, case sempre limitada a 'sa-ber cousas sobre as linguas' ou, no mellor dos casos, a 'saber fa-zer cousas nesas linguas', pero case nunca preocupada do 'sa-ber ser, estar ou comportarse en relación coas linguas', cues-tión fundamental e condicionante primario nun proxecto pluri-lingüe asentado na defensa da diversidade e da afirmación vin-cular co propio.

Finalmente, no que toca aos medios de que dispón a esco-la para encarar eses obxectivos, hai que diferenciar o ámbito da planificación lingüística e o da didáctica das linguas.

O primeiro refírese ao papel que se lle asigna a cada lingua na vida escolar, sinaladamente no seu uso como vehículo do currí-culum. Xa se indicou que o actual Decreto establece manda-tos incompatibles cun proxecto plurilingüe asentado no valor da diversidade e na afirmación da lingua galega como idioma de identidade colectiva: outor-garlle o mesmo protagonismo a cada lingua non fai máis ca ase-gurar a desigualdade social en que se atopan, a falta de mar-xe para a toma de decisións nos centros non permite atender a

contextos diferenciados, etc. É un conflito que só se resolve cun cambio no marco legal.

E en relación co traballo nas ma-terias lingüísticas, hai que afir-mar dous principios hoxe ben asentados na investigación pe-dagóxica: 1) o enfoque comu-nicativo (as linguas aprénden-se utilizándoas), porque unha lingua para un cidadán normal é un instrumento de comunica-ción e, en consecuencia, o sis-tema educativo debe asegu-rar que se poida valer dela con esa finalidade; e 2) a colabora-ción interlingüística, porque todas as linguas comparten sabe-res e o que se aprende ou sabe nunha pódese aproveitar para as outras. Trátase de aprovei-tar sinerxías e non de establecer barreiras, porque unha práctica de cooperación ben planificada será útil para todas as linguas, e, na dimensión actitudinal, espe-cialmente para a lingua menos valorada. E hai que dicir que estas orientacións na didáctica das linguas si teñen soporte nos cu-rrículos escolares.

Quero rematar esta colabora-ción remitíndome a outra autoci-ta dese momento previo á apro-bación do Decreto 79/2010, neste caso en *EDUGA-Revis-ta Galega do Ensino* 53. Dicía nese momento, e ratifico agora, que unha educación plurilingüe en Galicia ten que desenvolver saberes procedementais, pero tamén actitudinais; que as com-petencias idiomáticas non en-tran en conflito entre si, senón que se poden e deben sumar; que a capacitación plurilingüe esixe renovación e coordina-ción nas áreas lingüísticas, pero tamén unha planificación lin-güística rigorosa no ámbito do centro, e, finalmente, que a si-tuación social de cada idioma é singular, e que isto se debe ter en conta no seu tratamento escolar. Unha visión, polo tanto, global da cuestión lingüística, que significa liberala da dimen-sión disciplinar e convertela nun compromiso colectivo. ■



O Tratamento Integrado de Linguas como instrumento para a normalización da lingua galega

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 32-35

Sofia Rama Lorenzo

IES Félix Muriel

sofiaramalorenzo@gmail.com

O contacto entre linguas é o fenómeno máis habitual nas sociedades do século XXI. Ese contacto pode servir para aproximarnos ou para afastarnos. O reto da escola é lograr que o fenómeno do contacto entre linguas sexa un instrumento para a aproximación, a comprensión, o respecto e a aceptación do outro, do diferente, en consecuencia, do mundo. Dado que hai que aprender a preservar a diversidade, porque non se protexe o que non se coñece, importa educar para a interacción con aquel/a que utiliza outra(s) lingua(s).

Educación na intercomprensión, na e para a diversidade lingüística é o camiño escollido pola UNESCO desde 2006 e supón, ao mesmo tempo, educar para a cidadanía, educar no diálogo, para a paz, a democracia e a xustiza social. Habitamos un mundo absorbido pola globalización no que o dominio do inglés instalouse como un dogma que non pode ser cuestionado nin criticado. Este proceso de homoxeneización lingüística é contrario á diversidade e inimigo da democracia. De aí o papel fundamental da escola para o desenvolvemento da competencia plurilingüe, para formar galegos e galegas políglotas,

usuarios/as de diversas linguas, a través dunha metodoloxía baseada no tratamento integrado de linguas, desenvolvendo un plurilingüismo inclusivo, en cuxo corazón reside a normalización da lingua galega.

Nos anos 80, Cummins presentou a súa *hipótese da interdependencia*, na que afirma que, "se a instrución nunha lingua minoritaria é efectiva á hora de promover a competencia en dita lingua, a transferencia desta competencia á lingua maioritaria darase sempre que haxa unha exposición adecuada a esa lingua e haxa unha motivación adecuada para aprendela". Tamén defendeu a súa *teoría do dobre iceberg* ou a existencia dunha competencia comunicativa subxacente común, segundo a cal, "vemos a superficie do iceberg (o acento, por exemplo), pero debaixo hai unha capacidade lingüística que podemos usar noutras linguas".

En 2001, o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), documento compartido polos países da Unión Europea (UE), procuraba acabar coa "múltiple competencia monolingüe" instalada nos centros educativos, para lograr no alumnado o desenvolvemento da competencia plurilingüe. Ese documento, asinado por España, foi trasladado ás leis educativas en 2007 a través da Lei Orgánica de Educación (LOE), que introduciu as competencias básicas e falaba da competencia subxacente común (así chamada por Cummins na súa *teoría do dobre iceberg*) como fundamento do tratamento integrado das linguas.

En 2015, os decretos curriculares emanados da Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), como o Decreto 86/2015 que establece o currículo de educación secundaria en Galicia, recollen nos prólogos dos currículos das materias lingüísticas a necesidade dun Tra-

tamento Integrado de Linguas e dirixense a todas as materias lingüísticas, non só ás dúas linguas oficiais (a propia da comunidade e a ambiental^[1]), senón tamén ás linguas estranxeiras e ás linguas clásicas:

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que cómpre desmontar e superar.

QUE É O TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS (TIL)?

O Tratamento Integrado de Linguas (TIL) consiste na elaboración dunha programación didáctica consensuada para as linguas vehiculares dun centro. Esta programación debe partir de presupostos accesibles ao alumnado e dunha metodoloxía común. O seu principal obxectivo é facilitar as transferencias lingüísticas entre idiomas e, en definitiva, mellorar a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe.

Con esta definición iníciase a presentación do curso de formación que o CAFI organizou no curso académico 2018-19 para a *Aproximación ao tratamento integrado de linguas*. A lectura dese parágrafo léva-

[1] Utilízanse os termos "propia" ou "primeira lingua" para o galego e "ambiental" ou "segunda lingua" para o español, en lugar do ambiguo "lingua materna" ou do inadecuado polo seu nesgo ideolóxico "linguas cooficiais". Entendendo por lingua ambiental a que está instalada en todos os ámbitos da sociedade, especialmente os vinculados ao mundo urbano e moderno, e, polo tanto pode ser adquirida fóra da escola, na contorna do alumno/a a través da súa socialización.

nos a pensar que o TIL é unha programación didáctica, mellor dito, unha *superprogramación* elaborada por un *superdepartamento*, pois nela estarían integradas as programacións de cada un dos departamentos lingüísticos e nel estarían integrados todos os membros deses departamentos. Pero o TIL non é unha programación didáctica, antes que nada é **tratamento**, é dicir, unha metodoloxía para a didáctica das linguas curriculares, que procura o desenvolvemento da competencia plurilingüe do alumnado. En palabras de Teresa Ruiz:

O Tratamento Integrado de Linguas é unha corrente na didáctica das linguas que intenta que todas as linguas curriculares compartan os mesmos principios metodolóxicos e o mesmo enfoque didáctico.

O TIL aparece no sistema educativo coa LOXSE para desenvolver o ensino bilingüe nos territorios con lingua propia e outra lingua ambiental, polo tanto, con dúas linguas oficiais. E vén avalado por investigacións sobre a aprendizaxe de linguas e sobre transferencias de aprendizaxes entre linguas. Tradicionalmente, e non tan tradicionalmente, o bilingüismo foi considerado un problema; non hai máis que botarlle unha ollada á lei educativa promovida polo ministro francés de educación o curso pasado, Jean-Michel Blanquer, quen pon en cuestión o bilingüismo das escolas Bressola (inmersión lingüística en Francia), ignorando que os resultados desas escolas nas avaliacións de Primaria e nos exames estatais finais son superiores á media do alumnado francés e demostran que a inmersión en catalán non só non desfavorece a aprendizaxe do francés, senón que a beneficia. Este modelo de inmersión lingüística fora o escollido por Miquel Siguan para Cataluña, seguindo o exitoso

modelo de Quebec, que levará á práctica a *hipótese da interdependencia* de Cummins.

Esta hipótese, segundo Vincent Pascual, só se realizaría con éxito nesta dirección: se a inmersión se produce na lingua minorizada, pois o resultado é un *bilingüismo aditivo*, é dicir, alumnado bilingüe sen prexuízos lingüísticos; pero non sucedería en sentido contrario: se a inmersión se produce na lingua hexemónica, pois o resultado é un *bilingüismo substractivo*, é dicir, alumnado diglósico con prexuízos cara á súa propia lingua e con risco de perda de identidade. En consecuencia, de aplicarmos a hipótese de Cummins á nosa realidade, deberíamos alfabetizar o alumnado en galego e desenvolver a competencia comunicativa, primeiro, en galego. Como afirmaba Anxo Lorenzo en 2007, "nos programas bilingües galego-castelán, unha instrución temperá en galego, que desenvolva as habilidades de lectura e escritura en galego (tanto para o alumnado que a ten como L1 como para quen a ten coma L2),

non fomentará soamente o desenvolvemento das habilidades en galego, senón que se estarán tamén desenvolvendo competencias conceptuais e lingüísticas máis profundas, que estarán directamente vencelladas ao desenvolvemento da alfabetización no castelán".

En resumo, o TIL é unha metodoloxía para o ensino, aprendizaxe e avaliación das linguas que ten o seu fundamento na competencia subxacente común, proposta por Cummins, como xa vimos, na súa teoría do *dobre iceberg*. É dicir, na práctica significaría que, se aprendemos a facer esquemas en galego, non precisamos aprender de novo a facelos en español ou en francés ou en inglés; se aprendemos o proceso da fotosíntese en galego non precisamos volver a aprendelo, pois os conceptos xa están asimilados; o que aprenderemos será a terminoloxía nas distintas linguas.

A metodoloxía TIL debe estar ao servizo do desenvolvemento do Proxecto Lingüístico de Centro (PLC), que consiste na plani-

ficación de todos os aspectos relacionados co ensino, aprendizaxe e uso das linguas en cada centro, polo que debe recoller:

- Reflexión da comunidade educativa arredor das linguas curriculares e da contorna.
- Grao de desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado en cada unha das linguas curriculares, para detectar fortalezas e debilidades e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Acordos sobre as linguas como: obxectos de aprendizaxe / vehículos de aprendizaxe.
- Obxectivos do centro para cada unha das linguas: para fomentar o plurilingüismo inclusivo, para erradicar os prexuízos lingüísticos e para normalizar a lingua galega.

En definitiva, o Proxecto Lingüístico de Centro é o documento, mentres que o TIL é a metodoloxía para desenvolver ese proxecto.



Exposición do Proxecto TIL Castelao e a paz 2020

ACABANDO...

Bieito Silva, no seu artigo “Plurilingüismo a partir do galego”, bota man de Antón Reixa para presentar o *galego políglota*, que o artista definía como “un individuo que está alfabetizado en galego, é competente en castelán por razóns obvias, sabe falar e ler en inglés porque así o aprendeu no sistema público de ensino obrigatorio, coñece o parentesco de irmandade lingüística entre o galego e o portugués (...) navega con vantaxe por Internet polos seus coñecementos de inglés-castelán-portugués (...); un individuo, en definitiva, de mundo”.

Pois ben, a metodoloxía TIL busca formar galegos e galegas políglotas, é dicir, persoas competentes en galego como vehículo de comunicación oral ou escrita, para a construción de coñecementos, para o desenvolvemento persoal e a cohesión social; persoas que tamén desenvolven a súa competencia lingüística en castelán nos seus rexistros escolares para a construción dos coñecementos e para a comunicación; persoas que ademais coñecen unha ou dúas linguas estranxeiras para a investigación, a elaboración de coñecementos e a comunicación; finalmente, persoas que son quen de comprender escritos en linguas da mesma familia lingüística, que saben das linguas do estado, que están abertas a todas as culturas e que aprenden de todas. Tamén nese artigo, afirmaba Bieito Silva:

O galego, como lingua propia do territorio e como variedade recesiva, debe ser a lingua primeira e principal do currículo. En caso contrario, non poderá conservar a súa condición de código identitario nin funcionar como idioma socialmente útil.

A competencia subxacente común e a hipótese de interdependencia de Cummins supo-



Blog do Proxecto TIL Rianxo 2016

ñen na práctica a inmersión na lingua minorizada, imprescindible para conservar o galego como “código identitario” e “idioma socialmente útil”. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas recolle as ensinanzas do autor dublinés e senta as bases para a lexislación educativa europea posterior. Este é o camiño que nos leva ao TIL. ■

- CUMMINS, J. (1979) Linguistic interdependence and the educational development of bilingual children (Infancia y Aprendizaje, trads.) *Journal for the Study of Education and Development*, ISSN-e 1578-4126, Nº 21, 37-61 (1983). <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=668603>
- LORENZO, A.; FERNÁNDEZ PAZ, A. e RAMALLO, F. (2007) *A planificación lingüística nos centros educativos*. Xunta de Galicia, 48-68. http://alorenzo.webs.uvigo.es/Docs/Planificacion%20linguistica_2007.pdf
- PASCUAL, V. (2008, 2 de decembro) *A elaboración do Proxecto Lingüístico de Centro* (sesión de conferencia e presentación de diapositivas). III Seminario de Dinamización Lingüística no ensino, Universidade de Vigo. <https://slideplayer.es/slide/16134/>
- RUIZ, T., APRAIZ JAIO, M.V., PÉREZ GÓMEZ, M. (2012) La enseñanza integrada de las lenguas en la escuela plurilingüe, *Revista Iberoamericana de Educación*, 59(2012). <https://rieoei.org/RIE/article/view/459>
- RUIZ, T. (2012) *El Tratamiento Integrado de las Lenguas* (presentación de diapositivas), Enfoques comunicativos. <https://sites.google.com/site/enfoquescomunicativos/home/el-tratamiento-integrado-de-lenguas>
- SANMARTÍN REI, G. (editora) (2012) *Lingua e ecoloxía*, VIII Xornadas sobre Lingua e usos. Servizo de Normalización Lingüística. Universidade de A Coruña. http://kit.consellodacultura.gal/web/uploads/adxuntos/arquivo/5444f24adacd1-lingua_e_ecoloxia.pdf
- SILVA, B. (2008) Plurilingüismo a partir do galego. O papel da escola, *Revista Eduga* nº 53, 21-25. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2658103>
- VALDERRAMA, M. (2016) *O TIL e os proxectos de comunicación*, LComunica. <https://lcomunica.wordpress.com/2014/03/05/planificacion-linguistica-en-centro/> (consultada 17 de agosto de 2020) Prezzi <https://prezi.com/csukmckf5et/proxecto-de-comunicacion/>
- Hizkuntzen Trataria Bateratua (desde 2006). *El tratamiento integrado de lenguas en la CAPV*, Berritzeguneak Nagusia, Consellería de Educación do País Vasco. <https://tratamiento-integrado.wordpress.com/>



Edición educativa e normalización

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 36-38

Manuel Bragado Rodríguez

Director de Edicións Xerais de Galicia dende 1994 a 2018. Actualmente mestre orientador (CEIP de Laredo e CEIP Cedeira)

bretemas@gmail.com

Non se podería entender o proceso de normalización da lingua galega no sistema educativo non universitario durante o proceso autonómico sen a achega realizada polos docentes que elaboraron materiais didácticos orixinais e polas editoras educativas que os publicaron e distribuíron. Como tampouco se pode escribir a historia da edición en lingua galega no mesmo período sen dedicar un capítulo ás publicacións didácticas en lingua galega destinadas tanto á ensinanza do galego como á súa utilización como lingua vehicular en diversas áreas e materias.

Unha relación entre edición educativa e galeguización do ensino que segundo os traballos de Antón Costa Rico ten as súas raíces nos textos de Sarmiento que demandara entre 1766 e 1769 a existencia de libros impresos en lingua galega para a educación da infancia e da mocidade, citando entre eles unha gramática, un dicionario etimolóxico e outro onomástico, un silabario, un curso de historia natural e unha descrición xeográfica de Galicia.

Dous séculos e medio despois de que Sarmiento forxase aquel proxecto de edición educativa en galego por ventura foi am-

plamente superado, xa que na actualidade contamos con todos estes recursos impresos, formando parte dun catálogo histórico educativo de máis de catro mil títulos. Unha oferta editorial educativa en galego que dende hai catro décadas ven supoñendo anualmente case unha cuarta parte dos títulos (no último lustro arredor de 500 referencias), case a metade da facturación do sector editorial galego (en 2016 arredor de 10 millóns de euros). Mais se lle engadimos a edición lexicográfica e a infantil e xuvenil, que utilizan tamén os centros escolares como a súa canle principal de distribución comercial, que supoñen arredor do 35 % do volume da edición e o 28 % de facturación, podemos comprender a importancia que para a edición en galego supón a cuestión educativa: o 60 % da súa produción e case o 80 % das súas vendas.

Porén foi este un proxecto que se desenvolveu moi devagariño, acompañando o proceso de galeguización escolar, promovido nos anos do tardofranquismo e do período preautonómico (1969 - 1980) polo voluntarismo dos grupos galeguistas de renovación pedagóxica, mais que a partir da aprobación do Estatuto de Autonomía e da Lei 3/1983 de normalización lingüística e o seu desenvolvemento posterior foi asumido como tarefa preferente por un novo sector editorial daquela en proceso de profesionalización e profunda modernización dos seus catálogos, dos seus procedementos de edición e comercialización, como da formalización da relación cos creadores dos contidos didácticos e dos aparellos gráficos.

Un sector editorial en galego que nas tres últimas décadas desenvolveu a súa oferta aproveitando tanto as diversas ondas de renovación curricular obrigadas polas diversas refor-

mas (LOXSE 1990, LOCE 2002, LOE 2006, LOMCE 2013) como o desenvolvemento normativo dun modelo de normalización lingüística que até 2009, con ires e vires, foi incrementando formalmente o uso do galego como lingua vehicular en todas as etapas educativas non universitarias, mais que nunca evitou a precariedade do seu uso nin asumiu un modelo que puidese ser considerado de inmersión lingüística.

Desenvolvemento de catálogo iniciado co Decreto 135/1983, que obrigaba a aprendizaxe do galego como materia, semellante ao modelo de lingua estranxeira, que consolidou a oferta de materiais didácticos de lingua galega e abriu unha pequena oferta para materiais vehiculares dos niveis Preescolar e Ciclo Inicial de EXB. Houbo que agardar ao curso 1987-88 para que aparecese o primeiro decreto que establecía o uso do galego como lingua vehicular nunha parte do currículo, o que levou ás editoras a preparar a súa primeira oferta en galego para a área de Ciencias Sociais dos ciclos medio e superior de EXB.

Tras diversas iniciativas de sectores galeguistas, entre as que destacou a proposta de Nova Escola Galega (*Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego*, 1988), e as mudanzas na estrutura do sistema educativo que supuxo a LOXSE, aprobouse o Decreto 247/1995, un fito decisivo para a edición educativa en galego, xa que supuxo unha considerable ampliación da oferta vehicular galega en dúas áreas da Primaria e da Secundaria, así como de materiais globalizados na educación infantil e primeiro ciclo de Primaria. Tras a aprobación por unanimidade do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004), da Lei 17/2006 do libro e da lectura e da Galicia e o Decreto 124/2007

que o desenvolvía para o uso e a promoción do galego no sistema educativo, o sector editorial ampliou a súa oferta de materiais até case a totalidade das áreas e materias dos niveis non universitarios.

Unha actividade editorial, baseada na publicación de libros de textos e en menor medida de recursos didácticos complementarios, que contribuíu ademais á fixación da norma ortográfica da RAG e ILG, adaptando os seus materiais didácticos ás súas recomendacións e as súas modificacións (a mais recente de xullo de 2003). Consolidación dun amplo catálogo educativo en galego ao que tampouco foron alleas as axudas directas que para a edición proporcionou anualmente a Secretaría Xeral de Política Lingüística dende a aprobación do Decreto 247/1995, que no ano 2008 acadaron o millón de euros, mais que dende a aprobación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria foron reducidas polos gobernos de Feijoo en máis do oitenta por cento da súa contía, até os 170.000 euros, na súa convocatoria de 2019.

Desenvolvemento do Decreto 79/2010 que supuxo para o sector editorial galego un importante retroceso da súa facturación como de redución da súa oferta, mais aínda cando coincidiu coa crise económica (2008-2015), co alongamento até seis anos do uso dos libros de texto nos niveis obrigatorios, así como co inicio do proceso de hibridación dos materiais curriculares, para os que non acadou acordo coa administración educativa galega. Decreto Feijoo que resultou moi agresivo co emprego do galego como lingua vehicular en Infantil, precisamente cando no Decreto 124/2007 por vez primeira se concretaba o seu uso nesta etapa, recoñecendo a posibilidade de establecer grupos de galego, fomentándose a

adquisición da escritura e lectura en galego, e introducía ademais medidas de planificación garantindo nos niveis obrigatorios que como mínimo alumnado recibiría o cincuenta por cento da docencia en galego. Decreto de espírito galegófono que resultou moi contestado polo profesorado galeguista, que non conseguiu impedir que milleiros de exemplares de libros de texto en galego de Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química fosen destinados a pasta de papel, xa que foi impedida a súa utilización nas aulas.

Transcorrida unha década da aprobación do decreto 79/2010, á falta dunha avaliación anual dos resultados á que obrigaba a disposición adicional quinta do propio decreto, abonda con pisar os centros para saber que provocou un retroceso grave (e agardamos que non sexa irreversible) xa que non foi capaz de garantir a adquisición da dobre competencia do alumnado en ambas as dúas linguas oficiais ao remate das etapas obligatoria e postobligatoria e, o que me parece máis significativo, incrementou os prexuízos e

diminuíu o uso do galego nas aulas como nas propias salas de profesorado. Xaora, sabemos que durante esta mesma década o galego fóra da escola infantil (estimamos apenas nun 5% as aulas que o utilizan de forma vehicular) floreceu nos concertos de música para crianzas, unha fermosa iniciativa do sector editorial e musical galego, un fenómeno galeguizador mitigador e esperanzador, como hai dúas décadas foi o Club Xabarín nas pantallas da TVG. Como floreceu nas escolas Semente e por ventura cada semana en milleiros de usuarias da rede de bibliotecas escolares.

Como esperanzadora foi a aprobación neste período da Lei 1/2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía, nacida da iniciativa lexislativa popular Paz Andrade promovida principalmente por sectores reintegracionistas e asinada por 17.000 persoas, que compromete ao Goberno Galego a promover o ensino do portugués en todos os niveis educativos non universitarios. Unha norma que abre a porta ao modelo dun plurilingüismo

restitutivo (galego, castelán, portugués, inglés) alternativo ao monolingüismo castelán imperfecto (co inglés e galego como materias antipáticas do currículo).

Neste contexto, a recente *Proposta de bases para a normalización do ensino* en Galiza, presentada por diferentes plataformas educativas galeguistas, incluída Nova Escola Galega, o pasado mes de agosto coincidindo co prazo indicado polo Consello de Europa para que a Xunta de Galicia informe das medidas que tomará para garantir no ensino o cumprimento da Carta Europea das Linguas, constitúe unha excelente oportunidade para emular o proceso que hai trinta anos forxou un amplo consenso arredor do estatuto do galego no ensino. Recuperar o prestixio e centralidade do galego como lingua vehicular e de aprendizaxe, así como lograr a plena competencia en catro idiomas, aínda podería ser posible.

Por último, é unha obviedade que o sector editorial educativo en lingua galega debe afrontar a renovación e diversificación da súa oferta, tanto polo seu carácter hibridado (compartindo soportes impresos, dixitais e virtuais) como vinculándose de forma máis decidida cos modelos de innovación e de educación lenta e cooperativa. Superar o paradigma de libro de texto como unha única secuencia curricular anual impresa dunha materia ou área, obriga a reinventarse a un sector editorial que procurou na centralización da súa oferta a receita para compensar a perda dunha terza parte da súa facturación nunha década. Apostar por ofrecer máis servizos e acceso ca produtos podería ser unha saída para un sector auxiliar da rede educativa, que durante catro décadas resultou imprescindible, tamén, para o ensino, uso e fomento do galego. ■



Polo centenario de Carvalho Calero no ano 2010, o Concello de Ferrol deseñou e organizou unha exposición cuxos contidos son novamente amosados ao público no presente ano 2020, con motivo do Día das Letras dedicado á figura e obra de Ricardo Carvalho Calero.

CONTIDOS DA EXPOSICIÓN

Biografía

1910-1926

Nacemento, infancia e mocidade

1926-1932

Universitario en Santiago de Compostela

1932-1936

Ferrol e a República

1936-1941

Guerra Civil e cárcere

1941-1950

Volta a Ferrol

1950-1965

Vida e traballo en Lugo

1965-1980

Profesor na Universidade de Santiago

1980-1990

'Esperar contra toda esperanza'

1990

'Benvido á inmortalidade'

Dedicatorias a Carvalho Calero

Obra póstuma, estudos e homenaxes

2010

Centenario dende o Concello de Ferrol

IMAXE DE CEN ANOS



FERROL

Letras Galegas

EXPOSICIÓN

Carvalho Calero
Carvalho Calero, de Ferrol para o mundo



IMAXE DE CEN ANOS



<https://youtu.be/PuNQRwYjnoc>

FERROL

Letras Galegas



Para sabermos algo máis...

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 40-44

M^a Dolores Candedo Gunturiz

Profesora de Pedagogía Social (Facultade de Ciencias da Educación da UDC) e coordinadora do monográfico

marilo.candedo@gmail.com

A selección dos materiais que se ofrecen nesta sección (libros, capítulos de libros, artigos de revistas, informes, documentos de traballo etc.) non pretende ser exhaustiva, nin podería selo. A preocupación pola normalización lingüística e o papel da institución escolar neste empeño son obxecto dunha intensa atención no período previo á publicación do propio Decreto 79/2010 e ao longo desta década. A relación de publicacións reflicte ópticas diversas, tanto no que se refire ás distintas perspectivas de análise (sociolingüística, pedagóxica, xurídica...) canto ás autorías, tentando acoller as iniciativas institucionais, asociativas e de autoras e autores que, de ma-

neira recoñecida, veñen traballando neste ámbito.

- Álvarez, R. (Coord.) (2017). *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. Consello da Cultura Galega.

<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4293>

- Callón, C (2010). *En castellano no hay problema*. Xerais.

- Candedo Gunturiz, M. Normalización versus plurilingüismo? Reflexións sobre o lugar do galego no ensino. En Sanmartín Rei, G (coord.). *Lingua e futuro*. Laiovento. 237-272.

- Costa, A. (2017). Con motivo do Día Internacional da Lingua Materna e logo das senten-

- zas do TSXG. *Revista Galega de Educación*, 56, 70-72.
- Costas González, X.H. (2009). *55 mentiras sobre a lingua galega*. Laiovento.
- http://www.prolingua.gal/uploads/media_items/55-mentiras-ibd.original.pdf
- Fernández, A., Lorenzo Suárez, A. M. e Ramallo, F. (2008). *A planificación lingüística nos centros educativos*. Xunta de Galicia.
- Formoso Gosende, V. (2013). *Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico*. Xerais.
- Formoso Gosende, V. (2013). A normalización usurpada. En Candedo, M (coord.) *A educación: dereito ou mercadoría?* Laiovento, 135-148.
- Iglesias Álvarez, Ana. (2017). Programas de inmersión, mantemento e submersión das linguas en Galicia. *Revista Galega de Educación*, 69, 50-57.
- Monteagudo, H. (Ed.) (2012). *Linguas, sociedade e política. Un debate multidisciplinar*. Consello da Cultura Galega.
- Nuñez Singala, M. (2015). *En galego, por que non?*. (6ª ed.). Galaxia.
- Nuñez Singala, M. (2017). *Sacar a lingua é de mala educación. Oportunidades do multilingüismo na infancia e na idade adulta*. Galaxia.
- Observatorio da Cultura galega (2011). *O idioma galego na sociedade. A evolución sociolingüística 1992-2008*. Consello da Cultura Galega.
- Observatorio da Cultura Galega (2012). *A(s) linguas a debate. Inquérito sobre opinións actitudes e expectativas da sociedade galega*. Consello da Cultura Galega.
- Nogueira López, A. (2010). O modelo regresivo e ilegal do Decreto 79/2010, de 20 de maio. *Revista Galega de Educación*, 48, 72-75.
- Nogueira López, A. (2015). A Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias. O paradoxo dunha norma invulnerable con reiterada vulneración de compromisos. *Nós no mundo: Informe anual sobre a acción exterior de Galicia*, 6.
- Pérez Capelo, C. (2015). Despois da lectura dos datos do IGE sobre o uso do galego no 2013. *Revista Galega de Educación*, 61, 58-61.
- Real Academia Galega (Ed.) (2007). *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume I. Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. RAG.
- Real Academia Galega (Ed.) (2009). *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume II. Usos lingüísticos en Galicia*. RAG.
- Real Academia Galega (Ed.) (2011). *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume III. Actitudes lingüísticas en Galicia*. RAG.
- Rey-Doval, G. (2007). *A lingua galega na cidade no século XX: Unha aproximación sociolingüística*. Xerais.
- Rodríguez Sánchez, F. (2015). *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*. (4ª ed.). Laiovento.
- Sanmartín Rei, G. (2009). *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación*. Xerais.
- Silva Valdivia, B. (2007). A lingua galega no sistema educativo. En Consello Escolar de Galicia, *Evolución e estado actual do sistema educativo en Galicia*. Xunta de Galicia.
- <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/CEG/Evolucion.pdf>
- Silva Valdivia, B. (2008). *Situación do ensino da lingua e da literatura galega na Educación Secundaria Obrigatoria*. Consello da Cultura Galega.
- http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2008_Situacion-do-ensino-da-lingua-e-da-literatura-galega-na-ESO.pdf
- Silva Valdivia, B., Rodríguez Rodríguez, X. e Vaquero Quintela, I (coords.) (2010). *Educación e Linguas en Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela.
- <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/2247>
- Silva Valdivia, B., Rodríguez Rodríguez, X. e Vaquero Quintela, I (coords.) (2011). *A planificación para a normalización lingüística nos centros de ensino non universitarios*. Universidade de Santiago de Compostela.
- <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/3598>
- Villares, L. (Coord.) (2010). *Estudos xurídicos sobre o Decreto para o Plurilingüismo*. Laiovento.

CONSELLO DE EUROPA. CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORITARIAS

A Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, ratificada polo estado español no ano 2002, constitúe unha referencia obrigada en calquera norma e acción política que regule estes aspectos. Os informes emitidos polo Consello de Europa sobre o seu grao de cumprimento permiten coñecer e comparar algunhas realidades e modelos lingüísticos. Poden consultarse a estes efectos os cinco informes emitidos.

- Informe sobre a aplicación en España de la Carta Europea de Lenguas Regionales y Minoritarias 2002.

<https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=09000016806d817d>

- 2º Informe Periódico de la aplicación en España de la Carta Europea de Lenguas Regionales y Minoritarias 2006.

<https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=09000016806d8198>

- 3º Informe sobre el cumplimiento en España de la Carta



Ilustración de Luís Davila para o calendario da Universidade de Vigo do ano 2017

Europea de las Lenguas Regionales y Minoritarias 2006-2009.

<https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=09000016806d819b>

- 4º Informe sobre el cumplimiento en España de la Carta Europea de las Lenguas Regionales y Minoritarias 2010-2013.

<https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=09000016806d81a4>

- 5º Informe de la Comisión de Expertos respecto de España. 2019.

https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectID=090000168096fa01#_Toc6923326

SOBRE O DECRETO PARA O PLURILINGÜISMO: ANTECEDENTES E POSTERIOR DESENVOLVEMENTO

Recóllense algúns pronunciamentos –propostas, informes, ditames etc.- que reflicten boa parte da iniciativa institucional e cívica relacionada co debate público arredor do Decreto 79/2010, e a súa posterior aplicación e desenvolvemento. Non é posible recuperar na rede algúns documentos de iniciativas institucionais –nomeadamente algúns pronunciamentos do ámbito universitario– e mesmo de

entidades sociais comprometidas coa defensa do galego.

INFORMES E DOCUMENTOS INSTITUCIONAIS

• Consello da Cultura Galega (CCG):

- CCG (2009). *Proposta institucional sobre a lingua galega ao Parlamento de Galicia*.

https://ctnl.gal/upload/not/480-d-declaracion_institucional_ccg_lingua_galega.pdf

- CCG (2010). *Ditame do Consello da Cultura Galega sobre as "Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo"*.

http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/2010_02_CCG_DITAME%20BASES%20DECRETO.pdf

• Instituto da Lingua Galega (ILG):

- ILG (2009). *Carta do ILG ao Presidente da Xunta*.

https://ctnl.gal/upload/not/404-d-carta_ilg_xunta_xunho_09.pdf

• Real Academia Galega (RAG):

- RAG (2010). *Análise académica das Bases para o decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*.

<http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/238>

- RAG (2016). *Comunicado en relación co informe do Consello de Europa sobre a Carta das Linguas Rexionais e Minoritarias*. Web da RAG/Actualidade/Novas 22/1/2016.

- RAG (2019). *Declaración da RAG verbo dos acordos do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre a Carta de Linguas Rexionais e Minoritarias*. Web da RAG/Actualidade/Novas 16/12/2019.

DOCUMENTOS, INFORMES E NOVAS DE ENTIDADES ASOCIATIVAS

• A Mesa Pola Normalización Lingüística (MNL):

- MNL (2014). *Informe Avaliación do cumprimento do PXNL ao se faceren 10 anos da súa aprobación*.

<https://www.amesa.gal/wp-content/uploads/informe-avaliacion-pxnl-pdf.pdf>

- MNL (2014). *Relatorio sobre a aplicación en Galiza da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias*.

<https://www.amesa.gal/informes/relatorio-sobre-aplicacion-en-galiza-da-carta-europea-das-linguas-rexionais-ou-minoritarias>

- MNL (2018). *Relatorio sobre a aplicación en Galiza da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (2014-2016)*.

<https://www.amesa.gal/wp-content/uploads/mesarelatoriocartauropeagal2-pdf.pdf>

- MNL (2017). *Informe sobre a lingua galega na educación infantil de Galiza de 3 a 6 anos. Curso 2016/2017.*

<https://www.amesa.gal/informes/informe-sobre-lingua-galega-na-educacion-infantil-de-galiza-de-3-6-anos-curso-20162017>

• **Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL):**

Os materiais da CGENDL están accesibles neste enderezo, aloxados na web do CCG:

http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/web/coordinadoraendl/limiar.php

- CGENDL (2009). *Carta aberta a Anxo Lorenzo (SXPL).*

http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/web/coordinadoraendl/doc/Carta%20aberta%20a%20Anxo%20Lorenzo.pdf

- CGENDL (2010). *Supresión das liñas de galego na educación infantil.*

http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/web/coordinadoraendl/doc/nota%20de%20prensa%20supresi%C3%B3n%20li%C3%B1as%20de%20galego%20en%20infantil.pdf

- CGENDL (2010). *O Decreto do Plurilingüismo discrimina a lingua galega no ensino.*

http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/web/coordinadoraendl/doc/Nota%20de%20Prensa%20da%20CGENDL%20sobre%20o%20Decreto%20do%20Pluriling%C3%BCismo.pdf

- CGENDL. *As linguas suman.*

http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/web/coordinadoraendl/doc/campa_linguassuman.pdf

- CGENDL (2010). *Comezo do curso 2010/2011 co novo Decreto.*

http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/web/coordinadoraendl/doc/nota%20de%20prensa%20CGENDL%20novo%20curso%202010-2011.pdf

- CGENDL. *Reflexións para nais e pais sobre a lingua galega na educación infantil.*

http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/web/coordinadoraendl/doc/Reflexi%C3%B3ns%20para%20nais%20e%20pais%20sobre%20a%20lingua%20galega%20no%20ensino%20infantil.pdf

- CGENDL. *Reflexións e materiais sobre o Plurilingüismo.*

http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/web/coordinadoraendl/plurilinguismo/index.html

- CGENDL, *Docentes por un plurilingüismo inclusivo.*

http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/web/coordinadoraendl/plurilinguismo/doc/pluriling%C3%BCismo.pdf

• **Nova Escola Galega (NEG):**

- NEG (1988). *Un modelo de normalización lingüística no Sistema educativo Galego.*

http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/1988_Modelo_Normalizacion_1988.pdf

- NEG (1989). *Modelo de normalización lingüística para o ensino.*

http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/1989_06_Modelo_Normalizacion_1989.pdf

- RGE, nº 25, *A normalización lingüística na encrucillada.* (1996).

<http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/RGE/25%20REG.pdf>

- NEG (1999). *Modelo de NL para o sistema educativo galego.*

http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/1999_03_Modelo_Normalizacion_1999.pdf

- NEG Opina (2007). *Normalización Lingüística no ensino.*

http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/2007_04_NEG_Opina.pdf. Sobre o proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a promoción do galego no ensino, no marco da lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- NEG Opina (2009). *A necesidade de educar en galego.*

http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/2009_04_NEG_Opina.pdf

- NEG (2009). *NEG e a lingua:1983-2008. 25 anos na defensa do idioma.*

<http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/NEG%20E%20A%20LINGUA.pdf>

- NEG Opina (2010). *As "Bases" para o Plurilingüismo.*

http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/2010_01_NEG_Opina.pdf

- NEG (2011). *Apuntamentos de Nova Escola Galega ao IIIº Informe sobre o cumprimento en Galicia da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias 2011.* (CELRM).

http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/NEG_INFORMECELRM.pdf

- NEG Opina (2012). *Lingua e ensino: regreso ao pasado?*

http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/2012_12_NEG_Opina.pdf

- NEG Opina (2014). *Recortes, Lomce e lingua.*

http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/2014_10_NEG_Opina.pdf

- RGE, nº 65, *A lingua na educación infantil.* (2016).

http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/RGE65_COMPLETA_baixa.pdf

- NEG Opina (2019). *Igualdade, Lingua e Tempos Escolares*.

http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/2019_12_NEG_Opina.pdf

O vivo debate social arredor da lingua na escola e do seu futuro trouxo consigo un fevredoiro de iniciativas e de situacións que foron obxecto dun intenso tratamento dos medios, como pode comprobarse tirando da hemeroteca. Navegando polo web da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) -<https://ctnl.gal/web/portada.php>- na actualidade a respecto da lingua, poden atoparse aínda informacións que son testemuña dese tempo. Destacamos os seguintes fitos pola súa relevancia para entender as condicións nas que se sacou adiante o Decreto para o Plurilingüismo.

• 10-06-2009. O ámbito do ensino únese en defensa do galego na escola e contra a enquisa da Consellería de Educación.

https://ctnl.gal/web/noticia.php?id=398&desc=o_ambito_do_ensino_unese_en_defensa_do_galego_na_escola_e_contra_a_enquisa_da_conselleria_de_educacion&show=1&comentario=true

• 16-06-2009. Os departamentos de galego das tres universidades do país denuncian publicamente a política lingüística de graves retrocesos do goberno da Xunta.

https://ctnl.gal/web/noticia.php?id=399&desc=os_departamentos_de_galego_das_tres_universidades_do_pais_denuncian_publicamente_a_politica_linguistica_de_graves_retrocesos_do_goberno_da_xunta&show=1&comentario=true

• 13-05-2010. O Consello Consultivo de Galicia di que o Decreto do Plurilingüismo é ilegal.

https://ctnl.gal/web/noticia.php?id=635&desc=o_consello_consultivo_de_galicia_di_que_o_decreto_do_plurilinguismo_e_ilegal&show=1&comentario=true

• 07-04-2010. O Consello Escolar de Galicia rexeita a totalidade do proxecto de decreto do plurilingüismo.

https://ctnl.gal/web/noticia.php?id=583&desc=o_consello_escolar_de_galicia_rexeita_a_totalidade_do_proxecto_de_decreto_do_plurilinguismo&show=1&comentario=true

Para rematar esta escolma recolleemos do Cartafol dixital da USC unha pequena crónica de decembro do 2012 sobre as sete sentenzas que derrogaron algúns artigos fundamentais do Decreto para o Plurilingüismo.

http://ocartafol.usc.gal/cartafol/contidos/novas/novas_0128.html ■

PUBLICIDADE




Webinarios: Educación Plurilingüe, achegas para o debate



3 e 10 de decembro

<http://www.consellodacultura.gal>

Pon en acción os teus coñecementos



ANAYA




Sorpréndete

Aprende

Aplica

PEZA 4
PEZA

O proxecto no
que todo encaixa





Entrevista a Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 46-53

Entrevista realizada por

María Dolores Candedo Gunturiz

Coordinadora do monográfico

marilo.candedo@gmail.com

Entrevista realizada o 29 de xullo de 2020

A *Revista Galega de Educación* decidiu dedicar o último número deste ano 2020 á análise da aplicación do *Decreto do Plurilingüismo*, cumpridos dez anos desde a publicación dunha norma que mudou “os marcos”, tanto desde a perspectiva legal coma no enfoque do proceso de normalización lingüística no ensino. Preténdese facer un balance do que supuxo para a lingua e a cultura de noso no ámbito do sistema educativo, e coñecer propostas de futuro para a normalización do idioma.

Cal sería o seu balance destes dez anos de aplicación do DdP?

Creo que é un decreto que - sen obviar os seus duros inicios - a día hoxe está funcionando con total normalidade, asumido totalmente polos centros, polos docentes e pola propia comunidade educativa. Foi modificado polas sentenzas do TSXG; a partir de aí xa non houbo ningún problema salientable. Cremos que está facendo a súa función e que o sistema educativo está cumprindo a parte que lle corresponde con respecto á lingua, fornecendo de coñecementos e actitudes positivas o alumnado galego.

En que referentes se asenta un enfoque do plurilingüismo que desatende as recomendacións da sociolingüística e da pedagogía, que indican que o plurilingüismo (inclusivo) debe pivotar sobre a lingua minorizada nun contexto como o galego?

Eu creo que a inclusión do plurilingüismo dentro do sistema educativo é algo que en Galicia, igual que no conxunto do estado español, era unha necesidade latente desde hai moitísimo tempo. Un decreto é sempre discutible, pero o plurilingüismo tiña que chegar e aí residiu boa parte do seu asentamento, socialmente ninguén pode ir en contra do plurilingüismo.

Dito isto, non é o mesmo falar do éuscaro no País Vasco ou do catalán en Cataluña que do galego en Galicia e tampouco Galicia é uniforme no coñecemento da lingua. É distinto historicamente falar galego na Coruña, en Ferrol ou en Vigo, ou onde nacín eu; as realidades son distintas e seguramente a aplicación do decreto dentro do sistema educativo tamén ten que ser distinta. Creo que aí vén outra parte, que é a función que os profesionais da educación teñen neste Decreto, para buscar ao final de cada curso ou de cada ciclo o equilibrio entre as dúas linguas. É un decreto que deixa moito campo de traballo para as e os docentes, que son quen teñen que saber en que medio están e darlle moita importancia á lingua do medio social no que se desenvolve a acción educativa e ao propio grupo. É o docente o que ten que buscar ese equilibrio.

Creo que está funcionando, resístome a crer que haxa neste momento ningún neno que saia do sistema educativo obrigatorio sen saber falar galego. Outra cousa é que o fagan con máis ou menos destreza, vai depender do propio contorno, das propias calidades. Igual que tampouco saen co mesmo nivel de matemáticas ou de inglés, tampouco o fan co mesmo nivel de galego. Pero si cuns niveis mínimos en canto ás competencias de lecto-escritura, de oralidade, de entendemento... aí as porcentaxes que manexamos son das máis elevadas das comunidades con linguas cooficiais do estado español.

A LNL (1983) e o PXNLG (2004) falan claramente de normalización lingüística e entenden que o sistema educativo é un importante axente normalizador. O DdP renuncia a empregar a palabra “normalización” e ao horizonte efectivo que este con-

cepto representa. Cales foron as razóns?

A ver, aí o tema de retirar “normalización lingüística” tivo bastante de bulo urbano. Nós seguimos falando sobre todo en contextos técnicos e en contextos académicos seguimos aplicando o PXNLG, e falamos de normalización sen problema ningún.

Perdón, refírome ao texto do decreto, non figura nin unha soa vez.

Non houbo unha idea tan preconcebida de eliminar o termo normalización, senón de substituílo por outro moito máis amable, como o de dinamización lingüística. O decreto nace nun contexto determinado no que o termo normalización produce certo rexeitamento. Fóra dos ámbitos lingüísticos, académicos ou da docencia, nos que si se aplica, produce certo rexeitamento; porque, claro, a ninguén lle gusta ser “anormal” ou que o “normalicen”. Coincide cun momento en que a sociedade empeza a analizar moito as etiquetas con que as accións gubernativas se levan a cabo, hai unha sensibilidade especial para as designacións. Coa normalización da lingua pasoulle moito isto, á parte doutros compoñentes que houbese naquel momento puntual, no que se produce en diversas correntes sociais un rexeitamento ao decreto anterior, por cuestións que nada tiñan que ver coa lingua senón cun contexto socio-político. Seguimos empregando o termo de normalización no Parlamento, no Consello da Cultura, nas Academias, no ámbito técnico, e no ámbito xa máis social falamos de dinamización, de promoción... falamos de termos máis amables como tamén se fai en moitos outros ámbitos.

O DdP contemplaba algúns mecanismos de avaliación institucional que se reflicten nas disposicións adicionais 2ª (Com-

petencias) e 5ª (Resultados) e no art. 14.5 (proxectos lingüísticos). Unha década despois carecemos de datos institucionais, ignoramos se oDdP está sendo un instrumento útil para garantir un uso progresivo do galego no ensino, tal e como lle encomenda a LNL á institución educativa. Como é posible que se renuncie a coñecer a realidade para poder operar nela?

Non renunciamos a coñecer os datos. Primeiro, a aplicación do decreto contrólase desde o programa Xade, nós sabemos para cada aula e grupo en que lingua se está impartindo cada materia, en tempo real. Contrólase desde a Consellería e, cando hai algunha anomalía ou irregularidade, por medio da inspección educativa actúase igual que en calquera outra área de coñecemento. E despois a propia avaliación concibímola como que o ensino das linguas é progresivo, e polo tanto é o propio sistema educativo quen está avaliando as competencias dos alumnos. E nós é aí onde exercemos ese control; é dicir, se as probas que se fan nos centros educativos (as que fan os mestres e profesores e mais as probas de diagnóstico) nos están indicando que as competencias dos alumnos son boas, ou son as que entran dentro dos parámetros que nós cadramos, que máis temos que analizar? Eu comparezo polo menos unha vez ao ano no Parlamento para dar conta destes resultados, para facer un informe no que se dá conta a todas as forzas políticas da progresión na aplicación do decreto, que é bastante regular, bastante uniforme. Tampouco hai grandes novidades que contar, é un decreto que responde á realidade, á actualidade da situación do galego no noso sistema educativo.

Distintos estudos constatan o devalo lingüístico e cuestionan o papel da escola como axente normalizador. Análises a par-

tir dos datos do IGE e doutros estudos sectoriais supoñen un chamado de atención. Hai datos que informan de que un de cada catro rapaces non sabe falar galego. É recorrente a demanda institucional e mesmo da Comisión Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias dunha mudanza na política lingüística. Non se senten apelados polos datos e as críticas?

Primeiro, ese dato tan controvertido que nos fala dos menores de 14 anos, é un dato que o establece o IGE, pero sociolingüísticamente non ten ningunha razón de facerse esa pregunta; é máis, en Cataluña esa pregunta non se fai, porque é unha das poucas preguntas que non responde o propio interesado, non é unha competencia autopercibida. Un menor non pode responder unha enquisa do IGE, respóndea alguén da casa, o pai, a nai, quen nese momento estea na casa. Segundo, a percepción de manexarse en varios códigos distintos é, como moi pronto, a partir dos seis anos. Antes non teñen claro que lingua manexan en cada momento, no caso de facelo en varias. Sobre todo falando de nenos de contornos castelanfalantes, de familia castelanfalante, cando se lles pregunta se o neno fala en galego contestan que non, porque non o oen falar nunca en galego. Onde vai falar galego o neno, por pouco que fale? Na escola. Pero non lle están facendo a pregunta ao neno nin á escola. A porcentaxe aumenta moitísimo, chega a un 68,14%, cando pasamos ao seguinte tramo de idade - de 15, 16, 17 anos en diante - son os rapaces que tiñan 5 ou 6 cando se empezou a aplicar o decreto. Porque din que teñen máis competencia en galego que cando son pequenos? Porque xa responden eles, empezan a dicir que si, ou fáloo un pouco, fáloo ás veces...

Pero segue habendo devalo! E tamén nese tramo de idade.

Segue habendo devalo cando nos referimos aos monolingües. Se sumas os que falan en galego e os que falan máis galego que castelán temos unha cifra importantísima, xa sen sumarlle os que falan máis castelán que galego de 5 a 14 anos son o 55,87% e de 15 a 29 o 68,14%. Iso en Cataluña súmano, contan como catalán falantes os que falan máis en castelán que en catalán. Xa á marxe do decreto, cara ás sociedades ás que imos con varias linguas, isto hai que poñelo enriba da mesa. Unha persoa que fale ao longo do día máis castelán que galego, non é un galego falante? Deus nos librase que no País Vasco só computasen como euscaldúns os que falan só éuscaro, que case non hai, e máis éuscaro que castelán! Quedarían sen falantes!

Que é un galegofalante exactamente? Temos que facer unha re-definición disto. Para min unha persoa que fale máis castelán que galego ao longo do día, pero ten competencia suficiente, boa percepción e boa aptitude cara á lingua galega, pero por distintas razóns relacionadas co contorno, con circunstancias do traballo, da súa parella, do seu núcleo de amigos... é un galegofalante, fai uso da lingua. Se contamos así temos un 98% da poboación en Galicia.

Inflúe moitísimo o contorno. Non é o mesmo ir a un colexio do centro da Coruña, que a un CEIP da Capela, pero os coles do rural perderon moita matrícula e os centros das cidades e do extra radio multiplicárona. Aí hai un fluxo de poboación sobre o que os poderes públicos debemos reaccionar, equilibrar e actuar. Pero quero dicir que nin é cuestión do decreto, nin de políticas públicas. Hai un cambio sociolóxico. O caso de Agra do Muíño en Ames é periurbano, non é rural, é poboación ur-

vana. Non é como o da Capela, alí ves que os nenos falan un galego maravilhoso. O cal non nos exige de responsabilidade. Son os problemas dos que vimos, a tradición que herdamos. Fálase pouco galego nas cidades e digo eu, e cando se falou moito? Pondal -lembras?- xa dicía “miniñas da Cruña falade galego”, hai 200 anos.

En todo caso, se comparamos os datos de uso do galego das dúas últimas edicións da enquisa de coñecemento e uso do galego do IGE vemos que de 2014 a 2018 se frea a caída de falantes habituais e mesmo poderíamos falar dun leve repunte. E iso afecta tamén aos grupos de idade máis novos, tanto de 5 a 14 anos, como de 15 a 29. Pero isto ocúltase porque non casa co discurso catastrofista ao que estamos afeitos e que, se cadra, dá réditos políticos. Sempre se compararan os datos dunha edición da enquisa do IGE coa inmediatamente anterior, pero agora moitos parece que esqueceron que temos información do 2014, precisamente para que non se vexa a tendencia positiva dos últimos tempos. Entendo que o obxectivo deste esquecemento é, sendo benintencionados, chamar á defensa do galego, pero pode

ser que incidindo só no negativo o que consigamos sexa matar a esperanza e animar a xente a abandonar unha lingua que xa dá por morta. Sería unha mágoa, porque o galego está ben vivo e hai moitos outros datos positivos na enquisa do IGE que o demostran: medra en máis de dous puntos e medio o número de familias que lles fala galego aos fillos; en case catro puntos a lectura en galego; medra o uso no traballo, tanto cos superiores coma cos clientes... Eu creo que lle fai ben ao galego cando incidimos tamén nestes datos.

Tanto o PXNL (2004) como o Informe do Consello Escolar de Galicia (2007) insistían na necesidade de contemplar desde a educación infantil un tratamento específico do galego, procurando que o proceso de lecto-escritura fose introducido nesta lingua. O DdP operou noutras claves. Por que se renuncia a facer efectivas aquelas indicacións?

A ver, porque se aposta polo equilibrio ao 50% entre as dúas linguas. O coñecemento en igualdade das dúas linguas. O PXNL abría outras liñas ou actuacións especiais pero a aposta foi outra, non ten máis explicación, é unha decisión política, eviden-

temente. Tampouco creo que a outra vía solucionase o problema da lingua. Estou convencido de que o sistema educativo estáo facendo ben, coñecemento e actitude. Logo o resto é a sociedade, é a vida que se desenvolve. Ninguén de adulto falou a lingua que lle mandaron falar na escola. Nin sequera fala a lingua que mellor lle ensinaron na escola. A lingua na que te estabilizas de adulto quen cha dá é a sociedade, o teu contorno, non é o cole. Non é o mesmo se estudas nun centro de Ourense, onde todo o mundo fala castelán, pero logo te vas de veterinario para Mazaricos, vas ser galegofalante, en maior ou menor medida. Falarás un galego mellor ou peor, pero vas falar o galego, non che queda outra. E ó contrario, estudas na Capela, pero faste técnico en Telecomunicacións e vés traballar para unha empresa tecnolóxica de Santiago, igual falas máis castelán en Santiago nesa empresa que se estiveses na Capela. Non é igual que veñas a Santiago traballar de profe, ou na Xunta ou nun centro sanitario.

Na súa aplicación o DdP non posibilitou ningunha transición que permitise considerar, por exemplo, as liñas de galego nas cidades ou respectar proxec-



tos singulares das comunidades educativas. Os datos procedentes dalgúns estudos sectoriais e as críticas da Comisión Europea para as Linguas Rexionais aconsellan recuperar aquelas iniciativas. Daquela non se tenderon pontes, sería posible agora atender estes requirimentos?

Posible é todo. De feito nun futuro teranse que adoptar medidas evidentemente proactivas, non sei se nese sentido, porque depende das liñas que Educación estipule. O que se fixo nese momento foi volver a aquel postulado da LNL no que se dicía que en ningún caso se podía separar os nenos por razón de utilización de lingua; porque en Galicia desde un primeiro momento apostouse por iso,

poboación que fala galego – só galego e máis galego que castelán - a estas alturas é un luxo que non se pode permitir case ningunha outra lingua das características da nosa. Que a todos nos gustaría que fose o 60%, ou que fose o 70 %? Evidentemente. Pero a maior parte desta poboación de Galicia aínda fala galego e máis galego que castelán, nos tempos que corren; e entón, o sistema educativo non o fixo nada mal, porque se non reverteríamos esta situación. Vemos que no último estudo do IGE aumentamos ese 1%. Evidentemente para un sector da poboación queda moi raquítico, como todas as estatísticas e todas as políticas que apliques do mundo.

ciais que se van cambiando moi lentamente.

O tema de poñer en galego materias de humanidades como Ciencias sociais ou Xeografía e historia para o galego foi unha discriminación positiva; unha forma de protexer aquelas materias que tiñan máis léxico, desenvolvemento textual máis amplo, máis manexo de oralidade, de lingua escrita, reservas para o galego para fortalecer, ter esa medida proactiva cara ao galego. E as materias como matemáticas ou física, en que se manexan máis números, máis cifras, deixalas para o castelán. Xa sei que logo isto ten outra lectura, pero pódeme crer que o que estivo na orixe desa medida non foi acreditar, nin desacredi-

“O tema de poñer en galego materias de humanidades como Ciencias sociais ou Xeografía e historia, para o galego foi unha discriminación positiva”

por non crear sociedades distintas, grupos distintos por razóns de lingua. Hoxe a sociedade é outra, a realidade galega é outra e polo tanto tamén a política lingüística tamén se podería facer doutro xeito.

Pero o propio PXNLG si que acubillaba ese tipo de medidas.

Si, establecía que por algunha razón especial... e digamos que se amarrou un pouco a ese postulado. De todas formas chegouse á decisión de que non houbera aulas distintas, nin grupos distintos por razón de lingua e que todos tivesen a mesma formación. Creo que non foi unha decisión errada, en Galicia non deu un mal resultado, con todos os matices, con todas as cousas que se puideron facer mellor, porque non hai un sistema perfecto, nunca todo sae ben. Pero á volta do tempo, dos 10 anos do DdP - e atreveríame a dicir incluso, e dos case 40 da LNL - o resultado non é tan malo; é dicir, ter o 51% da

Segue habendo quen sostén que o galego non é un idioma apto para o ámbito científico-tecnolóxico. O DdP prohibe a docencia en galego desas materias, contravindo as indicacións do PXNLG. Que argumento (científico, sociolingüístico, pedagóxico ou doutra clase) avala esa prohibición?

Doume conta de que isto é unha das medidas máis discutibles do Decreto. Dito isto, gustárame deixar claro que se en algo se avanzou en todo o proceso de normalización lingüística foi na diminución dos prexuízos que se tiñan do galego hai trinta anos, nada que ver cos que se teñen hoxe, incluso nos ambientes urbanos. Eu creo que isto non o discute tampouco ninguén. A percepción que a sociedade ten do galego, incluso xente que non fala galego, cambiou moito. Entón o que temos que ter é un pouco de paciencia e saber que son dinámicas so-

tar. É un decreto, tes que cortar por algún sitio, tes que poñer límites nalgún sitio. É unha medida, que eu non sei, pero ao mellor se a comunidade educativa estivese de acordo, ao mellor sobre iso si habería que falar, habería que discutir sobre iso.

De todas maneiras, tampouco se pode dicir que se prohiba a docencia en galego de materias do ámbito científico. Ciencias naturais en primaria ou Bioloxía e Xeoloxía en secundaria son materias científicas e hai que dallas en galego. Por non falar doutras materias científicas que non veñen determinadas no decreto e pode decidir cada centro en que lingua se imparten..

A entrada do inglés como lingua vehicular fixo que en moitos centros urbanos da concertada fose “Coñecemento do medio” a materia que cambia do galego para o inglés. Nalgúns centros algunhas sesións eran impartidas en castelán, para evitar unha mingua na

aprendizaxe do coñecemento científico da materia.

A ver, pero aí estasme falando dunha anomalía, de cousas que non che digo que non pasen; pero se pasan, hai que tomar medidas.

Nas academias de inglés ven-se na obriga de reforzar o vocabulario de "Science". "Coñecemento do medio", referido ao medio de Galicia, e cos materiais en inglés? Son decisións carentes de baseamento pedagóxico e sociolingüístico, non?

Si, está claro, pero iso haino que ir vendo no día a día. Non hai sistemas perfectos. Estou convencido que o ensino de linguas – xa non só no caso do galego que é a nosa lingua propia e minoritaria que temos que reforzar – pero o ensino de linguas ten que ter unha revisión constante e permanente, entre outras cousas porque se van incorporando novas linguas. Aí está o caso do portugués. Quen podía soñar hai anos que houbera 3600 rapaces estudando portugués como segunda lingua estranxeira en Galicia? Hoxe parece moi evidente, incluso pode parecer unha cifra moi baixa - que o é, e temos que ter máis -, pero quen ía pensar que ía penetrar con esta forza o portugués, sobre todo nas cidades? Onde máis alumnos hai é na Coruña. Todo isto está cambiando moi rapidamente e vai cambiar moito máis. Pero o das materias científicas e as de humanidades foi unha medida de protección para o galego; e ben, como dixen, hai algunhas materias que non sei ata que punto podemos dicir que non son científicas: Xeografía, Xeoloxía...

Referíame a Matemáticas e Tecnoloxía, que se citaban no PXNLG.

Claro, pero entón cal é a outra opción, deixar que se regule desde os centros? Que no seu proxecto de centro determinen as materias? Pódese fa-

cer así? Digoche a verdade, ao mellor é o que che pide o corpo moitas veces, pero van pasar máis casos destes que ti apuntas coas humanidades. Porque canto menos regules xa sabes ti o que pasa. Pois un fai dunha maneira, outro fai da outra... O que pasa logo, a vida dos centros de portas a dentro sábenos eles.

Na comunidade educativa hai preocupación por saber se o plurilingüismo está beneficiando o conxunto do alumnado; como lles afecta ao desenvolvemento de competencias e á adquisición de coñecementos nas materias non lingüísticas, e como se están adquirindo as competencias nas materias lingüísticas. Algunhas comunidades autónomas están revisando os seus programas bilingües. Hai algunha previsión nesta liña?

Esta é unha polémica que chega a todas as comunidades, e chega mesmo para ámbitos que non son o da lingua, pasa tamén coas tecnoloxías. É un debate que está aberto e que debemos ir revisando, ao mellor con máis intensidade do que vimos facendo ata agora. É algo do que se está falando: todo o novo que chegue, que non chegue igual ou ao mesmo tempo pode ser un factor de discriminación, de diferenciación. Pero aí as achegas que fagamos desde as comunidades educativas no seu conxunto ou desde as administracións públicas ten que ser fundamental para que ninguén se nos quede atrás. Tampouco nos podemos pechar.

O que as familias gastamos en clases de inglés non está escrito. Preocupa ver que é un investimento inxente e preocupa ver que non hai suficientes avances.

Si, ademais como pai vexo que pasa isto na miña casa e teño que estar totalmente de acordo. Iso é, e a min non me deixa de chamar a atención toda esa historia das clases particulares,

que tivo moito que ver tamén coa xornada única. Os rapaces e rapazas chegan á casa mesmo logo de doce horas lectivas. Estamos diante dun cambio social, e non só en Galicia, dun cambio de paradigma, e temos que estar atentos. Iso saír de correndo dunha actividade para outra non é normal: clases de inglés, de francés ou de alemán, e logo Conservatorio ou de informática. Hai que revisalo, darlle unha volta a esta tolema, pensar que estamos facendo.

En canto ao desenvolvemento da Lei Paz Andrade, podemos pensar que nesta nova lexislatura poderá xeneralizarse a oferta do portugués como segunda lingua estranxeira optativa nos centros de secundaria?

Si, eu creo que si. Aí non é só a oferta positiva que nós fagamos, ten que haber unha demanda, que vai medrando, e ten que ir mellorando ao ritmo diso. Hai demanda en zonas onde non esperamos que a houbese, como che dicía antes. Tense comparado coa situación estremeña, e en Galicia a percepción que ten a poboación, polo menos polo de agora, é que nós xa sabemos portugués ou polo menos sabemos así... para falarmos. Para que vou esforzarme en estudar portugués, que xa o domino ou polo menos xa son capaz de ter unha intercomprensión cos portugueses? - que si a hai en certa medida -. Pois entón dedícome a estudar alemán, francés ou outra lingua estranxeira. Temos unha vantaxe de partida moito máis grande que calquera outra comunidade española ou mesmo europea, a percepción que ten a poboación é que non é tan urxente aprender portugués e iso hai que ilo traballando. Convocáronse xa as primeiras prazas de profesores especialistas en portugués, e pouco a pouco iremos andando e animando tamén as familias e os alumnos a que seleccionen esa materia alí onde se oferta.



A área relacionada coa NL é a que máis orzamento perdeu desde 2009. Por riba, este ano afóndase nesta "fenda lingüística" coa anulación das axudas á normalización nos centros de ensino e a redución nas axudas aos concellos. O traballo a prol da lingua non require mellores investimentos?

No tocante aos centros de ensino foi unha medida administrativa e técnica, non ten nada que ver con falta de dotación ou con recortes. O diñeiro íase perder, non ía chegar aos centros: sobrevén o problema COVID, cunha convocatoria feita pensando na normalidade, uns proxectos presentados, baremados e preparados xa para facer os ingresos. O proxecto valórase e págase no seu conxunto, non por medidas soltas. Se non facemos isto, ningún deles ía poder ser executado, cando menos nas condicións en que viña. Os gastos deste ano, mesmo os que se fixesen no confinamento, pagámoslos contra factura, non vai vía proxecto. Pero a convocatoria próxima que fagamos vai ter esa cantidade de diñeiro ou máis.

E o dos concellos, igual. Nós quitamos unha convocatoria anual con tres modalidades.

Este ano nos concellos non hai actividades porque non puideron facelas. Deixamos só a modalidade de contratación para pagarlles aos técnicos, e por iso baixamos as cantidades. Pero, por outro lado, quitamos un fondo de produtos culturais dotado con tres millóns de euros destinado a auxiliar a industria cultural e a industria da lingua en momentos de pandemia. Un fondo de proxectos culturais Xacobeo 21, de actividades para os concellos, que se están empezando a repartir, porque os concellos non teñen capacidade para isto, este ano teñen que estar atendendo a outras cousas.

Para o ano que vén volverán saír as mesmas convocatorias co mesmo diñeiro ou con máis, sempre tendo en conta as medidas sanitarias que se deban establecer. Que ninguén se alarme.

Cando se pregunta sobre o futuro da lingua e a contribución do sistema educativo á súa recuperación é un lugar común a apelación á necesidade de retomar o consenso do PXNL no 2004. Ábrese unha nova lexislatura, pode albiscarse algunha posibilidade neste senso? Cales serán as liñas mestras da política

lingüística, especialmente no que afecta ao ensino?

Para min sería pechar o círculo. Calquera Secretario Xeral de Política Lingüística quere ter un consenso político en torno á lingua como existiu durante moitos anos. Rompeu cando rompeu, uns dicimos que nun momento, outros din que noutro, que máis ten? Tamén son consciente de que non é fácil, porque en torno á lingua creouse un debate político, de intereses, de tensións que eu creo que son máis de "postureo" que doutra cousa; porque no fondo hai moitísimas cousas máis que nos unen que as que nos separan entre as distintas forzas políticas. Pero, claro, hai un interese por parte de distintos sectores políticos e do que non se exclúe ningún, por manter esta tensión con respecto á lingua. A lingua non magoa a ninguén, non custa diñeiro e non obstante dá moito titular, vai moito na prensa e é un tema sensible na sociedade. Sería o desexable. Pola miña parte non vou deixar de traballar por ter ese consenso. É o favor máis grande que lle podíamos facer á lingua, é algo fundamental para que a lingua avance, é algo que teñen outras comunidades e que lle envexamos sanamente.

Estou convencido de que o consenso que hai na rúa aquí non o hai noutros espazos políticos. Por exemplo no País Vasco, que hai debate na rúa, hai intereses, xente que non sabe, que descoñece... e porén no ámbito político teñen un consenso; entón eu creo que sería...

Pero gañan falantes...

Si, pero tampouco parten do mesmo punto, pero ben, eu estou convencido de que gañan falantes, tamén polo consenso político que permite avanzar.

As liñas mestras de PL para a seguinte lexislatura?

Estamos en funcións ata o mes de setembro, non sabemos se seguimos ou non, non sei. Creo que habería que reforzar un pouco o do ensino en galego, e creo que a introdución do portugués é unha oportunidade grandísima para o galego, pero hai que superar prexuízos. A internacionalización da nosa lingua vains abrir. Incluso poñer en relación o ensino do portugués co ensino do galego, creo que tampouco se poden ensinar como materias estancas. O que pasa que isto tamén ten unha re-

acción no sistema educativo; é un proceso que haberá que traballar e haberá que avanzar. Son dúas linguas dun tronco común da lusofonía. Nos anos vindeiros nese camiño haberá que avanzar e facer cousas, estea quen estea. Ese é un camiño para atoparse, no político tamén. Cando foi a Lei Paz Andrade tamén se falou de velo como unha oportunidade no sentido economista, e foi a maneira de que a Lei saíse adiante; porque se volvemos ao debate normativo estaríamos atoados outra vez. A Lei saíu pola internacionalización, de feito chamara moito a atención que quen falara no Parlamento como representante da ILP fora un empresario e non un catedrático ou un lingüista, foi *ex professo*. É que o portugués vai moito máis alá dunha gramática, dunhas normas ortográficas. É unha oportunidade estratéxica alucinante, as economías máis emerxentes do mundo están aí. A xente non o valora aínda, faino cando ten vivencias concretas que lle permiten apreciar a diferenza entre nós e un catalán ou un valenciano nesa intercomprensión co portugués.

Isto do "plurilingüismo" colocou o inglés nunha situación de privilexio, conseguindo que obviásemos outras realidades, outras linguas.

Tamén é certo... temos demasiado valorizado o inglés como lingua franca. O do Brexit vai mover marcos aí. Non será hoxe, nin mañá, pero xa andan traballando co reforzo do francés, dado que os ingleses marcharon. Non descartes que haxa moitos movementos no posicionamento das linguas: chinés, turco, linguas árabes. Os nosos fillos igual teñen que ir vender ladrillo ou vasoiras onde se poden vender. E por agora non é para ir vender, senón para ir comprar. Pero desde o momento en que sexa para vender... Pensa Vietnam, Angola... son mercados emerxentes.

Rematamos logo, agradézoche moito este tempo para a entrevista.

Grazas a ti, a vós. ■

PUBLICIDADE

100 GIANNI RODARI

O GRAN RENOVADOR DA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

www.kalandraka.tv • www.kalandraka.com

Kalandraka

Dez anos do Decreto do Plurilingüismo. A lingua galega nos centros educativos



REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 54-56

Pilar Ponte Patiño

IES da Pobra do Caramiñal

pilarponte@gmail.com

Mercedes Queixas Zas

IES A Sardiñeira

queixaszas.lingua@gmail.com

1. A LEXISLACIÓN

1.1. O Decreto

O marco que desenvolve a Lei de normalización lingüística (LNL 1983) para o uso do galego no ensino vén regulado por tres decretos: 247/1995, 124/2007 e 79/2010.

No caso dos dous primeiros eran documentos que apostaban no avance normalizador do galego, a partir de propostas de mínimos, para a progresiva aprendizaxe de diferentes materias desde o galego que permitiese reforzar gradualmente a adquisición da lingua minorizada, respectando a autonomía dos centros, así como a súa contorna sociolingüística.

Ao Decreto 124 chegárase en 2007 despois dunha análise profunda e moi consensuada a respecto do estado da normalización lingüística que se plasmara no Plan xeral de normalización lingüística (2004), un documento aprobado por unanimidade no Parlamento galego.

O último decreto, actualmente vixente, prescindiu do concepto "normalización", perdeu o carácter progresivo ao que obriga a propia LNL, ignorou as propostas do PXNLG para prohibir, por primeira vez en democracia, impartir as materias do prestixioso ámbito científico en galego e xerar un tramposo xogo de confusión a respecto do concepto "plurilingüismo", que xustifica a desaparición do galego a favor "supostamente" do inglés naquelas materias que o propio decreto asigna para o galego.

Este decreto actual é incumplido polo propio goberno, xa que, malia obrigar a disposición adicional quinta á súa avaliación anual, nunca ao longo destes dez anos se teñen presentado os seus resultados.

Mentres, por unha banda, os datos evidencian un preocupante declive na competencia e, sobre todo, no uso do galego por par-

te da infancia e mocidade, pola outra, o Consello de Europa ten presentado informes que cuestionan a política lingüística educativa da Xunta de Galiza instando á súa mudanza para dar cumprimento aos acordos asinados na Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, instrucións que seguen sen visos de se acataren.

1.2. O Tratamento Integrado das Linguas (TIL)

O encontro de tres linguas no currículo escolar xunto ao obxectivo normalizador para o galego comezou a desenvolverse de xeito experimental como unha derivada do Decreto 124, dedicando moitos esforzos á formación do profesorado no Tratamento Integrado de Linguas, aproveitando o profundo coñecemento e experiencia práctica aplicada noutros contextos sociolingüísticos semellantes como o éuscaro e o catalán. No entanto, na última década, esta pedagogía innovadora apenas se sostivo puntualmente nalgúns centros que a iniciaran naquela altura, con máis vontade persoal de certo profesorado que implicación activa por parte da Consellería de Educación ou da Secretaría xeral de Política Lingüística, co que tamén se renunciou á perspectiva didáctica innovadora en materia de normalización lingüística desde a responsabilidade de goberno.

2. AS FAMILIAS

A autoridade educativa é quen debe determinar obxectivos e procedementos en materia de adquisición de linguas. Con todo, na aplicación do Decreto 124/2007 promoveuse a implicación e complicidade das familias á hora de autorizaren a participar as súas crianzas da etapa de educación infantil nas unidades que seguían unha liña de contacto didáctico maioritario en galego en contextos castelanfalantes, popularmente co-

ñecida como “dobre liña de galego”.

No pouco tempo de desenvolvemento desta actuación pedagóxica, comprobouse a moi positiva resposta por parte das familias, así como a progresiva incorporación de diferentes centros que a demandaban, conscientes de ser esta a única vía de aprendizaxe do galego a través da escola cando a transmisión interxeracional na casa xa estaba perdida ou de mantemento para as crianzas que se incorporaban á escola procedentes de familias galegofalantes.

Unha experiencia que demostraba axudar a frear a tendencia desgaleguizadora que historicamente cumprira a escola galega e que mesmo foi avaliada por algún deses centros como altamente positiva.

A chegada ao goberno do PP en 2009 anulou este decreto e tamén esta oportunidade pedagóxica normalizadora na etapa de educación infantil, de forma unilateral e en contra da inmensa maioría social. Pola contra, tentou implicar as familias no artigo 5.2 a través dunha confusa consulta a estas sobre a elección de lingua que arrombou o galego, mesmo en caso de as familias o demandaren, e que foi anulado polo TSXG sen que o goberno artellase ningunha outra proposta en positivo para o encontro co galego nas aulas de infantil.

3. O PROFESORADO

3.1. A formación do profesorado

O profesorado é o colectivo que dirixe e organiza a actividade académica e vai ser o que transmite tanto o modelo de lingua, como código lingüístico, como na súa dimensión social.

Cando se unen os conceptos profesorado e repercusión na calidade da lingua que fala o alumnado automaticamente se pensa no profesorado especia-

lista e se ignoran por completo dous colectivos sobre os que recae moito maior peso na formación lingüística do alumnado: o profesorado de Educación Infantil e Primaria e o profesorado doutras materias en Secundaria e Bacharelato.

A orde correcta en importancia sería a inversa: en primeiro lugar estaría o profesorado de Infantil e Primaria, en segundo lugar estaría o profesorado de Secundaria e Bacharelato doutras materias e no terceiro o especialista. Boa parte do profesorado nunca tivo que superar ningunha proba obxectiva de avaliación do seu nivel de lingua oral. É por isto que é necesario e urxente crear unha liña de formación do profesorado que priorice a preparación lingüística en lingua galega, especialmente no desenvolvemento da competencia oral dos dous primeiros grupos, onde se incluírían módulos xeneréricos que traballasen as destrezas orais no ámbito académico e módulos específicos para estudar os tecnicismos propios de cada área do saber.

Con esta formación estaríamos a garantir a correcta transmisión da lingua, porque a normalización é un proceso que debe asumir a totalidade do corpo docente.

3.2. O profesorado como axente galeguizador

O papel do profesorado na defensa da lingua é outro dos aspectos que cómpre analizar para valorar correctamente o impacto deste colectivo. En 2013 remataba a implantación do Grao en Lingua e Literatura Galegas e en 2018 cumpría 40 anos a primeira promoción de Filoloxía Galego-Portuguesa. Semella que corenta e cinco anos é tempo abondo como para poder analizar a evolución dun colectivo que durante moito tempo tivo sobre os seus ombreiros a defensa da lingua. Os membros desa primeira promo-



Fotografía de Roxegar: Clausura dos 21 Días co Galego e + 2020 no IES Afonso X O Sabio.

ción dos anos 70 teñen sinalado como un factor determinante na escolla da súa profesión un compromiso coa defensa da lingua que mantiveron ao longo da súa traxectoria vital posterior. Durante moito tempo ser “a/o de galego” supuxo moito máis que dar unha materia, era un status especial no centro que ía moito máis aló das clases que se impartían e o profesorado era consciente de que o seu traballo resultaba imprescindible na suma de novos falantes e no mantemento dos que había. Hoxe é frecuente atopar docentes que se desvinculan disto e reivindicán o seu dereito a non ter máis obrigas que as do resto do profesorado doutras materias. É evidente que algo mudou.

A miúdo escoitamos por parte do profesorado de lingua que non asume a coordinación dos EDLG porque ese é un labor de todo o profesorado, e mais e certo, a cuestión é ata que punto ese argumento vale para deixar nalgúns casos a coordinación dos EDLG en mans de persoas que asumen este labor como unha simple cuestión administrativa.

Sexa como for, está claro que o profesorado de Lingua Galega

está chamado a liderar esa recuperación de ámbitos para o galego nos centros de ensino.

Que as profesoras e profesores de calquera nivel académico volvan a empoderarse na defensa da lingua é algo que só elas e eles poden conseguir cos seus actos.

Con todo, non se debe caer no reduccionismo da escolarización do problema lingüístico, quen normaliza unha lingua é a sociedade, non a escola, que é un axente máis nese labor mais non o único nin o máis importante.

4. A DINAMIZACIÓN DA LINGUA (OS EDLG)

Mediante o Decreto actual produciase un cambio de denominación e o que antes eran os «equipos de normalización e dinamización lingüística» pasan a denominarse «equipos de dinamización da lingua galega» evitando así un nome que poñía en evidencia a realidade, que a lingua galega non está normalizada.

A principal eiva dos EDLG neste momento segue a ser o seu orzamento totalmente insuficiente para desempeñar as funcións que teñen atribuídas, ademais dun menor compromiso


coa defensa da lingua tanto por parte do profesorado como do alumnado, que en moitos casos mesmo fai difícil a súa constitución. Se ben é certo que tamén podemos dicir que agora dende a SXPL se potencian programas como 21 Días co Galego e + dirixidos directamente a normalizar o uso do galego entre o alumnado a través dos EDLG.

Non se pode analizar a traxectoria dos EDLG nesta etapa sen poñer en valor o enorme traballo realizado pola Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística ao longo de 7 anos (2009-2016), unha iniciativa sostida por un grupo de profesorado encabezado por Valentina Formoso Gosende que nunca recibiu por parte do colectivo o recoñecemento que merecía. A Coordinadora creou unha web que encheu de recursos e levou a voz dos EDLG a múltiples foros. Mais, o seu principal mérito foi vehiculizar a posta en contacto dos diversos equipos a través das diferentes coordinadoras comarcais creando unha rede de traballo e colaboración. Agora queda aí pendente que alguén retome ese labor necesario, ben dende o profesorado ou dende a administración. ■

**SON O QUE
QUERO SER**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



EXPOSICIÓN
ONDE FOI BARRIGA VERDE?
DO 24 DE XANEIRO AO 12 DE MAIO



COLE
CEA
SAI VIREX
DA SALETA

Cabeleira de choivo,
ollos de brétema:
Maria Silenzo,
estarrapada,
á espreita.
Sempre agardando,
pola noite, as barcas.
A tua anguria
fala con olladas.
Maria Nocturna:
no peirán que esperas?
Polo día non vives?
Naces cada solpor?
Cás da primeira estrela?
Maria Silenzo
sempre dura e muda...
Cál é a
barca
que agardas?
Das fontes
dos teus ollos
flúen ríos
de sono.
Pero ti sempre
dura e
desvelada,
batida
polo
vento
no
peirán...

marzo
mes da poesía



EXPERIENCIAS

A Normalización Lingüística no Cole de Cea

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 58-59

EDL do Cole de Cea

CPI Virxe da Saleta

cpi.saleta.sancristovo@edu.xunta.es

O Cole de Cea, ao tratarse dun CPI (Centro Público Integrado), cunha oferta educativa que abrangue as etapas de Educación Infantil, Educación Primaria e E.S.O., conta cun moi amplo rango de idades (de 3 a 16-18 anos). Isto fai que a nosa programación teña que adaptarse ás necesidades concretas e moi diferentes do alumnado e ofrecer actividades con grande variedade e ampla flexibilidade. Ao tempo, temos tamén unha importante vantaxe que tentamos aproveitar permanentemente: o amplo rango de idades permite que o alumnado maior (o da E.S.O.) poda deseñar, elaborar e levar a cabo actividades para o resto.

O noso alumnado é consumidor cultural e nativo dixital. Cada día consome produtos como debuxos animados, videoclips, series, películas, xogos de mesa, ordenador ou consola... Estamos asistindo a un cambio moi profundo no que aumenta o tempo de ocio usando tabletas e móbiles. Aprenden a usar apps antes que a ler ou escribir. A escola non é allea a esta mudanza e nos últimos anos vemos como estas tecnoloxías están a entrar nas nosas aulas: miniportátiles, encerados dixitais, PCs, tablets...

Por outro lado, a gran maioría do noso alumnado é galegofalante. O uso da nosa lingua no centro e no seu contexto inmediato está plenamente normalizado. A comunidade educativa colabora activa e permanentemente co labor que desenvolve o EDL, polo que o traballo de promoción da lingua non é visto como unha responsabilidade de tal ou cal individuo ou grupo concreto, senón como un traballo permanente, intimamente ligado ao noso labor docente e ao noso proxecto educativo, como centro de ensino.

Este é o contexto en que naceran iniciativas, como o APPLÍCATE O CONTO ou MISTERIO NO COLE DE CEA. Estes proxectos naceron de xeito natural, como ferramentas motivadoras para completar e desenvol-

ver o traballo diario na aula. Tal vez, a utilización da nosa lingua en proxectos como estes sexa unha das súas maiores singularidades, xa que, infelizmente, o galego non é unha lingua moi empregada nos produtos deste tipo aos que o noso alumnado ten acceso. Estamos a ligar a nosa lingua ás novas tecnoloxías e a produtos adaptados a un alumnado nativo dixital. Pensamos que o potencial normalizador das ferramentas que empregamos (ou doutras semellantes) é enorme, e a súa utilización por parte do profesorado e do alumnado non é moi complicada.

BREVE RELATO DOS ÚLTIMOS DEZ ANOS DE TRABALLO DO EDL:

Partimos dun momento traumático para toda comunidade educativa do Cole de Cea: o incendio das instalacións, que aconteceu a comezos de setembro de 2010, pouco antes de comezar o curso. Podemos dicir que foi un xeito de tocar fondo para moitos/as das/os que estábamos alí. A imaxe da biblioteca do cole cos libros cheos de feluxe e o cheiro a fume (que pode ser percibido aínda agora) nunca se apagará da nosa memoria. Outros acontecementos tristes, paralelos, anteriores e posteriores foron sumándose. Problemas que se acumulaban. A nosa moral estaba baixo mínimos e precisábase un revulsivo. As actividades extraescolares e complementarias foron ese revulsivo. Podemos marcar o inicio da recuperación da nosa enerxía cando lanzamos o lipdub "A LINGUA SABE A PAN", que acadou unha cifra de visitas enorme e que nos encheu o correo de frases de apoio e parabéns. Desde ese momento, entendemos que a nosa programación de actividades extraescolares e complementarias (entre elas, as do EDL) era para nós moito máis que un anexo ao noso traballo na aula e fomos adaptándonos a esta filosofía de traballo, que ten funcionado ben, até hoxe. Na actualidade, o noso programa anual culmina a finais



do mes de maio co SERÁN DO COLE DE CEA, unha festa aberta para toda a comunidade educativa, que está a ter moi boa acollida.

Para rematar, non podemos esquecer que todas as iniciativas que ven desenvolvendo o EDL son posíbeis pola xenerosidade do colectivo docente e o apoio e participación da nosa comunidade escolar.

DE CARA AO FUTURO

O traballo de dinamización ou normalización que se fai na escola non é suficiente, segundo o noso punto de vista. É precisa unha implicación moito maior da sociedade e dos poderes públicos na recuperación e promoción da nosa lingua. Infelizmente, cada vez máis, os centros de ensino están a se converter no "último reduto" do galego. Nós pensamos que esta situación pode ser rectificadada (en palabras de Carvalho Calero) cunha política lingüística digna de tal nome, que logre a complicidade da maioría social na defensa deste ben común tan valioso, chamado "lingua galega". Temos, seguindo o dito polo ilustre profesor ferrolán, que explorar o camiño da lusofonía, poñendo en contacto o noso alumnado coa vertente internacional do galego e que vexan que, parafraseando a Castelao, a nosa lingua "florece" arredor do mundo. ■



EXPERIENCIAS

Proxecto Educativo Semente

Santiago Quiroga Garcia

CPI Antonio Orza Couto (Boqueixón)

quirogasanti87@gmail.com

Maria Vilaverde Lamas

Escola Oficial de Idiomas de Lugo

mariavilaverde@gmail.com

Marcos Abalde Covelo

IES Concepción Arenal (Ferrol)

abaldecovelo@gmail.com

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 60-61

1. ORIGEM E TRAJETÓRIA DO PROJETO EDUCATIVO SEMENTE

A vulneração sistemática dos direitos linguísticos em todos os níveis do sistema educativo catalisou a energia dos movimentos sociais na construção dumha alternativa autogerida e sem fins lucrativos na cidade de Compostela. Foi em novembro de 2011, no seio do C.S. A Gentalha do Pichel, onde se formulou a ideia de construir, junto a outros projetos, as bases necessárias dumha Escola Nacional Galega. O nascimento da primeira Semente em Compostela, porém, nom foi um acontecimento novo, fai parte dum alargado ronsel galeguista no qual salientamos as Escolas de Ensino Galego, fundadas em 1923 polas Irmandades da Fala (Quiroga García e Bolaño Amigo, 2018).

Esta iniciativa tem um carácter social e está ligada a umha densa rede associativa que favoreceu a sua expansom: em 2013 criam-se dous centros em Trasancos e Vigo, em 2016 um em Lugo e, em 2018, outro na Corunha. Igualmente, produziu-se um incremento no número de matrículas: de 3 crianças em 2011 a 140 em 2020. Como as Bressolas na Catalunha Norte ou as Ikastolas no País Basco, assim a Galiza virou numa nação mais da Europa que constrói o futuro da sua língua através da iniciativa popular educativa.

2. PROJETO EDUCATIVO

O projeto educativo foi sistematizado sob os princípios da pedagogia crítica e do sócio-constructivismo, tornando as crianças protagonistas das suas próprias aprendizagens através do jogo livre, em espaços naturais e nos diversificados ambientes da escola; mediante obradoiros grupais, de participação voluntária; e do método de projetos, facilitando um achegamento significativo à realidade social, cultu-

ral, histórica e natural do país. Além disto, podemos assinalar sinteticamente as seguintes características (Grupo de trabalho pedagógico-linguístico da Semente Trasancos, 2014):

Coeducação: Um espaço de educação integral para as crianças com umha educação baseada na igualdade de género em todos os aspetos da vida.

Assembleísmo: Um modelo de decisom em que participam dumha forma horizontal pais, maes, professoras e crianças. As educadoras e as famílias mantem umha relação direta e de confiança.

Interação com a natureza: As crianças percebem os valores ambientais da nossa terra no próprio centro educativo através de roteiros, uso da horta, experimentação com materiais naturais, etc.

Liberdade responsável: As educadoras confiam plenamente na criança. Respeitam-na como pessoa, acompanhando as suas emoções e favorecendo a sua autonomia.

Espaço educativo interativo: A educadora é umha mediadora que acompanha a criança no seu processo de aprendizagem. A relação pedagógica consiste no provimento das condições em que ambas podam

colaborar para fazerem progredir essas trocas que favorecem o desenvolvimento integral, apoiando-se num ambiente preparado.

3. PROJETO LINGUÍSTICO DE CENTRO

O modelo de conservação e imersom da Semente tem por objetivo formar galego-falantes plurilingues. O Projeto Linguístico trata o galego como o eixo principal e garante um desenvolvimento linguístico pleno (Grupo de trabalho pedagógico-linguístico da Semente Compostela, 2013):

Função de identidade: O alunado vem com o galego ou incorpora-o ao pouco tempo.

Função familiar: Compromisso de maes e pais de transmitir a língua, adquirido antes ou depois de entrarem em contato com a escola. Há famílias com membros nascidos em México, Itália, Euskal Herria...

Função social: As crianças som as protagonistas do processo de normalização. O galego é a língua de socialização. No recreio também se brinca em galego. O alunado mais velho é um modelo e um incentivo para o mais novo. Favorece-se a matrícula de crianças galego-falantes. Umha razão reduzida facilita



Interior da sala de aulas da Semente Lugo.



Quase cem anos após a criação das Escolas de Ensino Galego, concluímos fazendo nossas as arelas dum dos seus fundadores, Ângelo Casal:

“Galicia precisa qu-os seus fillos lean i-escriban n-a sua Fala para que-a sintan; qu-estuden n-a sua Xeografía para qu-a coñezan, e coñecendoa quéiran-a; que lles digan das gorias d-os seus homes para honra-los; que beban nas fontes da sua Tradición, da sua Cultura e da sua Arte para que-as continúen sin influenzas alleas e que seipan pol-a sua Historia dos aldraxes e das persecuciós de que foi vítima” [sic.] (Casal, *Para os fillos de Galicia, A Nosa Terra*, 15/8/1923; cit. en Rivas Barrós, 2001, p. 201). ■



Comunidade educativa da Semente no dia da pátria e recebimento do apalpador em Compostela.

4. DESAFIOS PARA O FUTURO

Som múltiplos os reptos que afrontamos como organizaçom, ainda que também somos cientes dos grandes avanços que logramos em tam pouco tempo. No curto e médio prazo procuramos atingir os seguintes objetivos:

- Profissionalizar áreas de trabalho nom docentes.
- Consolidar a estrutura nacional.
- Aumentar centros e etapas educativas.
- Conseguir maior estabilidade económica.
- Melhorar a comunicaçom interna e externa do projeto.
- Aprofundar vínculos com instituiçoms e entidades com que partilhamos objetivos, quer a nível nacional, quer internacional, como Ikastolen Elkarte.

a criação de grupos linguística-mente sustentáveis.

Funçom local: A Semente participa e organiza múltiplas atividades (concertos, jantares, festas tradicionais, etc.).

Funçom nacional: Galeguizaçom curricular no âmbito histórico, artístico e científico. Aliás, promovem-se encontros a nível nacional entre todos os membros da comunidade educativa.

Funçom internacional: A Semente utiliza materiais e recursos dos outros países lusófonos.

- Grupo de trabalho pedagógico-linguístico da Semente Compostela (2013): “A Semente que agromou. Umha aproximaçom à Semente Compostela e às Escolas de Ensino Galego”, *Revista Galega de Educación*, 57, pp. 70-73.

- Grupo de trabalho pedagógico-linguístico da Semente Trasancos (2014): *Principios Pedagógicos das Escolas de Ensino Galego*. Recuperado de <http://semente-trasancos.gal/projeto/>.

- QUIROGA GARCÍA, S. e BOLAÑO AMIGO, M.E. (2018). *Projeto Educativo Semente. Iniciativa popular autogestionada y transformadora para la promoción, normalización y defensa de la lengua y la cultura gallega* (pp. 171-184). En L.M. NAYA, M.A. CHATEAUREYNAUD e P. DÁWILA, *Hizkuntzak, Ondarea eta Identitateak. Hezkuntza ikuspegia. Lengas, patrimòni e identitats. Perspectiva educativa. Langues, patrimoine et identités. Perspective éducative. Languages, Heritage and Identities. An Educational Perspective*. Donostia: Euskal Herriko Unibersitatea.

- RIVAS BARRÓS, S. (2001). *A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagógico (1900-1936)*. Vigo: Xerais.



EXPERIENCIAS

A normalización da lingua no CEIP Manuel Masdías

Pilar Seoane Martínez

Coordinadora do ENL do CEIP Manuel Masdías

pilars@edu.xunta.gal

Óscar González Montañés

Director do CEIP Manuel Masdías

ogm@mundo-r.com

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 63-65

O Masdías é un centro do barrio de Caranza (Ferrol). O alumnado é heteroxéneo: familias dun nivel socioeconómico medio-alto e outras moi desfavorecidas, tanto económica como culturalmente. Un 30% é de etnia xitana. A maioría do alumnado é castelanfalante.

O centro creouse en 1980 e a normalización da lingua comezou no 1986 co proxecto de dirección de Xosé Lastra, logo de irse vencendo as fortes resistencias de parte do profesorado. A idea fundamental era achegar o alumnado á súa propia lingua e cultura desenvolvendo un forte sentimento de afecto por elas, motivación que segue ata o día de hoxe. Cómpre indicar que este camiño foi apoiado constante e maioritariamente polas familias e polos órganos de representación.

No curso 1989-90 xa aparece na PXA a creación dun Departamento, pero é en 1991-92 cando se elabora por primeira vez un Plan de Normalización propiamente dito, no que se especifica en que niveis e áreas se vai utilizar a lingua galega e as actividades propostas para fomen-

tar o seu uso. Tamén é na memoria final dese curso onde se recollen algúns dos problemas máis recorrentes ao longo deste tempo.

Durante varios anos consolidouse este Plan con avances e no curso 1997-98, trala entrada en vigor da LOXSE, é cando se establece o PLN, posteriormente PLC, máis ambicioso e permanente. A lingua galega queda establecida como vehicular en tódalas áreas e etapas educativas, exceptuando a de Lingua Castelá, ademais de obrigatoria en tódalas relacións e comunicacións en calquera ámbito no que o centro participe. Todo isto sempre acompañado dun gran abano de actividades que favorecen que ao remate do ensino obrigatorio os nenos e nenas sexan plenamente competentes en ámbalas dúas linguas oficiais e non perciban o galego como algo ritual ou reducido ao ámbito da nosa escola: festas culturais (Magosto e Samaín, co asado de castañas dos nosos castiñeiros, cantigas, bailes ou pequenas representacións onde participa todo o alumnado, lendas cos personaxes tradicionais

de medo e o baleirado das cabazas; Entroido, con disfraces elaborados no propio centro e cun tema acordado, construción dun Meco que vai dando ordes e o xuízo no que se len as coplas e testamentos compostos por cada grupo fomentando tanto o manexo do vocabulario como a oralidade; Semana das Letras Galegas), edición de folletos e a revista *A Buxaina*...

Aínda que moi resumido este é un traballo de máis de 30 anos malia o que a Administración restrinxiu a capacidade de autonomía dos centros coa publicación no ano 2010 do Decreto para o plurilingüismo, no que se establecen unhas determinacións respecto do uso vehicular da lingua galega que se confrontan totalmente co noso PLC. Dende ese momento toda a comunidade educativa e os seus órganos de goberno acordaron a súa continuidade solicitando á Consellería autorización para facelo e, aferrándonos a ese "silencio administrativo", continuamos levándoo a cabo ata o 2016. A partir dese momento, debido ás presións recibidas para axustarnos ao Decreto e

Reunido o Equipo de Normalización Lingüística do centro en sesión ordinaria, o día 13 de setembro do 1994, e unha vez avaliado o Plano de Normalización Lingüística en vigor e os antecedentes dos últimos cursos escolares, á luz dos obxectivos contemplados no Plano de Dirección do centro e no anteprojecto de Proxecto Educativo, así como da normativa en vigor, acorda propoñer-lo seguinte Plano de Normalización Lingüística para o curso 94/95:

1°) Mante-lo programa de inmersión establecido para o nivel de educación infantil:

- No nivel de 3 anos, o ensino realizarase na lingua familiar dos nenos e nenas. Caso de non ser esta a galega, introduciranse os mecanismos necesarios para que, no terceiro período dese curso, se poidan desenvolver as clases totalmente en lingua galega.

- Nos niveis de 4 e 5 anos, o ensino desenvolverase en galego.

2°) Ampliar o terceiro ciclo de Educación Primaria (nivel 5) os criterios xa establecidos para o primeiro e segundo ciclos: ensino en galego agás a área de lingua castelá.

3°) Manter na segunda etapa de EXB os mesmos criterios: impartición en galego das áreas de L. Galega, CC. Sociais, Matemáticas e CC. da Natureza.

4°) A impartición en galego supón que esta lingua debe se-la utilizada polo profesorado e polo alumnado nas áreas aludidas, tanto oralmente coma por escrito.

5°) A efectos de que o alumnado non perciba unha ritualización da lingua galega, cómpre que as actitudes lingüísticas do profesorado, tanto nas clases coma nas outras relacións do centro, se realicen en galego.

6°) Manterase a disposición anterior de realiza-las comunicacións e, en xeral, tódalas actuacións burocráticas de carácter oficial, tanto internas coma externas, en lingua galega.

7°) Á parte das áreas indicadas, poderanse incorporar outras se o/a profesor/a está disposto/a a facelo así. De calquera xeito, cómpre promover-lo uso oral e escrito do galego por parte do alumnado, aínda que non se trate das áreas mencionadas.

8°) Participarase dun xeito activo nas actividades da Coordinadora dos Equipos de Normalización Lingüística.

O galego na PXA (1994)

aprobar o DOC ao final do curso 2016-17, debido ás persistentes ameazas de sanción sobre a dirección, decidiuse axustar o PLC á lexislación vixente.

Na Memoria deste ano, insírese este resumo da situación:

A publicación do Decreto... para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia... establece unhas determinacións a respecto do uso vehicular da lingua galega que se confronta coas determinacións recollidas no Proxecto Lingüístico de Centro, vixente dende hai máis de 25 anos.

En todo este tempo, a comunidade educativa e os seus órganos de goberno viñeron desenvolvendo un proxecto lingüístico que, ademais de non suscitar ningún tipo de rexeitamento, estivo apoiado por todos os sectores da comunidade e deu como resultado a adquisición por parte do alumnado de competencias lingüísticas semellantes en ámbalas dúas linguas, sendo agora incluso inferiores ao remate da escolarización.

Ante a presión da Administración, o centro fixo unha modificación do noso plan lingüístico para adaptalo á lexislación vixente.

Seguimos crendo firmemente que é a escola o lugar onde o uso da nosa lingua pode mantela viva e propiciar o seu coñecemento polas novas xeracións que non proveñen de contornas galegofalantes, como ocorre no noso colexio. Os nenos e nenas deben percibir na escola a lingua como unha experiencia vital de inmersión e non como unha área máis de aprendizaxe. No noso centro podemos constatar que a maioría das actividades que nun principio se deseñaron para fomentar o uso da nosa lingua ou o coñecemento das tradicións culturais foron converténdose no noso sinal de identidade. ■

4. PROXECTO LINGÜÍSTICO

Consonte coas liñas de identidade do centro contempladas no PEC, coa xa dilatada historia en relación coa normalización lingüística do galego e co obxectivo de acadaren os nenos e as nenas a competencia necesaria nas dúas linguas oficiais, dado o evidente desequilibrio que existe entre elas no noso ámbito, cun uso moi baixo do galego, determinábase que a lingua galega será a oficial no centro -sen prexuízo da atención debida á outra lingua oficial-, e preténdese o obxectivo de que sexa a lingua normal de uso de toda a comunidade.

Para a consecución deste obxectivo, seguindo o xa estipulado dende hai anos, adóptanse as seguintes directrices:

- 1º) Áreas impartidas en lingua galega como lingua vehicular:
 - No nivel de 3 anos, o ensino realizarase na lingua familiar dos nenos e nenas. Caso de non ser esta a galega, introduciranse os mecanismos necesarios para que, no terceiro período dese curso, se poidan desenvolver as clases en lingua galega.
 - Nos niveis de 4 e 5 anos, o ensino desenvolverase en galego.
 - Educación Primaria: ensino en galego, agás a área de lingua castelá.
- 2º) A impartición en galego supón que esta lingua debe ser a utilizada polo profesorado e polo alumnado nas áreas aludidas, tanto oralmente coma por escrito.
- 3º) A efectos de que o alumnado non perciba unha ritualización da lingua galega, cómpre que as actitudes lingüísticas do profesorado, tanto nas clases coma nas outras relacións do centro, se realicen en galego.
- 4º) Realizaranse as comunicacións e, en xeral, todas as actuacións burocráticas de carácter oficial, tanto internas coma externas, en lingua galega.
- 5º) As actividades complementarias e/ou extraescolares que se realicen no centro co seu alumnado desenvolveranse igualmente en lingua galega.
- 6º) Participarase dun xeito activo nas actividades que fomenten o uso da Lingua.

O galego no PEC (2009)

2. Aunque no disponemos de datos exactos, constatamos que en el Centro hay un tanto por ciento elevadísimo de trastornos en el área de Lenguaje.

Aunque tampoco disponemos de estadísticas, creemos que la inmensa mayoría de nuestros alumnos son, por lengua materna, castellanohablantes.

Creemos que el bilingüismo es enriquecedor cuando se trata de un ambiente rico lingüísticamente hablando. Pero creemos que el bilingüismo es empobrecedor cuando el alumno se encuentra en un ambiente lingüísticamente pobre. El caso de la mayoría de los alumnos de este Centro es el segundo.

Como consecuencia de lo dicho, sugerimos:

- a. que el castellano sea la lengua predominante en el parvulario y que la iniciación en el gallego se realice paulatinamente y con prudencia.
- b. que en los demás ciclos se considere el gallego como asignatura (como el inglés, por ejemplo) y que en el área de Sociales se aplique la normativa emanada de la Xunta con mucha flexibilidad, adaptándola a la situación real de los alumnos.

A reacción dalgún sector do profesorado ante o proxecto de dirección que incluía a normalización da lingua (1986)

Escola e comunidade: na procura de sinerxías normalizadoras



REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 66-69

Nel Vidal Barral

Profesor de ensino secundario e técnico de
normalización lingüística

nel.vidal.barral@gmail.com

*A min custoume algún traballo dicir sen respirar
que había plantas monocotiledóneas
pero non din sabido de que familia era,
se é que a tiña,
o toxo que douraba os montes de Galicia.*

Manuel Rivas. *Costa da Morte Blues*, 1995

Sobra, nun espazo coma este, ter que incidir na imprescindibilidade de concibir o sistema educativo como parte da comunidade e na importancia de facer o esforzo para que a escola non se vexa nunca como un aparte. E iso débese facer día a día, en cada actividade, en cada contido, en cada materia. Pero, para a aprendizaxe e a posta en valor dunha lingua propia en situación de minorización, como ferramenta de identificación, comunicación e cohesión, aínda moito máis. Por que? Pois, por moitas razóns, pero unha fundamental é a de crear normalidade, a de facer ver que esa lingua coa que estamos a traballar na escola é válida e necesaria para todo o que se pode facer na vida, polo tanto, na comunidade: é lingua de estudo e coñecemento, si, por suposto, mais tamén de lecer, de amor, de negocio, de diversión, de publicitación... De familia, redes sociais, música, tecnoloxía, comercio, audiovisual ou deporte. En definitiva, se no día a día, desde a escola, non conseguimos facer ver de maneira efectiva que o galego é útil e necesario para identificarnos e comunicarnos en todos eses ámbitos cotiáns de cadaquén, non estamos a cumprir a nosa función educativa.

E esa é unha das maiores pexas do Decreto do plurilingüismo, a de apartar o galego de diversos ámbitos e impedir que se use en determinadas materias, o que temos que procurar paliar no día a día da nosa acción educativa e normalizadora.

Vencellar escola e comunidade significa implicar o contorno (as familias, as entidades deportivas, os comercios...) nas propostas formativas, facer que participen delas, ao tempo que, reciprocamente, se implica a escola tamén nas propostas dese contorno. E é interesante que haxa proxectos específicos nesta liña na procura do incremento do uso e do prestixio da lingua galega, aínda que o máis interesante e importante, creo eu, é o día a día. Cada actividade proposta ao alumnado. Cada exemplo. Cada texto seleccionado. Cada reflexión incitada a facer. Cada vídeo escollido. E, para iso, non podemos facer o mesmo se estamos nun municipio ou noutro, nun centro de ensino ou noutro. É, ten que ser, fundamental coñecer o contorno, o concello en que estamos, os clubs deportivos en que participa o noso alumnado, o seu lecer de fin de semana, o tecido asociativo, as parroquias do municipio e, en definitiva, a súa realidade social.

E, aínda que, como dicía, o máis importante é todo o que fagamos no día a día, podemos exemplificalo nalgúns proxectos concretos que procuran esas sinerxías normalizadoras. Dividireinos segundo a súa dirección inicial: da escola para o mundo e o mundo tamén na escola. Por espazo e practicidade, a maioría só os citarei, mais de todos eles podemos atopar información na rede de quereremos afondar máis no seu coñecemento. Aínda así, comentarei ao final algunha cousa puntual de tres deles.

DA ESCOLA PARA O MUNDO

Hai moitas accións que parten da educación e que se expanden, que se insiren na contorna desa escola e que, polo tanto, se desenvolven na comunidade e non só no ámbito educativo. Unhas máis xerais e outras dun ámbito específico. Unhas pun-

tuais e outras consolidadas no tempo. Mais, todas as citadas, que teñen o xermolo nun colexio ou instituto e que se desenvolven fóra del, na vila, no municipio, na contorna..., polo tanto, na comunidade. Accións, xa que logo, que nacen da escola para o mundo.

Entre moitas outras, algunhas das que, por implantación e/ou recoñecemento, poderíamos considerar como boas prácticas son, por exemplo, varias recentes como *Galeguiza-t* do IES Neira Vilas de Oleiros (desde 2019), o *Desafío 48 horas* do IES María Casares tamén de Oleiros (ano 2019), o *Plan de desconfinamento progresivo da lingua galega* do IES Blanco Amor de Culleredo (2020), a campaña de dinamización lingüística no comercio *Na Estrada en galego*, que xurdiu a partir do traballo do IES Antón Losada Diéguez (2019) dese municipio, *Tattos da Galiza* do IES Marco de Camballón de Vila de Cruces (desde 2015) etc.

Hai moitas outras accións que xa teñen unha traxectoria, continuidade e están estabilizadas, como poden ser o *Proxecto Burela* xurdido do IES Perdouro (xa desde 2005), o proxecto *Regueifesta* que partiu do IES Marco de Camballón de Vila de Cruces e do IES Maximino Romero Lema de Baio (a partir de 2016), o proxecto *21 días co galego* que xurdiu do IES da Pobra do Caramiñal (desde 2013) e que se estendeu a moitos outros, *Eu presumo de galego* do IES de Melide (desde 2014) etc.

E outras accións sen continuidade e non tan recentes, mais que cómpre lembrar para poderemos tomar como referente, e que son, por exemplo, as campañas de dinamización lingüística na hostalaría *Con moito gusto*, *na túa lingua* do IES Porta da Auga de Ribadeo (ano 2007) ou *Abrindo portas en galego* (2010) e *Refresca a palabra* (2012) do IES Félix Muriel de Rianxo.

O MUNDO TAMÉN NA ESCOLA

E non son poucos os casos en que o proceso é o contrario, pero igual de necesario, igual de imprescindible. Isto é, hai moitas accións normalizadoras que xorden na comunidade, fóra do ámbito educativo, pero que teñen a súa implementación, cando menos en parte, nos colexios ou institutos. Accións que fan penetrar máis o mundo na escola.

Podíamos comezar aquí citando un proxecto normalizador ao que lle acaen adxectivos como vangardista, innovador, adiantado ao seu tempo e histórico e que, ademais, foi, en parte xermolo, en parte banco de probas, dos moitos outros proxectos cooperativos interadministrativos que existen hoxe. Estou a falar de *Ciberlingua* (desenvolvido entre os anos 2001-2004), o proxecto co que o galego se adiantou na formación e difusión da Internet, tamén desde os centros de ensino, e que fixo que o primeiro contacto coa rede de redes de moitos mozos, de moitas mozas e de moito profesorado fose a través da lingua galega.

E, despois del, moitos outros, a maioría deles que xorden desde os servizos de normalización lingüística (SNL) dos concellos e, nomeadamente, desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) e/ou desde o imaxinario, ideas e traballo do grupo de técnicas/os que a forman. O *Club de Debate*, que naceu do SNL do Concello de Pontevedra (paralelamente a proxectos semellantes como *Torrelingua* na Coruña) e que decontado se estendeu de maneira cooperativa a boa parte do país para promover a argumentación oral crítica en galego en contextos formais. O proxecto *Youtubeir@s* dos SNL de diversos concellos e universidades, que fomenta a creación e difusión de vídeos en galego na

rede. A campaña *Gústame o galego*, da CTNL, que lle deu un impulso divertido e positivista á posta en valor da nosa lingua. O *LGx15*, que achega ideas e argumentos a favor do idioma propio. O proxecto *Enreguéifate*, que crea *feedback* e colaboración coa *Regueifesta*, para complementala cun efecto búmerang. Os diversos concursos do *Correlingua*, que incentivan a reflexión, entre outras propostas da Mesa ou da AS-PG. Os obradoiros *OPS!* da AGAL para amosar as potencialidades da nosa lingua para o ámbito lusófono. E dúcias de pequenas accións que se artellan a partir de cartas de Nadal, de obradoiros de rap, de ciclos de cinema, de concursos de lemas a prol da lingua en chapas ou camisetas, de difusión da música actual etc.

**UNHAS NOTAS
SOBRE SINERXÍAS
NORMALIZADORAS**

Aínda que sen poder afondar, considero de interese incluír uns

breves comentarios de tres das accións que máis directamente coñezo, para ter en conta á hora de procurar sinerxías normalizadoras.

En primeiro lugar, a interacción da escola coa comunidade ás veces consegue sinerxías máis aló das buscadas. E isto foi o que pasou, por exemplo, co xa citado *Desafío 48 h* do IES María Casares de Oleiros. A acción (falar galego en todos os ámbitos e situacións durante dous días seguidos nun contexto totalmente castelanófono) foi especialmente ben acollida e asumida pola contorna escolar, tanto polas familias (ben a través da ANPA, autoimplicada no proxecto, ben a nivel individual, con casos de familias que participaron no seu conxunto, e non só o alumnado) como por, por exemplo, diversos clubs deportivos onde participan as rapazas e os rapaces do IES, que, ademais de transmitiren o apoio ao proxecto, comprometéronse, pola súa conta, e sen contacto directo previo

por parte do IES, a incentivar o uso do galego nos adestramentos e a usar máis a lingua propia na súa comunicación, entendendo, autoentendendo, así, o seu compromiso social coa lingua.

Tamén quería facer unha breve referencia ao *Plan de desconfinamento progresivo da lingua galega* do IES Blanco Amor de Culleredo, pois, durante o tempo de confinamento polo coronavirus no último trimestre do curso 2019-2020, ter en conta as familias fíxose aínda máis imprescindible. O alumnado estaba todo o día no seo familiar, e non nas aulas, polo que toda acción tiña que ter en conta isto. Así, ese plan normalizador procurou incentivar o uso e o prestixio do galego tendo en conta ese contexto e, polo tanto, procurou crear situacións de uso do galego na familia (cociñando, descubriendo música, decorando unha camisola, gravando un vídeo, participando en retos a través das redes sociais etc.). Adaptar a acción normalizadora



Plan de desconfinamento progresivo da lingua galega

Para a transición cara a unha nova normalidade



IES Eduardo Blanco Amor de Culleredo | Maio e xuño de 2020

á realidade e posibilidades de cada momento é fundamental.

E, a última referencia, é para o proxecto *Youtubeir@s*, de incentivación da creación e difusión de vídeos, pola súa bidireccio-

nalidade e especial aproveitamento no ámbito escolar. Desde o punto de vista da recepción, aproveitando no ámbito educativo os vídeos creados de múltiples temáticas e para múltiples materiase, desde o punto de

vista da produción, aproveitando o proxecto como incentivação para a creación de vídeos, co que se traballa, ao tempo, a planificación, a construción de historia ou discurso, a oralidade, as novas tecnoloxías, a creatividade, a argumentación, a comunicación e, por suposto, o uso e o prestixio da lingua galega.

En definitiva, escola e comunidade é un todo e, para promover o uso e o prestixio do galego, enténdelo así é imprescindible. E, polo tanto, para o futuro da lingua é fundamental que no ámbito escolar se poida utilizar, e se incentive o seu uso, en todos os ámbitos en que se poida empregar na comunidade. En todos. ■

PUBLICIDADE



Grupo de Referencia Competitiva
(2017-2020)
Sistema Universitario de Galicia



Rede de Excelencia investigadora (2020-2021)
Ministerio de Ciencia e Innovación

Investigar para formar e transformar no diálogo Universidade-Educación-Sociedade

<https://www.sepa.gal/>


<https://www.usc.es/gl/investigacion/grupos/sepa> [interea www.usc.es/](https://www.usc.es/)

<https://ociogune.unirioja.es/grupos/>

facebook@sepa-interea – hesepa@usc.es




Rede de Investigación en Educación e Formación para a Cidadanía e a Sociedade do Coñecemento



UNIÓN EUROPEA
"Una manera de hacer Europa"

SEXO CON-SENTIDO

Obradoiros de coeducación afectivo sexual nas aulas



REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 70-73

Noelia Darriba García

Raquel Veiga Teijeiro

Educadoras sociais de AtalaiA Social en
Centro Medra

atalaiasocial@gmail.com

Intentando definir o indefinible, comezamos sempre preguntando ao alumnado: que é a sexualidade? Sen dúbida unha pregunta doada para unha resposta difícil: "coito", "pracer", "embarazo", "lío", "follar"; "sexo oral"; "porno"; "masturbación"; "orgasmo" e diversas palabras máis, case sempre relacionadas co coito e a práctica sexual; pero interesantes para darnos unha idea de como está o panorama da rapazada con respecto a este tema.

A sexualidade somos as persoas, é o corpo, entendendo este como espazo físico (onde cada quen ten unha mochila cargada de prexuízos, patróns familiares e experiencias que nos dan identidade), pero tamén como corpo social (suxeito a factores culturais), un corpo de xénero (socializando de xeito diferente a mulleres e homes) e un corpo espiritual (e non referido exclusivamente á relixión). Ao introducir, falar e traballar contidos de sexualidade dentro das escolas estamos abordando un gran número de aspectos transversais que en definitiva constitúen educación para a saúde.

A esencia de AtalaiA.social é o desenvolvemento de proxectos socioeducativos, sobre todo, nos tempos e espazos que acompañan a dinámica escolar (ANPAS, profesorado, alumnado), no ámbito familiar e na relación destes dous contextos. Todos os nosos proxectos teñen en común que traballamos para impulsar o "Botrato" (Sanz, 2016) cara as persoas, entre as persoas e co medio que nos rodea. Por iso os programas socioeducativos nos que traballamos dentro do ámbito escolar están relacionados, principalmente, coa educación emocional, a igualdade e a convivencia. Procuramos establecer programas que teñan continuidade e consoliden a presenza dunha figura educadora nos centros, de xeito que poida atender cun enfoque

integral as persoas coas que traballa, máis alá da realización de obradoiros puntuais.

Grazas a un traballo en equipo continuado e sistemático, pero sen estar exento de dificultades, ás veces conseguimos que os nosos proxectos teñan certa continuidade no tempo. Este é o caso do programa SEXO CON-SENTIDO que levamos a cabo dende hai varios anos dentro dos centros educativos do Concello de San Sadurniño, co alumnado de 2º e 3º da ESO e do Concello de Mugaros, co alumnado de 6º de primaria e 3º da ESO.

CONCEPCIÓN DA SEXUALIDADE

A sexualidade veu parella, ao longo dos anos, a un relativo secretismo, rodeando sempre un certo tabú o tratamento da mesma. Hoxe, nunha sociedade moito máis receptiva a estas cuestións e máis consciente da necesidade que supón a súa abordaxe educativa, as intervencións nesta materia fanse imprescindibles para unha normalización das relacións afectivo-sexuais entre as persoas, así como para unha convivencia plena e igualitaria. Consideramos que é responsabilidade de toda a sociedade promover un cambio neste sentido, revisando os conceptos estereotipados que serven de sustento á aprendizaxe e mantemento de ideas equivocadas da sexualidade entre as persoas máis novas. É por isto, que esta problemática debe ser abordada principalmente polas institucións que máis peso teñen na educación dos rapaces e rapazas dende unha perspectiva de xénero. Neste sentido, o ámbito escolar perfílase como un contexto privilexiado polas súas posibilidades de intervención.

A CoEducación Afectiva e Sexual constitúe un elemento crucial na educación integral de rapaces e rapazas porque, máis

alá do coñecemento puramente biolóxico, aborda procesos como a construción da identidade de xénero ou as relacións afectivas nas interaccións humanas, entendendo a sexualidade como parte do ser humano e fonte de comunicación, relación, pensamentos e emocións, non só prácticas sexuais.

Unha persoa informada actuará coñecendo as consecuencias das súas accións, coñecendo como evitar prácticas prexudiciais e fomentando unhas relacións seguras, igualitarias, sas e afectuosas, onde o primordial sexa o respecto entre as persoas. Un recoñecemento das emocións suscitadas e un adestramento nas habilidades sociais básicas de comunicación e toma de decisións axudará a tomar conciencia do propio papel nas relacións humanas, aprendendo, entre outras cousas, que unha afirmación ou negación nalgún momento depende do que á propia persoa lle apetece ou convén.

PROXECTO "SEXO CON-SENTIDO"


O obxectivo principal é crear un espazo de reflexión e diálogo onde abordar aspectos re-

lacionados coa afectividade, a sexualidade e as relacións interpersoais, integrando a idea de que a información, a intelixencia emocional e o respecto son a base para unha sexualidade saudable e o establecemento de relacións igualitarias.

Ao longo destas sesións a rapazada pode, por un lado, reflexionar e contrastar as súas actitudes e coñecementos acerca da sexualidade, a afectividade e as relacións humanas e, polo outro, incorporar novos coñecementos teóricos e prácticos que propiciarán unha reformulación dos conceptos e hábitos que xa posúen.

Os contidos son abordados dende unha perspectiva de xénero e adáptanse en función da idade, do tempo e das características do propio grupo. Non obstante, para favorecer a súa organización, establécense como "contidos guía", os seguintes:

- As sexualidades humanas: dimensión biolóxica, psicolóxica e social.
- A afectividade e a expresión emocional: identificación e expresión das emocións, os afec-



- Ter en conta que nos centros de ensino hai moitas realidades sexuais diversas que ás veces non se están recoñecendo, vendo, nin oíndo. E tamén é o noso deber acompañar o alumnado nas súas necesidades de expresión e identidade sexual.

- A pesar de vivir na “sociedade da información”, atopámonos cunha adolescencia moi desinformada ou con información pouco fiable; polo que debemos fomentar a loita sexual dos e das adolescentes, axudándolles a saír do efecto “dobre cego” e que comprendan que realmente, en materia de sexualidade, moitas veces non saben aquilo que cren saber e que teñen dereito a sabelo. Moitas veces non son libres para vivir aquilo que cren vivir e que teñen dereito a vivir: unha sexualidade libre e sa. (Fandiño e Rodríguez, 2018, páx.104).■



PUBLICIDADE

Apostando por unha educación para descubrir o mundo que nos rodea.

Unha educación pública, de calidade, práctica, integradora e motivadora



Ciudades
Amigas
de la Infancia

Reflexión dun mestre xubilado sobre o rural, sobre a educación, sobre o futuro...



REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 74-76

Toño Núñez (Xosé Antón Núñez Álvarez)

Mestre xubilado e escritor

tonhonuñez@hotmail.com

Nos días da pandemia do 2020...

As ideas, mesmo os conceptos, esixen revisión e contextualización permanentes para non quedaren desfasadas, inservibles. O rural de hoxe non ten nada que ver co de hai tan só medio século. É obvio. E a educación, máis alá da célebre, e atinada no seu momento, viñeta de Francesco Tonucci, tampouco se parece moito á de hai cincuenta anos. Sabemos que a locomotora educativa é pesada, lenta e conservadora, pouco permeable ás innovacións. As inercias e as rutinas son malas de mudar. Ademais, dentro do profesorado, polo menos entre o máis veterano, hai certa militancia nostálgica que pensa, convencida, que o pasado foi mellor. Levo comentado isto con moitos compañeiros e compañeiras. Nós sabemos máis disto. Nós sabemos máis daquilo. Non saben tal cousa. Non saben tal outra... E, se entramos no campo dos valores... o respecto, a cortesía, a responsabilidade, o compromiso...

Ai, como nos traizoan a memoria e a subxectividade! A memoria acostuma ser selectiva e adoita idealizar os recordos. Analizar a educación de hoxe enmarcada na sociedade actual cos ollos dun pasado confuso só pode levarnos a conclusións erróneas. Eu son dos que penso que, no seu conxunto, nunca houbo xeracións tan formadas coma as últimas. Cada quen é filla ou fillo do seu tempo. E, para ben ou para mal, os tempos mudan. Na nosa sociedade hai moitos aspectos susceptibles de mellora. Seguro. Mais, o mundo, dende o principio dos tempos, é un río que flúe inexorablemente. Adquisición da fala, conservación do lume, o sedentarismo, a linguaxe escrita... a revolución industrial... as "novas tecnoloxías"... Como podemos pedirlle a un neno ou a unha nena, rapaz ou rapaza, moza ou mozo de hoxe que pense e actúe como a nena ou o neno... que nós fomos? Por ou-

tra parte, de verdade o pasado era mellor? A memoria quédase con determinadas imaxes, idealizaas e esquece o resto. Daquela, dános unha visión deformada da realidade. Porque a realidade é global e facemos trampa se só nos fixamos no que nos interesa.

Esta mesma reflexión hai que aplicala á hora de falarmos de educación en contextos rurais. Si, o rural de hoxe nada ten que ver xa co rural no que eu vin ó mundo e me criei. Nós aínda arabamos cos arados de pau e de ferro. As lanchas ían a remo. Nas casas non había auga nin luz eléctrica. Na montaña, quen tiña seis vacas era un labrego-gandeiro potente... As nosas nais e os nosos pais, se sabían algo das "catro regras", sabían moito... Sabían outras cousas moi importantes, pero a instrución "académica" era, polo xeral, mínima. O mestre ou a mestra da aldea e o cura eran os faros da cultura. As súas verdades eran verdades absolutas... Hoxe, o rural é outra cousa. Os tractores e os barcos pesqueiros actuais son auténticos e sofisticados conglomerados tecnolóxicos. A estas alturas do século XXI, tamén no rural, e cada vez máis, afortunadamente, hai pais e nais con títulos universitarios... Certamente, o rural foi moito a menos; pero, en xeral, entre o rural e a cidade acurtáronse moito as distancias. Mesmo, se quixeramos valorar e medir esa entelequia á que nos referimos como "calidade de vida" nos dous espazos, analizando todas as variables que neste concepto inciden, seguramente a romana caese para o lado do rural.

Aínda vou máis aló: non sei se haberá estudos serios feitos ó respecto, pero atrévome a aventurar que os resultados académicos do alumnado do rural non son peores ca os do alumnado das cidades. E, se subimos á universidade, seguramente o éxito das e dos universitarios de

orixe rural non é inferior ca o das e dos universitarios que nacen e medran nas urbes. Non hai aínda as mesmas oportunidades, é certo; mais, ese desaxuste vese compensado por outros factores. Tampouco no tocante ós servizos se acadou a igualdade, e estas son tarefas pendentes; non obstante, o nivel de vida da maior parte das persoas que viven no rural mellorou infinitamente. Lembro con moita tristura cando ós nenos ou ás nenas da aldea se nos recoñecía á primeira vista a tal condición. Daquela, ser da aldea era un estigma, hoxe... Hai quen confunde os termos e pensa que nos discriminaban pola lingua; non, discriminábanos por sermos da aldea, por sermos pobres, polas "pintas"... O aspecto lingüístico era un accesorio. Hoxe, as condicións de vida máis obxectivas (traballo, vivenda, formación, ocio, benestar...) dos habitantes do rural non lle teñen nada que envexar ás dunha boa parte da poboación que vive nas cidades.

Queirámolo ou non, a aldea global é un feito. As nenas e os nenos do rural do meu tempo, ademais de ir á escola, axudabamos nas tarefas das casas donde que podíamos algo; e o noso xogo simbólico xiraba arredor do martelo pequeno, do sachito pequeno, do carro ou das bonecas de nabos... Isto é, xa, historia. As familias rurais actuais, maioritariamente, pídenlles ós seus fillos e ás súas fillas, fundamentalmente, que estuden; o resto é secundario. As nenas e os nenos do rural de hoxe viven, xogan, visten... con moi poucas diferenzas, como os e as das cidades. Pola contra, houbo unha perda cultural importante no tocante ó máis propio. Nun encontro con rapazas e rapaces de ESO e de BAC comentáballes algo disto; falabamos de que unha boa parte das rapazas e rapaces do rural xa non coñecen as árbores, as plantas, os paxaros... Este coñecemen-

to, que sería moi enriquecedor tamén para a infancia e a mocidade das urbes, supón unha perda e unha descontextualización especialmente dolorosa se nos referimos á poboación nova do rural. A cadea de transmisión da cultura máis esencial, en boa medida, rompeuse; moitas nenas e nenos rurais non coñecen os contos do lugar, as lendas, as cantigas, boa parte da toponimia... Porén, a lingua, aínda, é onde máis e mellor se conserva.

Xa que logo, se falamos de educación no rural, habemos ter moi presente esta realidade. Teño para min que os verdadeiros obxectivos da educación son os mesmos para as nenas e os nenos dunha cidade cosmopolita como para as e os de calquera aldea dos Ancares: formar persoas coa suficiente autonomía para desenvólvense nun mundo moi cambiante, para seren capaces de pensar, de analizar e de actuar por si mesmas e capaces de construíren unha sociedade máis xusta. O que si debe ser diferente, en parte, é o camiño polo que chegar a eses obxectivos. A educación non pode nin debe esquecer o marco físico, social, etnográfico e lingüístico no que se desenvolve o acto educativo. Evidentemente. Por iso, as mestras e os mestres do rural deberían ter o coñecemento, a sensibilidade e o compromiso necesarios para que o seu alumnado non se desvinculase dese marco. Porque, certamente, ese coñecemento é cultura, é manancial de diversidade, é esencia. Para non sermos todas e todos a mesma cousa en todas as partes do planeta.

Esa era a cultura vivencial dos nosos antepasados, non a académica. Agora, no rural, esa cultura experiencial herdada convive coa cultura académica xeneralizada; e o ideal é que esa convivencia sexa harmoniosa, para non despersonalizármolos. Absurdo sería negarse a su-



Pintura de Miguel Anxo Maciá.

bir ó tren da modernidade e a incorporar os avances que os novos tempos van traendo; pero renunciar ó máis noso, ó esencial, sen lugar a dúbidas, empobrece. O que acontece é que a tiranía dos programas e do currículo é moi estresante. Por outra parte, en boa medida, as fontes primarias desa cultura están secando. E, o que é peor aínda, algunhas das manifestacións desa heranza están sendo substituídas como consecuencia do poder fagotizador da cultura global. Por iso, a escola rural tamén debería exercer un labor compensatorio nesta dirección e xogar un papel importante na activación e transmisión desa cultura herdada que nos personaliza. Mais, a tarefa non é doada, hai que recoñecelo. Porque navegar contra corrente sempre esixiu dun esforzo dobre e, ás veces, a corrente acaba por levarnos. E a capacidade de transformación da educación nos tempos que corren, sen o compromiso da sociedade no seu conxunto, é mínima; isto tamén hai que telo presente. Aínda así, é un deber que a cultura académica, a escola, asuma como seus os valores da cultura

herdada para non perdermos a cerna de nós mesmos.

Polo demais, non concibo ningunha reforma educativa auténtica que non aborde un cambio radical na formación do profesorado. Para min, a calidade do sistema educativo radica, fundamentalmente, no material humano; o resto, os medios, son ferramentas de axuda. Teño moi claro que un profesor mediocre cos mellores medios acadará uns resultados inferiores ca os dun bo profesor con medios básicos. O día que nos centros de formación do profesorado entren as persoas máis capaces para a educación e saian cunha formación contrastada e real para o desenvolvemento do seu traballo, daquela, a revolución educativa será un feito. E as sociedades que aposten por ese modelo experimentarán unha transformación a mellor moi notoria e profunda. Ese profesorado, seleccionado e formado convenientemente, sería o mellor garante dunha educación de calidade, tanto en contextos educativos rurais como urbanos. De cales considero eu que son os piares nos que se asenta a verdadeira formación do futuro

profesorado escribirei outro día, se teño oportunidade.

Mais, o certo é que, dende que eu comecei a estudar na (daquela chamada) Escola de Formación do Profesorado de Lugo ata hoxe, ningún goberno abordou este tema nin por aproximación. E xa levo padecidas varias e carísimas reformas educativas. Porque isto supón, primeiro, ter as ideas claras; e, segundo, deseñar un proxecto integral a medio e longo prazo intelixente, valente e serio. Esa sería a verdadeira reforma educativa. O demais, son remendos, parches parciais, que non pasan da tona ou, ás veces, do puramente anecdótico. Cambiarlles os nomes ás cousas (COU, BAC, Bacharelato, BUP, EXB, ESO... Educación Preescolar, Educación Infantil...) ou decidir que o alumnado de 11 e 12 anos estude nun centro ou noutro é xogar ás agachadas, enredar. Pero a política actual non está para proxectos a medio prazo para, canto máis, a longo. A política actual non está para pensar, planificar e actuar con amor e con compromiso. E, sen amor e sen compromiso, a onde imos? Imos tirando...■

Youtubeir@s enche a rede de vídeos en galego



REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 77-79

Mónica Fernández Valencia

Técnica do SNL do Concello de Ourense

monidacal@gmail.com

O proxecto youtubeir@s nace por iniciativa do persoal técnico de varios servizos de normalización lingüística, coa vontade de promover e visibilizar o uso do galego na rede social de vídeos máis grande do mercado dixital. Foi aló polo ano 2016 no curso de verán *Traballando en Lingua*, organizado pola Universidade da Coruña coa colaboración da Coordinadora de traballadores e traballadoras da normalización lingüística (CTNL) no Concello de Carballo dedicado á mocidade onde, nunha mesa de traballo sobre as novas formas de comunicación e dos novos hábitos de lecer da mocidade, xerminou o proxecto.

Youtubeir@s pretende fomentar a creatividade audiovisual con temas propios e xerar referentes en galego dun novo axente con gran repercusión e impacto social como son @s youtubeir@s.

Concíbese como un programa completo e continuado, que compila diversas accións interrelacionadas cun obxectivo común de encher a rede de vídeos en galego: Campaña de incentiación, premios Youtubeir@s, formación, actividades para visibilizar o proxecto e @s youtubeir@s galeg@s, presenza en festivais e eventos culturais e creación de comunidade a través das redes sociais.

Youtubeir@s desenvólvese de xeito colaborativo entre os servizos de normalización lingüística dos concellos da Baña, Ames, Moaña, Ourense, Pontevedra, Rianxo, Ribadeo, Santiago de Compostela, Teo e O Grove, das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e da Deputación da Coruña. Carballo, A Coruña, Cedeira e Mazaricos colaboraron nas primeiras edicións.

A xestión conxunta do proxecto permite que diferentes administracións, grandes e pequenas, da costa e do interior, poidan



Recurso creado por Illa Bufarda

abordar proxectos que de xeito individual non sería posible.

A produción do proxecto (imaxe, páxina web, inscricións,...) desenvólvea, xa desde a súa primeira edición, a produtora creativa galega Illa Bufarda S. C.

FORMACIÓN

En coherencia coa natureza do proxecto, Youtubeir@s ofrece formación virtual a través da web e das redes sociais. Calquera persoa interesada pode atopar ao seu dispor ideas, consellos e ferramentas que lle serán útiles para mellorar a calidade e a eficacia comunicativa das súas producións. En moitas destas pímulas formativas participan as persoas expertas que forman os xurados, mais tamén están dispoñibles titoriais elaborados especificamente polo proxecto para achegar recomendacións e recursos.

Youtubeir@s ofrece tamén formación presencial, con diferentes modalidades de obradoiros

impartidos por Illa Bufarda e con incorporacións de youtubeiras e youtubeiros galegos para transmitir os seus coñecementos e experiencia.

PREMIOS YOUTUBEIR@S

A parte máis motivadora son os Premios youtubeir@s que foron mudando e medrando co propio proxecto. Desde a organización fomos seguindo as indicacións do xurado, así como as diferentes propostas que se foron presentando ao concurso, que viñan reflectindo os cambios que se están a producir nesta dinámica canle de transmisión.

Na primeira edición convocáronse dúas categorías, vídeo-opinarnos e vídeo-facermos, xunto con catro premios para aspectos concretos (calidade lingüística, creatividade, eficiencia comunicativa e calidade técnica). Na segunda edición incorporáronse o premio á canle e a #propostayoutubeira e na terceira creouse unha nova categoría para vídeo-cantarmos.

Na cuarta edición, no 2020, prodúcese cambios máis substanciais nas bases. Co lema "Expandingo a Rede", esta edición busca a inclusión de novas temáticas e formatos propios, atendendo as peculiaridades coa creación no Youtube e eliminando posibles limitacións na temática, así como no tempo de duración dos vídeos.

Hai tres grandes premios, de 1000 €:

- Canle: Valórase a calidade dos contidos, a calidade técnica e lingüística, a eficiencia comunicativa e a creatividade. Tense en conta a periodicidade na creación de novos vídeos e tamén o coidado da comunidade creada (uso doutras RRSS, imaxe da canle...)
- Youtubeir@: Valórase a calidade dos contidos, a calidade técnica e lingüística, a eficiencia comunicativa, a creatividade, a capacidade de creación de comunidade e a repercusión dos contidos creados.

- **Vídeo:** Valórase a calidade dos contidos, a calidade técnica e lingüística, a eficiencia comunicativa, a creatividade e a repercusión do vídeo.

E outros 9 premios, de 500 €, á calidade lingüística, ao maior impacto, á calidade técnica, á comunicación, á creatividade; ao mellor vídeo musical, didáctico, ao máis pioneiro (aqueles vídeos que introduzan a lingua galega nun eido pouco usado) e, por último, o premio do público.

O prazo para inscribir os vídeos e canles no Premio Youtubeir@s é moi amplo e poden inscribirse propostas desde o día despois do peche da anterior edición. Só hai que incluír no vídeo os cancelos youtubeiras youtubeiros e facer a inscrición na páxina oficial do proxecto. A participación está aberta ao ámbito internacional e é gratuíta.

VALORACIÓN

A participación foi en aumento ao longo das tres edicións, cun maior incremento na modalidade de vídeo opinarmos. Agora ben, tamén é interesante valorarmos a repercusión desta produción, non toda a xente se anima a crear - *saca o youtubeir@ que levas dentro* - pero si moita é usuaria desta rede: consúltaa, compártea, interacciona ou utilízaa como recurso didáctico. A isto tamén contribuíu a presenza activa noutras redes sociais, como facebook, twitter ou instagram; outra das liñas de acción do proxecto.

Os temas tratados foron mudando desde o 2017, onde destacaron aqueles sobre manualidades, maquillaxe e decoración, os de cociña, o de agro e os de audiovisual, videoxogos e informática. Houbo bastantes vídeos sobre a lingua galega, política, viaxes, literatura e consellos.

Na edición do 2018 foi notable a presenza de vídeos que teñen como eixo central a igualdade

de xénero. Continúan destacando os vídeos de horta e cociña. Tamén os vídeos nos que se recolle a sabedoría popular das persoas maiores. Naceron canles máis técnicas sobre informática e accesorios tecnolóxicos. Cremos que é positivo que superásemos esa primeira fase na que abundaban os vídeos que xustificaban o uso da lingua galega nas RRSS nese camiño para a normalización da lingua: en galego cabe todo. Houbo un descenso de vídeos sobre literatura, o cal cremos que é negativo; coidamos que sería bo que @s booktubeir@s tivesen o seu espazo dentro do proxecto Youtubeir@s.

Na edición do 2019 as temáticas foron aínda máis variadas. Continúan as de traballos manuais, cociña e sabedoría das persoas maiores. Destacaron as canles de opinión sobre diferentes aspectos da actualidade, a lingua, filmes e series, etc.

Continúan a abrirse novas canles en galego, protagonizadas por persoas galego falantes e tamén neofalantes que ven o proxecto como unha oportunidade. Moitas mantéñense activas desde o inicio: Xacobo de Toro, Aarón Vilariño, Nuria Espasandín, Nubes baixo ti, ... Xa podemos falar dunha comunidade de youtubeir@s que teñan orgullo de selo, participan activamente nas redes e fan colaboracións ou vídeos conxuntos.

O proxecto gaña, en cada nova edición, maior repercusión e presenza nos medios, con resultados positivos para a visibilización da presenza do galego na rede. Comeza a haber youtubeir@s que suscitan o interese dos medios de comunicación e que alcanzan unha importante presenza neles.

Desde os seus inicios xa son máis de 4.000 minutos de contido en galego incorporados á rede de youtube, contribuímos coa galeguización do termo, a xente xa fala de youtubeiros e youtu-

beiras, e son moitos os contidos presentados, desde os vídeos didácticos creados pola propia organización do proxecto até os achegados polas persoas participantes: vídeos de cociña, xardinería, consellos prácticos para levar unha vida saudable ... Podemos destacar tamén o traballo de apoderamento das mulleres de San Sadurniño, a transmisión de saberes das Cousas do Choio, a provocación de Aquele-e, as recomendacións literarias de Nubes baixo ti, as publicacións didácticas de Xacobe de Toro ... e todas as achegas que se foron facendo nestas tres edicións e que se poden ver na propia canle de youtube do proxecto.

Tamén é moi interesante salientar o uso e aproveitamento do proxecto por parte dos centros educativos. Youtubeir@s proporciona recursos, contidos, conversa; axuda a desbotar prexuízos lingüísticos: moita xente nova falando de temas do seu interese cos que se senten identificadas. Proporciona material didáctico mais tamén favorece unha aprendizaxe dinámica porque promove a creación e a interacción.

O Proxecto youtubeiras levou o premio ao proxecto máis innovador na primeira edición dos Premios Mil primaveras (www.milprimaveras.gal) que ten como obxectivo principal a posta en valor e o fomento da lingua e a procura do seu uso e/ou prestixio; este recoñecemento dáunos azos para seguir traballando nesta liña colaborativa e ir sumando apoios.

Toda a información na páxina do proxecto en www.youtubeiras.gal ■

A empregabilidade dos graduados en Pedagogía. Un reto para a USC



REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 80-82

Jesús García Álvarez

Facultade de Ciencias da Educación (USC)

jesus.garcia.alvarez@usc.es

Miguel A. Santos Rego

Facultade de Ciencias da Educación (USC)

miguelangel.santos@usc.es

INTRODUCCIÓN

Estudo e esforzo forman parte do día a día dos universitarios no percorrer dos estudos de grao. Pero, cal é o resultado de cinco anos de exames, biblioteca e horas de traballo? A esta pregunta tentamos dar resposta analizando o proceso de formación e inserción socio-laboural dos graduados en Pedagogía pola Universidade de Santiago de Compostela, xunto á idea de deseñar liñas teóricas e metodolóxicas que favorezan a toma de decisións sobre o título.

No fondo deste tema hai máis que unha análise de resultados sobre unha determinada titulación. Hai tamén unha filosofía da educación que entende a universidade desde a súa elevada responsabilidade formadora e, polo tanto, ao servizo da formación e a aprendizaxe como procesos de construción humana ante os enormes retos das sociedades actuais.

Os nosos obxectivos de partida conectan, por unha banda, coa teoría que sustenta e define o proceso de inserción laboral dos egresados universitarios. E por outro, co modo en que se concreta este proceso para os titulados en Pedagogía nun contexto como o de Galicia, onde tales estudos só se imparten na Universidade de Santiago de Compostela.

PROCEDEMENTO METODOLÓXICO

A aproximación á realidade realizouse con carácter principalmente exploratorio e descritivo, situándonos ante unha metodoloxía de carácter cuantitativo, cuxos datos foron obtidos mediante a utilización de cuestionarios. Concretamente, un dirixido a estudantes de último curso do Grao en Pedagogía, e outro dirixido a egresados.

Ambos instrumentos incluían datos sobre os titulados en Pedagogía desde o último ano dos

seus estudos ata os cinco anos posteriores a concluílos, polo que o noso traballo responde á tipoloxía propia dos estudos lonxitudinais.

Así mesmo, os datos recompilados por medio dos cuestionarios foron triangulados coa información obtida a través dun grupo de discusión realizado con empregadores e responsables de organizacións nas que traballan titulados en Pedagogía. É así como o estudo adquiriu tamén unha tinguidura de corte cualitativo, proxectando a investigación segundo un enfoque metodolóxico mixto.

Neste senso, observamos estudos con similar orientación (Almerich, Díaz-García, Cebrián-Cifuentes e Suárez-Rodríguez, 2018; Jiménez Vivas, 2007; Pineda-Herrero, Agud-Morell e Ciraso-Calí, 2016; Ventura e Martínez Olmo, 2007), cuxos obxectivos xiran en torno á descrición do proceso de inserción laboral deste profesional, é dicir, constitúen aportacións de sumo interese para o noso traballo en tanto que facilitan a realización de análises comparativas.

FORMACIÓN UNIVERSITARIA

No que se refire aos nosos resultados, observamos un alumnado que, fundamentalmente, accedeu aos seus estudos por vocación, a pesar de que para moitos a Pedagogía constituía unha segunda opción. Non obstante, esta opinión varía a medida que o grao se consolida na Facultade de Ciencias da Educación, o que, sen dúbida, resolve un dos principais obstáculos identificados por alumnos e egresados, isto é, a escasa definición das saídas profesionais asociadas ao título. Así e todo, a satisfacción coa formación recibida é moi elevada, sendo moitos os que cursarían de novo os mesmos estudos.

SITUACIÓN NO MERCADO DE TRABAJO

Unha vez concluídos, son poucos os graduados que se encontran traballando, polo menos no seu primeiro ano de egreso, o que os anima a continuar a súa traxectoria académica buscando, sobre todo, unha maior especialización a través de estudos de mestrado. A escasa empregabilidade destes titulados presenta unha forte compoñente estrutural, ligada directamente ao recoñecemento social do pedagogo como profesional. Tanto graduados como empregadores coinciden en que o recoñecemento social constitúe un dos factores que máis afecta a este titulado, demandando unha maior implicación do contexto, fundamentalmente académico, pero tamén laboral, en aras ao establecemento como propios daqueles ámbitos profesionais para os que se está formando.

Aqueles que atopan emprego, presentan relacións contractuais baseadas na temporalidade, traballando por horas ou a tempo parcial. Ademais, afirman desenvolver funcións propias da súa figura profesional, sendo o ámbito da educación o que máis graduados emprega.

DIFICULTADES DE ACCESO AO EMPREGO

Estudantes e egresados insisten na escasa contribución da universidade no desenvolvemento de certos elementos que teñen por verdadeiras dificultades para a súa inserción laboral. Así, a falta de información e formación específica, vinculadas directamente á educación universitaria, son as dúas dificultades máis sinaladas polo alumnado e sobre as que, pola súa natureza, cabería esperar unha proposta de mellora por parte da institución universitaria. Pola súa banda, a falta de experiencia laboral constitúe outra das dificultades con máis influencia na

empregabilidade. É polo que se espera da universidade un aumento dos seus vínculos co tecido empresarial, axudando ao alumnado a adquirir experiencia acreditada que aumente as súas posibilidades de acceso a un posto de traballo.

APORTACIÓNS DA UNIVERSIDADE

Con todo, a universidade ten contribuído á empregabilidade dos seus graduados, sobre todo nas cuestións vinculadas ao propio desenvolvemento persoal, pero tamén a competencias como a adaptación a novas contornas, traballo en equipo, resolución de problemas e asunción de responsabilidades. Competencias que, polo seu carácter transversal, son fundamentais no desenvolvemento profesional.

Na mesma liña, débese agregar que o acceso a determinados recursos que coadxuvan á vinculación do estudante co seu futuro profesional volveuse imprescindible, máis aínda se consideramos as actuais lóxicas de filtración e contratación de titulados; o cal pon de manifesto a necesidade de aumentar, en relación con isto, a interconexión entre a política educativa e a política de emprego. Dun lado, establecendo mecanismos que permitan ás empresas trasladar as súas necesidades ás universidades, xerando así novos eixes de investigación. E doutro, axustando a aprendizaxe ás esixencias reais do sector produtivo, formando profesionais nun marco sólido e coherente coas demandas que se derivan das necesidades do mercado de traballo.

CONCLUSIÓN

No acceso ao emprego resulta de vital importancia a información e orientación por parte da universidade, tanto na etapa educativa como profesional, de xeito continuado, permitindo a estudantes e profesionais, en calquera momento das súas



vidas, identificar as súas capacidades, competencias e intereses, así como adoptar decisións educativas, formativas e ocupacionais.

É necesario re-diseñar un título con sentido pleno, non só no seu contexto académico singular, senón no conxunto da edu-

cación superior. Foi a falta de recoñecemento profesional unha problemática constante para pedagogas e pedagogos no tecido social.

O noso enfoque non é o dunha educación supeditada ao mercado de traballo, pero o que non podemos esquecer é que

os graduados esperan que a súa universidade lles proporcione as ferramentas necesarias para afrontar unha das etapas máis complexa das súas vidas, a transición á vida activa.

Nun mercado de traballo competitivo necesitamos profesionais capaces de desafiar os problemas do século XXI. A universidade constitúe o berce do saber, do coñecemento e do futuro, institución privilexiada no percorrer formativo de mozas e mozos que optan a un emprego cualificado, pero tamén parte responsable da súa transición ao mundo do traballo, momento no que ten lugar a transferencia de coñecemento á sociedade, culminación da terceira misión da universidade. ■



- ALMERICH, G., DÍAZ-GARCÍA, I., CEBRIÁN-CFUENTES, S. e SUÁREZ-RODRÍGUEZ, J. (2018). Estructura dimensional de las competencias del siglo XXI en alumnado universitario de educación. *RELIEVE*, 24 (1), 1-21.
- JIMÉNEZ VIVAS, A. (2007). Aproximación a un diagnóstico comprensivo sobre la formación y la inserción laboral en la titulación de Pedagogía de la UPSA. *Papeles Salmantinos de Educación*, 8, 95-117.
- PINEDA-HERRERO, P., AGUD-MORELL, I. e CIRASO-CALÍ, A. (2016). Factores que intervinen en la inserción laboral de los titulados en Educación en tiempo de crisis: un estudio sobre Cataluña. *Revista de Educación*, 372, 141-168.
- VENTURA, J. e MARTÍNEZ OLMO, F. (2007). Inserció laboral i empleabilitat en el marc de l'Espai Europeu d'Educació Superior: el cas de la Facultat de Pedagogia de la Universitat de Barcelona. *Temps d'Educació*, 32, 99-117.

A normalización lingüística na escola vista polas organizacións de nais e pais



REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 83-85

Este ano cúmprese unha década da publicación do Decreto para o Plurilingüismo, norma sobre a que o conxunto de organizacións representativas da comunidade educativa expresaron o seu rexeitamento de maneira contundente, por entenderen que supuña unha regresión sen precedentes no papel que lle corresponde ao sistema educativo na normalización do noso idioma. As organizacións representativas das familias tiveron un importante papel, achegando argumentos de diverso alcance, propostas alternativas e mesmo promovendo ou secundando a mobilización cidadá. Coa finalida-

de de recoller as súas achegas de xeito concreto convidámolas a centrarse nas seguintes cuestións.

1. Logo dunha década de aplicación do Decreto para o Plurilingüismo, cal é o balance xeral que facedes desde a vosa entidade?
2. De cara ao futuro, que accións ou medidas vos parecerían acaídas para que a escola puidese desenvolver o seu potencial como axente de normalización lingüística?



O decreto dos pailáns

Fernando Lacaci

Presidente da Confederación Anpas Galegas

anpasgalegas@gmail.com



Deberíamos chegar a un consenso sobre o que significan as linguas que falamos, definir cal é o seu valor económico, a súa capacidade para transmitir datos e informacións. Deberíamos poñerlle cifra á valoración dun idioma, saber se serve ou non para algo. Se fósemos quen de facer iso, quizais poderíamos entender a quen pariu o Decreto para o plurilingüismo, ou a quen apadriñou a idea, que ao cabo é o que importa.

Hai dez anos tentaron vendernos que era ben deixar a terceira parte da nosa educación a unha lingua estranxeira -o inglés-; e ademais entregar as materias científicas ao castelán. As razóns foron sempre unha presunta utilidade, unha mellora competitiva para o traballo futuro e o logro dunha formación máis "cosmopolita".

Mais o que estaba detrás dese Decreto non era máis que unha visión paleta e cohibida dos peores personaxes da nosa historia, aqueles que se avergoñan de quen son, e de quen somos os demais, e por riba pensan que é a lingua quen recolle esa vergoña que levan canda eles.

Que o Decreto foi contestado, non querido e non desexado sábeo todo o mundo. Que non se aplicou na súa meirande parte sábese tamén. Que non había razóns para provocar un enfrontamento lingüístico entre as familias galegas estaba claro. Pero aínda así fixo moito dano.

Os centros escolares inundáronse de aulas en inglés, maiormente Educación Física e Plástica pero tamén outras materias, coa única intención de conseguir o nome insignificante de "centro plurilingüe"; esas materias foron un auténtico desastre en si propias, e tamén un paso atrás na aprendizaxe do inglés. Matemáticas e Física pasaron a explicarse en castelán como lingua de maior importancia, e varreron anos imprescindibles de traballo en galego.

Pero o peor que introduciu aquela normativa foi a dúbida sobre algo que ninguén negaba até entón: cal era a lingua propia de Galiza. Non cal é a lingua oficial, nin sequera cal é a lingua franca co resto do Estado, o que se cuestionou foi a posición da Lingua Galega dentro da nosa sociedade, da nosa cultura e da nosa heranza emocional. Ese dano foi terríbel.

Dez anos máis tarde, non só a causa do Decreto, pero tamén pola súa causa, temos unha xuventude en crecente desleixo da súa propia realidade e da súa propia lingua; non aprenderon inglés, saben o mesmo castelán que habían saber se nada se fixer, pero non saben galego nin participan en galego nunha porcentaxe doente. A transmisión de valores, coñecementos e experiencias de milleiros de anos de historia dos nosos devanceiros estase a truncar pola acción dun grupo de pailáns que pensan que a educación é a preparación para gañar diñeiro, e que o Ensino Público non é máis que unha academia de obreiros e patróns.

Mais non gañaron, as galegas e galegos sabemos que o Galego é a Nosa Lingua e cómpre repoñelo xa no seu lugar no Ensino Público. Precisamos un plan xeral de normalización que faga do Galego a lingua vehicular de todo o ensino, dende infantil até a finalización da universidade; precisamos liberarnos de complexos e entender que en Galego todas as materias son posibles, e todas as emocións e os coñecementos.

Pódese vivir en galego, e de feito para nós é a mellor maneira de vivir, sen necesidade de nos privar de ningún outro coñecemento nin de ningunha outra capacidade.

Unha normalización pouco normal

Roxelio Carballo

CONFAPA - Galicia

confapagalicia@confapagalicia.org



Transcorrida unha década dende a posta en marcha do Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, a paisaxe cotiá que vemos diante de nós é o nulo uso da nosa lingua na sociedade. Este abandono do galego acada cotas de extrema gravidade no ámbito educativo, especialmente nos centros de ensino das cidades e núcleos de poboación menos rurais. Mesmo entre as familias máis galegofalantes temos constatado como, logo de entregar os nosos fillos ao sistema educativo falando galego, este devólvenos aos poucos meses unhas criaturiñas que xa o esqueceron ou o afastaron. No mellor dos casos deica a vida adulta, na que poida que esperte neles a necesidade de empregala ou o amor por falala. No peor dos casos e moi frecuentemente, para non recuperala xamais.

Neste ermo lingüístico, neste fracaso colectivo, parece evidente que algunha responsabilidade debe ter o decreto de plurilingüismo do ano 2010. Probablemente na falta de compromiso para acadar os niveis de uso no ámbito académico tanto polos profesores como polas familias. Seguramente na ausencia de investimentos significativos para poñer en valor o galego por parte da Administración. Certamente, polo silencio clamoroso dos medios de comunicación, que apenas empregan a nosa lingua, pero fundamentalmente e sen medo a equivocarnos, por tentar establecer cambios culturais dende o eido lexislativo. Xamais tal cousa pasou no mundo. Non temos nin idea de por que aquí esperabamos un resultado distinto.

Os tempos que ten que vivir o galego como lingua son complexos, os máis difíciles da historia. Estamos á distancia dun clic para aprender calquera lingua foránea que necesitemos para un traballo, para unha relación con estranxeiros, ou simplemente por lecer e ansia cultural. A *globalización* esixe, cada vez máis, a utilización de linguas francas, onde o inglés e o castelán teñen todo por gañar e nada por perder. As linguas necesitan ser útiles para ser conservables; niso son iguais cós monumentos. Aqueles que deixan de ser útiles convértense no que John Ruskin chamaba a ruína evocadora, unha memoria do que foi, que cómpre conservar arqueoloxicamente pero tamén deixar morrer en paz e con dignidade.

Se non queremos que a nosa lingua corra ese destino fatal, non cometamos os mesmos erros. Non hai lexislación no mundo que obrigue as persoas a falar unha lingua. E se o fan, será para odiala eternamente. Hoxe en día entendemos que para que un monumento perviva e siga tendo un valor cultural debemos rehabilitalo, que volva ser útil. Debemos conseguir que a nosa lingua teña atractivo, que naturalmente desexemos empregala e falala. As políticas lingüísticas teñen que crear a necesidade de empregar o galego por cuestións moito máis alá da obriga ou da normativa: Por ser un trazo de modernidade, por desexo de individualizar a experiencia, por marca, por necesidade de destacar nun mundo globalizado, por simpatía, por lecer, por gozar dela. A historia xa nos deixou claro que é mellor convencer ca vencer. Fai máis por poñer en valor o galego unha viñeta de Davila que todas as políticas de normalización da última década.

PANORAMA

Xosé Ramos Rodríguez

Antón Costa Rico

Nova Escola Galega

jose.ramos.rodriguez@edu.xunta.es

anton.costa@usc.es

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 86-89

ACTUALIDADE DA POLÍTICA EDUCATIVA

Este si que foi un inicio de curso inesquecible. O sistema educativo está patas arriba pola COVID19. Suponse que a Administración educativa poñerá o seu empeño en atopar as mellores solucións a un problema tan grave. Pois parece ser que non. Vexamos.

- Ante o clamor da necesidade de contratar mais profesorado - para reducir as ratios, para atender á diversidade e para xestionar unha situación tan excepcional- negouse por principio e despois declarou facelo con cifras enganosas, contabilizando profesorado de programas preexistentes (ARCO, PROA) ou profesorado necesario para cumprir as ratios mínimas legais en Infantil e Primaria, que se estaban incumprindo alegando excepcionalidade.

- Ante o envío de partidas económicas da UE para gastar de modo finalista en educación, dise que se gastará onde a Administración o considere conveniente, non necesariamente en educación.

- Ante un problema de negligencia no transporte escolar, no CEIP Luis Seoane de Oleiros, faise dimitir á súa Directora, que nada tivo que ver, nun exercicio de autoritarismo desesperado por non comunicar a tempo (?) o incidente á Xefatura territorial. Provocando a resposta unánime de toda a Comunidade Educativa e do propio Concello.

- Seguen coa nefasta política de peches de escolas rurais, nun momento que é un clamor a necesidade da súa existencia polo alivio que poderían supor nunha situación como a actual, ademais da súa necesidade como política a longo prazo de reverter o ermo do rural.

- Esta situación trouxo como consecuencia unha convocatoria de folga, que nesta ocasión foi apoiada tamén polas propias Asociacións de Nais e Pais.

- Tamén foi sorprendente o inicio de curso polas idas e voltas da Consellería con respecto á súas propias previsións, primeiro por non querer variar as ratios, despois por adoptar a distancia de 1,5 metros que as modifica e mais tarde por indicar a necesidade de colocar mamparas e/ou dispoñer o ensino semipresencial para evitar o incremento de profesorado.

- Cámbiase o equipo directivo a fronte da Consellería, pero as políticas seguen.

A pesar do dito, non negaremos os **bos desexos ao novo equipo da Consellería** que polo menos intentou cambiar de talante reuníndose, no primeiro acto público que tivo, co Consello Escolar de Galicia, acompañado do Conse-

lleiro de Sanidade, tamén recén nomeado.

Pero a preocupación sanitaria non pode facernos esquecer que se precisa da **tranquilidade emocional de alumnado e do profesorado** para establecer condicións de aprendizaxe razoables, pois sen elas dificilmente avanzaremos na educación.

Diciase no último dos cinco NEG-Opina de 2020, que non podemos permitir que esta situación extraordinaria, ademais de significar unha dificultade para o desenvolvemento curricular do alumnado, veña perverter a visión global do que significa a educación, aspecto no que tanto custa avanzar. En 1917, Ernest Briod, como Presidente da Sociedade Pedagóxica da Suíza francófona, ao presentar os temas do Congreso que en 1920 se iría celebrar en Neuchâtel, falou da *école assise* como dun modelo a superar, e pouco despois Ferrière contraponerá a “escola activa” á “escola sentada”, na que se impartía un ensino abstracto e uniforme. Poderíamos dicir que a “escola sentada e de ringleiras a toque de chifre” nunca máis.

REAL DECRETO-LEY 31/2020

Este panorama cheo de incertezas presenta outra novidade que debe merecer a nosa atención: o **Real Decreto-ley 31/2020, de 29 de setembro**, por el que se adoptan medidas urgentes en el ámbito de la educación no universitaria. BOE 30/9/2020. Que estará en vigor neste curso académico.

O mais polémico e rexeitable deste é a primeira medida, que posibilita a contratación de profesorado para responder ás necesidades da urxencia da COVID19, sen necesitar a acreditación da súa formación académica do mestrado de secundaria. Nin unha formación rápida, nin medidas de titoriza-

ción, nin nada alternativo a cambio. Hai un clamor contrario a que sexa varrida sen debate e sen alternativa a institucionalización dunha mínima formación lograda cun mestrado, como no resto de profesións reguladas. Despois do traballo que custou e segue constando normalizar e prestixiar esta formación inicial. Isto sería inconcibible noutro ámbito profesional.

No texto aparece o recoñecemento do traballo non presencial; para amparar xuridicamente esta situación que se viviu e se segue vivindo, de xeito mais puntual, co ensino semipresencial. Tamén se ampara que as Administracións flexibilicen os currículos e criterios de avaliación como xa se fixo, sen esta cobertura legal no curso anterior. Agardemos que isto poda servir en posteriores momentos para reabrir o debate dun currículo tan sobrecargado e académica como o que hoxe temos (sufrimos).

Tamén é moi importante, por ir desfecendo o sarillo da LOMCE, a eliminación das avaliacións finais das diferentes etapas, tan contestadas e, salvo as de educación primaria, sen ter entrado plenamente en vigor.

OS RISCOS DA SEMIPRESENCIALIDADE

Debemos ser conscientes dos seus riscos, sabendo que nas clases de impartición telemática docente é máis doado que

haxa alumnado ‘que desconecta’, tanto debido a situacións de menor motivación no estudo e dificultade de concentración para levar adiante unha formación autónoma, como polas propias limitacións da actuación docente neste medio, e igualmente sabemos que a menor tempo de presenza activa nos centros cobran crecente forza as determinacións do ambiente, capacidades e posibilidades da contorna familiar e próxima.

O profesor e inspector Celso Currás (que foi Conselleiro de Educación da Xunta de Galicia polo PP) sinalaba en setembro na súa columna de *La Voz de Galicia* “O curso escolar atípico”: presencialidade e reforzo de plantillas. É que non queda outra.

GALEGUIZACIÓN

Por feliz iniciativa da **Mesa pola Normalización Lingüística**, que secundamos diversas organizacións sociais, políticas e culturais, estase a desenvolver unha multitudinaria recollida de sinaturas no conxunto de Galicia a prol da presentación dunha Iniciativa Lexislativa Popular en apoio dunha programación na Televisión de Galicia: unha canle e unha App Xabarin Clube que emitan continuamente contidos atractivos e de interese para a infancia e a mocidade galega. Adiante coa recollida de sinaturas.

Asina!

Por unha canle
Xabarin Club
24 horas na TVG



A MESA POA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

#XabarinClub

INICIATIVAS

No pasado mes de setembro o xornal *Faro de Vigo* levou adiante o seu IV Foro de Educación, baixo a coordinación da xornalista Selina Otero, quen tamén leva adiante as páxinas de *O Faro na Escola*. Foi ocasión de poder realizar diversos encontros e talleres e de escoitar a algúns destacados educadores como foi o caso da intervención de José A. Fernández Bravo: “Ensinar desde o cerebro de quen aprende”.

PREMIOS

O III Premio anual **Luís Porteiro** de recoñecemento da actuación universitaria a prol da galeguización educativa na Universidade de Santiago de Compostela foille concedido ao profesor **Antón Costa**, no seu 44 curso de actuación docente. A súa intervención no acto celebrado no pasado mes de setembro foi antecedida pola dos padriños profesores José A. Caride e Xesús Rodríguez.

O Colexio Rural Agrupado **Mestra Clara Torres de Tui**, creado hai vinte anos coa fusión de 9 ecolas unitarias, foi escollido como mellor escola española polo xurado da IIIª edición do galardón que a Fundación Princesa de Girona outorga anualmente a centros educativos comprometidos co desenvolvemento educativo, valorándoo como «un exemplo de dinamización en entornos rurais a través da participación e implicación das familias e dos membros da comunidade».

PUBLICACIÓNS

A Editora Rinoceronte lanzou *online* e de balde o seu dicionario castelán-galego con máis de 27.000 entradas: <https://rinoceronte.gal/diccionario/>

Sinalamos o libro de Carlos Rego *O camiño da luz*, sobre a vida de **Magín Blanco**. Magín Blanco leva creado moitas músicas e cancións para o mundo infantil galego e este libro de Carlos Rego preséntanos a vida e



Carlos Rego e Magín Blanco. Fonte: Valdeorrasdecerca

a obra dun músico único, que crea beleza con naturalidade.

EXPOSICIÓNS

Neste ano 2020 conmemórase o bicentenario do nacemento de **Concepción Arenal**. Con este motivo entre outras inciativas neste Outono pódense ver en Santiago senllas coidadas exposicións sobre a vida e a obra da gran penalista galega, que foi tamén unha impulsora da defensa dos dereitos humanos e

da dignidade das mulleres, con atención específica ao desenvolvemento educativo, tanto a través das institucións do sistema educativo, como por medio de ateneos, clubs de lectura e outras mediacións da educación social.


Unha das exposicións celebrouse no Colexio de Fonseca, mentres a outra desenvólvese na Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura.




FÓRONSE

Xosé María Méndez Domenech (1944- 2020). No pasado agosto morreu quen foi un grande impulsor de iniciativas culturais e o maior impulsor da revista infantil e xuvenil galega *Vagalume* (1975 – 1978), a publicación que viña ser a casa, a expresión e o espello das experiencias primeiras de normalización escrita do galego, en particular nas aulas de educación infantil e de primaria. A revista que coidaron canda el as 'monxas da Lareira', as mestras de ACIES/MCEPG, algúns dos ensinantes da UTEG e da USEG, ou tamén entre os máis vedraños Albino Nuñez, Avelino Pousa, Valentín Arias, Dourado Neira, Xesús Santos ou Olimpio Arcas. *Vagalume* permitiu a edición dos (case os) primeiros materiais didácticos para o ensino en galego e tamén (case os) primeiros exercicios de banda deseñada en galego para o mundo infantil, xunto á presenza de poemas, contos, pezas teatrais, e pode verse unha referencia máis ampla sobre a esta revista no nº 25 da *Revista Galega de Educación*.

Foise de onda nós Paz López Facal, mestra e unha das pioneiras no campo da galeguización lingüística da escola. Participou no grupo que introduciu a filosofía e as técnicas de Célestin Freinet nas nosas escolas nos anos setenta e en Nova Escola Galega. Foi parvulista recoñecida nas terras de Compostela e neste ámbito foi creadora de recursos didácticos, como autora e co-partícipe de publicacións destinadas ao ensino: *Labia*:materiais de lecto escritura, *Canles 1* lingua galega, *1º EXB*, *Canles 2* lingua galega, *1º EXB*, *Nobelos de Papel*, *1 EXB* ou *Nobelos de Papel* proposta didáctica, materiais publicados por Edicións Xerais de Galicia. ■



Xosé María Méndez Domenech.
Fonte: La Voz de Galicia



Imaxe de arquivo de Paz López Facal. Fonte: Tempos Dixital



Tamén dixemos ADEUS a Quino, creador de Mafalda.

Silvia López-Gómez

silvia.lopez.gomez@usc.es

Denébola Álvarez-Seoane

denebola.alvarez.seoane@udc.es

Grupo de Investigación Stellae (USC)

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 90-91

EXPERIENCIAS

O Mar no Camiño (<https://omarnocamino.org/>): Proxecto posto en marcha pola Fundación para a Pesca e o Marisqueo (FUNDAMAR) dentro do programa *O teu Xacobeo* para a difusión do Camiño de Santiago e a cultura mariñeira galega. Leváronse a cabo obradoiros dirixidos pola educadora social Palmira Castro (<https://mimadrinha.com/>), nos que participaron 300 nenas e nenos de centros educativos de localidades do Camiño de Santiago Portugués. Na web do proxecto pódese ver a exposición virtual realizada coas obras colectivas dos colexios e acceder a outros materiais, como un conto, guías didácticas e un xogo virtual.

#Museonacasa (<https://cutt.ly/AoH7q74>): Iniciativa do Museo de Belas Artes da Coruña para achegar a figura e obra de Luís Seoane aos fogares e impulsar a reinterpretación da súa obra a través das redes sociais. Na web do museo pode realizarse unha visita virtual e acceder a varias actividades e vídeos relacionados coa exposición. Así mesmo, existen outros recursos de interese como unha visita virtual a outras salas do museo e diferentes fichas por temáticas.

Así era o meu cole (<https://cutt.ly/yoH7hkG>): Documental elaborado polo 50 aniversario do CEIP Coirón-Dena no que participan alumnado e profesorado do centro, tanto daqueles inicios da súa historia como actuais. Na canle de YouTube do centro atoparás tamén outros vídeos de contido diverso que che poden resultar de interese, como o conto de Samaín "Carabuñas" contado polo alumnado ou a obra de teatro infantil "A casa da mosca chosca".




FERRAMENTAS

Xogo de Cartas Life in Common Land (<https://www.lifeincommonland.eu/material-divulgativo>). Material elaborado no marco do proxecto europeo Life in Common Land impulsado pola Deputación de Lugo. Por medio deste xogo didáctico preténdese sensibilizar sobre a biodiversidade da Serra do Xistral e achegar coñecementos relacionados coa súa fauna, flora e ameazas que afectan aos seus hábitats como son, entre outras, os lumes forestais, o cese de actividades tradicionais e o cambio climático. O xogo pódese descargar dende a páxina web do proxecto.

A escola infantil na casa. Repositorio da Xunta de Galicia de contos, cancións e actividades elaboradas por profesorado da rede autonómica de escolas infantís. Foi aberto o 23 de marzo de 2020, a raíz do illamento por COVID-19, para xerar material educativo que permitise ás familias dar continuidade na casa ao labor realizado nas escolas. Pódese acceder libremente ao contido a través do seu blogue (<https://www.escolasinfantisdeg Galicia.es/aescolainfantilnacasa/>) e canle de YouTube (<https://cutt.ly/toH7nNc>).

A celebración do Día das Letras Galegas do ano 2020 coincidiu nun momento de confinamento nos fogares e non presencialidade da escola, motivo que propiciou que docentes e centros educativos elaborasen e compartisen recursos para traballar esta sinalada data e homenaxear a figura de Ricardo Carvalho Calero:

Descubre as letras 2020 (<https://patrifulca.wixsite.com/xogoletras20>). TXogo de pistas e desciframento de códigos elaborado por Patricia Sánchez para alumnado de




6º de Educación Primaria e de Secundaria. Recomendamos tamén o seu blogue (<http://www.afiestradamestra.gal/>), onde atoparedes ideas, materiais e experiencias en lingua galega para infantil e primaria. Entre os obxectivos deste proxecto atópase a necesidade de introducir a perspectiva feminista na educación sexual como estratexia cara á igualdade de xénero e á prevención de condutas de risco.

O misterio da casa de Ricardo Carvalho Calero (<https://cutt.ly/eoH7Arl>). Escape room dixital deseñado por Alba Carril Casanova (CPI de Vedra) e Ana Sánchez Sanmartín (CEIP Arquitecto Casas Novas) para alumnado de Primaria.

Carvalho em Pessoa (<https://cutt.ly/4oH7ZeB>). Serie-documental elaborada por AGAL de 17 capítulos en formato de microrrelatos de menos de 2 minutos.

Voces para Ricardo Carvalho Calero (<http://ecultura.net/voces-para-ricardo-carvalho-calero/>). Audiovisual elaborado pola Concellería de Cultura do Concello de Porriño que recolle unha lectura colectiva das súas obras. A súa homenaxe foi acompañada tamén dun xogo de preguntas (<https://cutt.ly/6oH6GTM>) e a Biblioteca do Concello elaborou un post diario que contextualiza o momento histórico, a figura e obra de Carvalho Calero (<http://ecultura.net/7-post-sobre-carvalho-calero/>).

As pitas baixo a choiva. Este relato breve de Carvalho Calero foi contado polo profesorado de infantil do CEIP Raquel Camacho nunha versión narrada e acompañada de imaxes do conto (<https://cutt.ly/coH72Db>). Mais tamén foi versionada por O Mestre de Música nun stop motion musicado (<https://cutt.ly/foH5qlg>). Recomendamos seguir a súa canle de YouTube na que atoparedes recursos musicais educativos para infantil e primaria.



NON DEIXES DE CONSULTAR...

• **Enreguéifate** (<https://enregueifate.gal/>). Proxecto para a difusión da lingua galega a través da regueifa (improvisación oral en verso). Comprende accións formativas para o profesorado e alumnado, un encontro anual para os centros educativos e o certame *Enreguéifate*. A través da súa páxina web pódese acceder aos vídeos dos participantes e gañadores de cada edición deste certame, así como a unha serie de vídeos promocionais, entre os que se atopa o realizado na corentena por mor da COVID-19.


Agradecementos a Séchu Sende por darnos a coñecer a banda deseñada "Elisa e Marcela" (Xulia Vicente, 2020) onde a regueifa tamén está presente. E por achegarnos ao xogo "Campo de Regueifa" da Escola de Ensino Galego Semente, baseado na idea dunha nena chamada Maré.

- Acceso á banda deseñada "Elisa e Marcela": <https://bit.ly/3eBGvca>
- Acceso á descrición do xogo "Campo de Regueifa": <https://cutt.ly/TiD9I7J>

• **DigiTalent** (<https://digitalent.xunta.gal/es>). O Plan de Promoción de Talento Dixital en Galicia, impulsado por Amtega (Xunta de Galicia) en colaboración con outras organizacións, ten como finalidade promover a competencia dixital da cidadanía e responder ás posibles demandas de perfís tecnolóxicos. Lévanse a cabo diferentes accións e actividades estruturadas en función do ciclo de vida dunha persoa: infancia e adolescencia, xuventude e madurez. Entre as iniciativas enmarcadas neste Plan destaca o programa "DigiCraft no teu cole" (convenio de colaboración asinado coa Fundación Vodafone España) para contribuír ao desenvolvemento das capacidades dixitais do alumnado. Na seguinte páxina web pódese acceder a diferentes actividades DigiCraft: <https://digicraft.fundacionvodafone.es/actividades>

• **Cancións da Mesa** (<https://cutt.ly/JiFMc5s>). Lista de reprodución da Mesa pola Normalización Lingüística que integra oito cancións infantís de contidos diversos para aprender vocabulario en galego: o abecedario, os días da semana, os meses do ano, o tempo ou os peixes do mar.





Un anaco da historia da banda deseñada entre nós

Emilio Xosé Ínsua

Consello de Redacción da RGE

mimadrinha@edu.xunta.es

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 92-95

Coruñés Xulio Carballo Dopico, profesor de ensino medio e membro da Asociación de Críticos e Divulgadores do Cómic (ACDC), ofrece na súa obra *Os pioneiros da banda deseñada galega 1971-1979* (Eds. Xerais, 2019) unha rigorosa e asemade amena viaxe a través dun anaco concreto da nosa historia cultural, tan chea de feblezas e dificultades obxectivas como repleta, por fortuna, de entusiasmos subxectivos para as tentar superar.

O volume ábrese cun breve pero substancioso limiar dun dos protagonistas da aventura que se pretendeu historiar, o coñeci-

do deseñador Pepe Barro, quen destaca no seu texto o rol teorizador do xénero desempeñado entre nós por Reimundo Patiño (1936-1985) e subliña o esforzo colectivo dos debuxantes dese período do tardofranquismo na Galiza por conxugaren elementos aparentemente pouco axeitados *a priori* para a mestura: o cómic propiamente dito coas tendencias plásticas expresionistas, abstractas e de *pop-art* do momento; o afán de experimentación e a audacia temática co humor e a crítica social, nun intre en que a maquinaria censora e represiva do franquismo estaba aínda perfectamente engraxada. O cómic galego tran-

sitou entón camiños de diálogo dificilmente equilibrado entre unha tradición galeguista maiormente sisuda e minoritaria (que legou, non obstante, a baril de defensa do idioma como necesaria actitude) e unha emerxente cultura de masas, con toques "alternativos" (*underground, hippis e beatniks*).

No inicio do libro, despois de aludir á preocupante falta de estudos sobre o xénero e de repasar as diversas etiquetas coas que se ten tentado definir, en diversos ámbitos e latitudes, a chamada "novena arte" (*tebeo, historieta, fumetti, quadrinhos, manga, cómic, banda desiné...*), Xulio Carballo opta pola denominación de "banda deseñada" e achega a seguir, mediante seis grandes capítulos, a súa particular contribución para o coñecemento desa manifestación na nosa historia, centrada basicamente no período 1971-1979.

Comeza por situar, no primeiro deles, os precedentes remotos da banda deseñada galega, aludindo ás fermosas ilustracións que acompañaron na Idade Media as *Cantigas de Santa María*, para logo achegarse aos precedentes inmediatos, que se situarían a finais do século XIX coa edición de debuxos e caricaturas nalgúns cabezallos de prensa galega, como o satírico compostelán *El Ciclón*. En plena 2ª República o debuxante Enrique Pardo creou no *Faro de Vigo* o personaxe "D. Fermín", en castelán, e artistas como Cebreiro, Torres, Vidales Tomé, Maside ou Castela contribuíron, empregando xa o galego, a afianzar a caricatura e o deseño humorístico entre nós.

Na Galiza de posguerra, antes da aparición dos primeiros xermolos da banda deseñada contemporánea da man do grupo "Brais Pinto", cabe amentar tres precedentes relevantes: a tira "Cousas de Ugenio" de Juan Navarro en *El Correo Gallego*

(1947); o traballo "El tesoro de Rande" de Bofill na revista *Vida Gallega* (1962) e os cartaces de cego de Isaac Díaz Pardo nos anos 70 titulados *Paco Pixiñas*, *A nave espacial* e *O Marqués de Sargadelos*, respectivamente.

Foi Reimundo Patiño, na fundada opinión de Xulio Carballo, o *factótum* das primeiras realizacións anunciadoras do salto que se ía producir na historia da banda deseñada galega (BDG), a través de plataformas como o grupo "Brais Pinto", o grupo "A Gadaña", a "Estampa Popular Galega" e o grupo "Fusquella". Este último, formado polo propio Patiño e por Xaquín Marín, favoreceu a aparición do primeiro álbum da BDG, *2 viaxes* (1975), así como da banda-mural *O home que falaba vegliota* (1972), de Patiño, formada por doce serigrafías, e do álbum *Ratas* (1977), de Xaquín Marín, recuperado en 2006 na súa versión orixinal galega por Edicións Embora de Ferrol.

A primeira historieta galega apareceu en marzo de 1971, da man do propio Xaquín Marín, no número 35 da revista *Chan*. Leva por título "O emigrante" e foi seguida doutras como "A percura da comida", "A leiteira" e "A cobra do vrao". Xulio Carballo ofrece no segundo capítulo da súa obra unha detallada análise dos contidos e trazos de todos estes traballos pioneiros.

O terceiro capítulo da obra céntrase nos labores do chamado "Grupo de Cómic do Castro", activo entre 1972-1975 e do que fixeron parte, inicialmente cando menos, Xosé Díaz, Rosendo Díaz (a) Roxo, Luís Esperante e Xesús Chichi Campos. Foi, segundo analiza Carballo, un grupo caracterizado pola vea antiautoritaria e que destacou polo afán de presentar ao público os seus traballos, en exposicións que organizaban asociacións culturais (O Facho, O Galo, Francisco Lanza...) ou algúns centros educativos. Esas

mostras, porén, non tardaron en padecer a acción censora das autoridades franquistas e mesmo algún atentado por parte de elementos ultradereitistas.

Entre eses traballos cabe citar "En calquer intre de calquer día" e "A pomba da liberdade", de Xosé Díaz; "¡Que tempos estes!" e "Zamba milonga", de Chichi Campos; "Historia dun home que necesitaba durmir 8 ou 9 horas polo menos", de Rosendo Díaz e, por último, "Picasso", de Luís Esperante. Ademais, o Grupo promoveu a primeira revista de BDG, co título de *A Cova das Choias*. Esta publicación tivo, porén, vida ben efémera: só se editou un número en Suíza en 1973, da man de Carlos Díaz Martínez e do colectivo "Roi Xordo" (número dixitalizado en 2002 polo Consello da Cultura Galega).

No cuarto capítulo, Xulio Carballo céntrase na relación da banda deseñada galega cos medios de comunicación, deitando especial atención ás experiencias despregadas no período en cuestión por algúns xornais e revistas. Así, *El Ideal Gallego*, por decisión do seu entón director Rafael González, acolleu a páxina dominical titulada "As Furnas do Rei Centolo", que apareceu coordinada por Pepe Barro entre xullo de 1974 e xullo de 1975. Nese suplemento dominical, auspiciado pola asociación cultural compostelá O Galo, viron lume varias tiras, como as "Historias dunha vella descoñecida", de Luís Esperante; "Dr. F.", de Ricardo Lázaro e "Gaspariño", de Xaquín Marín (editada en 1978 como álbum polas Edicións do Rueiro). A maiores, o rotativo publicou a tira "Lixandre", do propio Xaquín Marín; as pranchas "A vella da pomba" e "Lobos", de Pepe Barro, e a prancha de Siro "Antre cochos anda o xogo".


Outro dos xornais que favoreceu a difusión de BDG neses anos foi o semanario *A Nosa Te-*


rra, posto en marcha en decembro de 1977 baixo a dirección de Margarita Ledo. Xaquín Marín achegou ás súas planas as "Historias de esmagados" e as tiras de "D. Augusto" (personaxe inspirado, probablemente, no xornalista de *La Voz de Galicia* Felipe Fernández Armesto, Augusto Assía), mentres Xosé Lois González (a) *O Carrabouxo* publicou "Sabeliña" e Alberte Permuy achegou ao longo de 1978 unha ducia de narracións gráficas. De toda esta produción ofrece Carballo cumprida análise, onde non falta ningún aspecto a considerar: personaxes, temática, estrutura gráfica e narrativa, etc.

No xornal vigués *El Pueblo Gallego* o debuxante Pepe Carreiro, un dos futuros promotores das revistas *Can sen dono* (1983-1990) e *Xó!* (1991) e creador da coñecida serie de "Os Bolechas", retomou en abril de 1979 unha tira, "O galo Camilo", da que xa fixera algunha entrega previa na efémera revista *Teima*. Tamén publicou "O fillo de Breogán" no voceiro comunista *A Voz do Pobo*.

No diario *La Voz de Galicia* é de destacar, durante tres meses de 1976, a tira "Fuco", de V. Veiga, se ben o rotativo optou por colocala nun lugar tan pouco axeitado como era o encabezamento da páxina de anuncios por palabras. Pola súa vez, o diario ourensán *La Región* promovería a partir de 1974, baixo a coordinación do mestre e escritor Paco Martín, o suplemento infantil *Axóuxere*, no que viron lume a tira "Lamote" (do propio Martín e Xan Balboa) e o álbum *Comandante Iago*, de Ulises L. Sarry. Tamén acollería a partir de 1977 as tiras de Pablo Rodríguez, (a) *Oitabén*, un dos colaboradores destacados da revista *Vagalume*.

Un dos apartados do cuarto capítulo do libro de Xulio Carballo está dedicado, precisamente, a esta publicación infantil e xuvenil, que se editou entre xaneiro de 1975 e maio de 1978. Nunha primeira etapa, que abrangueu os doce primeiros números, acolleu numerosas historietas e narracións deseñadas de autores galegos, como o estradense Fernando Porto ("Un día coa panda"), Ferreiro ("As perdices do Ferreiro", "A merenda milagrosa"), o lalinense Gonzalo Navaza ("Roubando porcos", "Os dous lobos", "Roubando mazás"), o ferrolán Jorge Llorca Freire ("Silvestre"), o catoirense Miguel Docampo ("A gran mazá", "O tolo", "O soño", "Os borrachos"), Xoán Navarro ("Cousas de Ugenio" e "Manoliño"), *Oitabén* ("Sol Por"), Ri-





cardo Lázaro ("As aventuras de Alistarco Polo", con guión de José M^o Méndez), o compostelán Bernardo Saavedra ("Xente chachaveca" e "Adoquín Castañón") e Xosé Xiráldez ("Contos do Tarabelo", "Doña Fú", "Samuel"). Despois, por unha serie de circunstancias empresariais, *Vagalume* limitouse a reproducir, traducidas, historietas de autores cataláns.

Outra das publicacións que Carballo analiza en relación á historia da BDG é a revista informativa *Teima*, da que chegaron a saír á rúa entre 1976 e 1977 trinta e cinco números e que acolleu tiras e pranchas de Xaquín Marín ("Caitano"), Reimundo Patiño ("A rebelión dos aforcados"), Antón Patiño ("Esquizoide"), Pepe Carreiro ("O galo Camilo"), Miguel Docampo ("Os violadores tamén somos xente honrada") e *Loquis*.

No derradeiro epígrafe do cuarto capítulo do seu libro, Carballo Dopico deita atención sobre o primeiro *fanzine* da BDG, *Xofre*, promovido en 1979 por autores que logo cobrarían grande relevancia como Miguelanxo Prado ("Na petadura do orballo"), Fran Jaraba ("Special Brigade", "Virgin Jungle"...), e Xan López Domínguez ("O rei cachuete", "Camiño a Compostela"). A publicación contou, ademais, coa colaboración doutros autores como *Loquis* (Xosé M^o Rodríguez Iglesias), Suso de

Toro (que asinou como *Alvarito* o traballo "Manolo Pita, neto de María Pita") ou Ricardo Lázaro. Hoxe é posíbel a súa consulta na páxina web culturagalega.org.


O penúltimo capítulo do libro debrúzase sobre unha produción pioneira da BDG de asunto histórico: *Historia da Reconquista de Vigo* (1977), de Bofill e Lalo Vázquez Gil. Analízanse o seu contexto, contido e trazos formais e estéticos máis relevantes.

No capítulo sexto, Carballo atende a algunhas experiencias "intermediais" entre a BDG e outras artes, como o teatro (*A longa viaxe do capitán Zeltia*, da compañía Teatro Circo en 1976, sobre un orixinal de Xaquín Marín adaptado por Manuel Lourenzo); o gravado (estampas de Pepe Barro en 1973 sobre relatos de Darío X. Cabana como "Carta do pai" e "A Vella da Pomba"); e, finalmente, a fotografía ("Esquizoide", de Antón Patiño e Menchu Lamas, en 1979).

O volume féchase, en fin, cun capítulo de Conclusións, en que se destaca que a produción de BDG no período 1971-1979 foi "dunha cantidade e calidade excepcional, sobre todo tendo en conta que se trataba de experiencias pioneiras" e se subliñan algúns trazos definitorios, como o seu experimentalismo e

o seu carácter comprometido e reivindicativo.

Para a consulta dos orixinais a cor de moitos dos materiais citados neste magnífico traballo, que paga a pena levar ás aulas de Plástica e aínda a outras (Lingua, Historia...), a editora remite para un anexo dixital ao que pode accederse na ligazón <https://www.xerais.gal/libro.php?id=5160967>. ■



Para non viaxar de pé outros dez anos

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 96-98

Valentina Formoso Gosende

IES do Milladoiro

vformoso@gmail.com

Cando o curso pasado, parte do meu alumnado de 1º ESO me aseguraba que non sabía o que era un buxo, un croio ou un bidueiro (aínda que vivían na parroquia de Biduído), pensaba o lonxe que estabamos daquilo que Vázquez Freire (RGE, 65) definía como o ideal de escola galega: “a que abre as xanelas e as portas ao seu mundo circundante”. Veume esta anécdota á cabeza no momento en que me pediron que escribise un artigo para esta sección, cando se cumprían 10 anos da publicación do Decreto do Plurilingüismo. E dei en preguntarme que pasaría se este alumnado procedese -que non era así- dun centro plurilingüe no que o Coñecemento do medio (desde a LOMCE Ciencias Sociais e Naturais) se lles impartise en inglés. Serían plurilingües se soubesen o nome do buxo e mais do bidueiro (aínda que non os recoñecesen) na lingua que falan Trump ou Johnson?

Foi esta rapazada de 1º da ESO a que entrou no sistema educativo precisamente en 2010, estreando o devandito Decreto. Aquela á que se lle eliminou a posibilidade de asistir, en zonas urbanas, ás chamadas “liñas de galego” e que puido acabar a educación infantil sen oír unha soa palabra da lingua de Rosalía na aula. Aquela que, na primaria, só estudou as materias científicas en castelán e que, en moitos casos, só escoitou galego na clase de Lingua Galega e tivo como materia extraescolar -case obrigada- o inglés.

Non é este un artigo para facer balance, pero se queremos pensar o ensino da década que acabamos de comezar, temos que ter sempre presente que van alá dez anos de vixencia deste decreto e que, inevitablemente, deixaron pegada. Estamos noutra parada afastada da de 2010 e o transporte que aquí nos trouxo fíxolle pagar un alto prezo ao galego. Tan alto que tivo que

abandonar a posibilidade de ser lingua vehicular maioritaria no territorio que a viu nacer, coa inevitable perda de competencia en galego do alumnado en xeral, pero de maneira moi significativa do de zonas urbanas. E máis alto aínda porque o imaxinario do conxunto da sociedade xa non é o mesmo. I mos reparar en varios puntos que considero clave:

1- O *apartheid* decretado en 2010 non apeou o galego do autobús do sistema educativo, deixouno subir, pero para ir de pé, fóra das materias científicas, das "importantes", das da "excelencia", das do "futuro", das que só se poden ensinar en castelán ou en inglés. E, a pesar dalgunhas Rosa Parks que axudaron a sentar - nalgunha ocasión - o galego nas matemáticas, na física e na tecnoloxía, predicando na lingua de Rosalía, o discurso social que triunfou foi o de que o galego non serve para estas disciplinas, isto é, só pode viaxar de pé.

2- Neste momento hai unha parte moi importante das comunidades educativas que non en-

tende, ou que non lle deixan entender, que o galego - grazas ao mundo lusófono - conta cunha grande potencialidade, maior da que posúen linguas coma o vasco ou o islandés, mais mentres estas parece que serven para aprender as matemáticas, para a nosa interesou asentar o discurso do *tres ao caldeiro* ou dos *números curmáns*.

3- Cada ano entran no sistema educativo fornadas de docentes que estudaron parte ou toda a secundaria, e mais a formación universitaria, con este Decreto e que non son quen de usar a lingua e/ou, o que é peor, non cren que a teñan que usar, para impartir aulas en Galicia. Nos "Cursos de galego para profesorado en prácticas" escóitanse e lense reflexións que dan a medida de que o problema xa non está só en que se mude un Decreto, a cuestión é moito máis fonda, porque na súa ideoloxía lingüística o galego non ten cabida. Únense nos claustros a profesorado que segue á defensiva por se alguén desexa algunha medida para "volver

impoñer" a lingua propia de Galicia.

4- Claustros, consellos escolares e equipos directivos están - en moitos casos - mergullados nun plurilingüismo mal entendido e peor enfocado. Se non fose así, non habería (no curso 19-20) 423 centros plurilingües autorizados onde todos teñen como lingua vehicular o inglés, agás un; nin 727 centros que contan cun total de 4.647 seccións bilingües autorizadas^[1], das que arredor de 4.600 son en inglés (só cinco son en portugués distribuídas en tres centros).

5- En dez anos tamén se conformou o imaxinario das familias con crianzas. Moitas teñen asumido que un bo centro é aquel que na porta loce un cartel de plurilingüe e, no que, polo tanto, o teito do galego está no 33% (e iso moitas veces só no papel - enténdase PLC-, onde sempre se fan cadrar os números, pero non sempre cadra a realidade). Tamén é certo que moitas familias - pasados os primeiros anos - entenderon que o

[1] Lémbrese que conta unha sección por cada grupo-clase.



número de asentos que lle deran ao inglés facía que a rapazada viaxara incómoda nas ciencias, na historia, na física, na filosofía, na bioloxía... polo que nalgúns casos pasou a ocupar os asentos da educación física, da música ou da plástica. Noutros aínda non, porque a sociedade - moi maioritariamente - quere inglés, dá igual como e para que. Despois de que as familias (que tiñan medios) pagasen academias durante o curso escolar, e campamentos no verán, para que os e as súas descendentes tivesen un título de B2 en inglés antes de acabaren a secundaria, non van apoiar - de golpe e sen mediación previa - medidas que non eleven o inglés por riba de todas as outras materias, mesmo por riba das matemáticas (se

estas se dan en inglés). Esta xeración de nais e pais, que comprobou que os seus fillos e fillas pronunciaban a lingua de Shakespeare mellor ca eles, non escoita a moito profesorado de inglés cando di que a única mellora que adoitan atopar neste decreto é a posibilidade de teren o apoio dunha persoa nativa anglófona, sempre importante nas aulas de lingua estranxeira.

Daquela, o grande reto está en repensar como se vai trasladar ao conxunto das comunidades educativas o que significa un plurilingüismo inclusivo, así como se lles vai facer entender a necesidade que temos de poñelo en práctica para que as novas promocións de alumnado sexan realmente competentes en varias linguas sen abandonar,

ou adquirir, a do seu territorio. Este traballo tería que ser previo a calquera mudanza lexislativa, pois sen mudar as representacións existentes arredor das linguas presentes no sistema educativo, vai ser case imposible volver aos termos anteriores ao D79/2010. E quen se podería encargar desa tarefa titánica? Desde logo non pode quedar nas mans duns Equipos - que lles impediron ser de normalización, se cadra porque movían conciencias - e só poden ser de dinamización. Podería ser o momento de que todos se centrasen en obxectivos tan necesarios como "eliminar prexuízos" e "mudar actitudes" enfocadas a esta cuestión, pero nin así chegarían. E iso se, aproveitando que pouco se vai poder dinamizar este curso coa COVID-19, non acordan "reconvertelos". Certo que se pode promover o galego desde outros equipos (biblioteca, igualdade, TICs...) e outros programas: Tratamento integrado de linguas (que tería que partir da propia), traballo por proxectos (que terían que saír en galego), aprendizaxe cooperativa, clases invertidas, deseño de aulas virtuais... Mais non perdamos de vista que hai profesorado en todos estes proxectos que, xa non é que teña ou non competencia, é que mantén unha ideoloxía do galego como lingua B.

Se queremos que haxa ensino en galego e que o galego se manteña no ensino como lingua vehicular, é dicir, que viaxe sentado, penso que cómpre analizar ben esta situación que temos e acordar o plan e a estratexia, sabendo que unha parte da sociedade pensa - por ideoloxía ou por descoñecemento - que a nosa lingua debe continuar a viaxar de pé, e, o que é peor, mesmo nalgún caso non ve a necesidade de que viaxe. ■



ACTA DO XURADO DA XII EDICIÓN PREMIOS EDUCACOMPOSTELA 2020

Logo da convocatoria do Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela e o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, para elixir ás persoas galardoadas na XII Edición dos Premios Educacompostela, creados co obxecto de recoñecer, promover, premiar e difundir aqueles materiais educativos que polo seu valor e interese poidan contribuír ao desenvolvemento educativo de Galicia, favorecendo a innovación, a calidade na educación e a renovación pedagóxica, foron convocados no edificio CERSIA do concello de Santiago o día 28 de outubro de 2020, ás 9.30 horas, os seguintes membros do xurado: Rubén Prol Mariño - Concelleiro Delegado de Educación (Presidente); Beatriz Varela Morales - Directora do Departamento de Educación; M^a Carmen Morán de Castro - En representación de Nova Escola Galega; Rocío García Pazos - En representación de Nova Escola Galega; Tanía Caamaño Liñares - En representación do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC; Saleta González Carnero - En representación do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).; Henrique Alvarellos Casas - En representación da Asociación Galega de Editoras e M^a Dolores Casás Cheda - Técnica de Educación (Secretaria dos Premios)

Ás 13:45 horas, a presidencia abre unha quenda de intervencións para que os representantes antes mencionados expoñan os seus criterios con respecto aos 17 traballos presentados.

En primeiro lugar agradecer a participación das persoas e os diferentes grupos de traballo que concorreron a esta XII Edición dos Premios Educacompostela.

Despois das oportunas deliberacións, o xurado acorda o seguinte:

1º premio, para o traballo titulado "A Cianotipia. Recurso didáctico", presentado polos Equipos da Biblioteca e Normalización Lingüística do CEE López Navalón de Santiago de Compostela.

O xurado valora neste traballo o carácter interdisciplinar e global que vincula historia, ciencias, literatura e arte baixo o emprego de cianotípicas e recursos steam. A temática que se traballa, encadra unha serie de contidos procedimentais e actitudinais que reforzan a necesidade de materiais con esta capacidade integradora. A ollada cara o espazo cotiá do alumnado, a fotografía, a arte, a creatividade, a experiencia individual e colectiva e a sensibilidade dos recursos fixéronlle acadar a este traballo o primeiro premio desta edición.




2º premio, para o traballo titulado "Proxecto Xeoclip. Aprendemos nos glaciares", polos seguintes autores: Jacobo Raúl de Toro Cacharrón, Rocío Romar Noel, M^a Fernanda Moltó Roibal e Alberto Fortes Nova.

Nesta proposta o xurado resaltou como especialmente salientable a adecuación deste material didáctico á realidade sociocultural e educativa de Galicia, centrado na xeografía da Serra do Courel e desenvolvendo aspectos do currículo propio de 3º e 4º de ESO (se ben pode ser extrapolable a outros niveis educativos pola súa versatilidade). Facilita así mesmo a construción do coñecemento, cun modo innovador e atractivo de achegarse á xeoloxía empregando as novas tecnoloxías (imaxes multimedia 360º, tecnoloxía dron e croma, arquivos multimedia descargables, diversos recursos propios da gamificación e o fomento do uso das RR.SS), capaz de dar resposta ás esixencias do modelo TPACK e do ensino mixto (blended learning) e promove a accesibilidade empregando para iso recursos tan diversos como: os intérpretes de signos, os subtítulos en galego e castelán, a posible visualización dende diferentes dispositivos electrónicos coma o móbil -a través dos códigos QR- ou o uso de lentes de realidade virtual.

3º premio, para o proxecto "Filothinking: O Diario filosófico e o Art-thinking xuntos como ferramenta para o pensamento lento e creativo", presentado por Alicia Eva Garea Traba.

É unha proposta educativa creativa, consistente e detallada para a ensinanza da Filosofía a través de estratexias de pensamento visual (Visual Thinking) e experiencias artísticas (Art Thinking), orientada a favorecer a reflexión crítica e pausada sobre a vida e os seus dilemas. Concrétase na creación dun caderno de filosofía (diario filosófico) por parte do alumnado (tarefas de introspección, conceptualización, problematización, análise contextual...), así como na montaxe colectiva dunha exposición (física e virtual) final de curso coas producións do conxunto. O profesorado achega a unidade didáctica, un diario (fases e seguimento da proposta ao longo do curso) e un caderno en Visual Thinking coas reflexións (pedagóxicas, didácticas e filosóficas) a que deu lugar a iniciativa.

A sesión conclúe o día 28 de outubro de 2020, ás 15:15 horas no lugar e na data indicados.



A *Revista Galega de Educación* (RGE) ten as súas páxinas abertas a todas aquelas persoas que desexen publicar as súas colaboracións.

AS COLABORACIÓNS deberán axustarse, obrigadamente, ás normas seguintes:

1. **Características das colaboracións.** Deben ser orixinais e inéditas. As achegas poderán estar dirixidas ás diferentes seccións da RGE e deberán axustarse á extensión sinalada (sempre con espaciado incluído). En www.neg.gal aparece detallada a extensión de cada sección.

2. **Criterios formais.** Os artigos que non cumpran os criterios formais de edición poderán ser rexeitados ou, no seu caso, devoltos ao autor/a de contacto para seren corrixidos.

3. **Texto.** As achegas poderán ser redactadas na fonte de letra Times New Roman, tamaño 12, aliñamento xustificativo, e remitidas, en soporte electrónico (con adecuada identificación do arquivo electrónico) ao enderezo rge.redaccion@neg.gal. O programa e a versión do procesador de textos empregado será preferibelmente o Openoffice ou o Microsoft Word.

4. **Identificación do autor/a.** Na cabeceira do artigo figurarán: o título, o nome do autor/a ou autores/as, a profesión e o lugar ou centro de traballo. E ó final do mesmo, o enderezo postal, o/s teléfono/s de contacto e o enderezo de correo electrónico.

5. **Referencias.** Nas referencias e citas bibliográficas procederase de acordo coas normas da APA (www.apastyle.org).

6. **Notas ao texto.** As explicacións correspondentes ás notas, numeradas no texto correlativamente, indicaranse con *sobreíndices*, e deben incluírse ao remate do traballo baixo o epígrafe de **Notas**. Deseguida das notas pode facerse unha lista bibliográfica limitada e ordenada alfabeticamente, seguindo os criterios anteriores.

7. **Redacción.** Cada autor/a faise responsable do contido do seu traballo como corresponde aos dereitos do autor/a. Evitarase no posible o uso de abreviaturas e do etcétera marxinal. Cando dentro do corpo do artigo se citen frases textuais, estas irán en cursiva.

8. **Ilustracións, táboas, cadros, gráficos.** As colaboracións de texto

poderanse acompañar de ilustracións (fotografías, imaxes, gráficos, cadros...) que se consideren necesarias, en arquivos complementarios (nunca introducidas no documento de texto) e indicados con orde, sinalándose claramente no texto, mediante anotación entre parénteses, o lugar onde deben reproducirse:

(INSERTAR IMAXE (ilustración, cadro, ou gráfico nº...): "aula_natureza.jpg").

Cómpre, dado o caso, que todas as colaboracións achegadas estean acompañadas de material gráfico ilustrativo do artigo. Debe terse en consideración o deseño da revista, que require que haxa sempre unha fotografía en formato vertical para ilustrar o título. Pode ser oportuno, sobre todo nos casos de táboas, cadros e gráficos, a inclusión dun texto esquemático de título, e/ou dun pé.

Enviaranse as fotografías ou outras imaxes e gráficos en formato dixital cunha resolución mínima de 300 ppp (puntos por polgada), en formato JPG, TIF, PNG ou PDF.

9. **Publicación de Experiencias.** No caso de dar conta dunha proposta ou experiencia pedagóxica pódese empregar o seguinte esquema referencial (coas adaptacións precisas):

- Contexto do centro e da experiencia.
- Nivel educativo.
- Obxectivos da experiencia.
- Formulación e desenvolvemento concreto.
- Comentarios sobre o seu desenvolvemento.

- Avaliación por parte do alumnado e do profesorado e reflexión sobre o realizado.

- Perspectivas abertas a partir da experiencia realizada.

- Referencias bibliográficas.

10. **Achegas ao monográfico.** As achegas que formen parte dun monográfico da Revista, deberán ir acompañadas dun resumo de 5 liñas en galego, inglés e noutra das linguas españolas. É recomendábel a incorporación de 5 palabras chave, que na medida do posible serán extraídas do Tesouro Europeo de Educación (<http://www.eurydice.org/portal/page/portal/Eurydice/TEE>) ou do Tesouro de ERIC (Education Resources Information Center), en www.eric.ed.gov.

11. **Panoraula.** Agradecemos o envío de información e documentos para esta sección.

12. **Lingua de publicación.** Os traballos deberán estar escritos en lingua galega. A Redacción resérvase o dereito de elixir os títulos e subtítulos

que considere máis oportunos para a publicación da colaboración, como tamén o de facer pequenas correccións para manter o estilo da RGE. Acéptanse tamén orixinais en catalán, portugués, castelán, francés e inglés. Os artigos en castelán, francés e inglés serán publicados en galego.

13. **Envío de exemplares.** Por cada colaboración o autor/a recibirá un exemplar do número da RGE onde apareza o seu traballo.

14. **Comunicación cos autores/as.** A RGE comunicará a cada un dos autores ou autoras a recepción do seu traballo e, no seu momento, a súa aceptación, ou non, para a publicación. No caso de devolución dun artigo aos seus autores/as para a súa corrección, dispoñeráse de 15 días para o seu reenvío á Redacción.

Para calquera suxestión, comentario, ou proposta cara ó Consello de Redacción dirixirse a:

rge.redaccion@neg.gal.

15. **Valoración dos artigos.** Os artigos enviados á *Revista Galega de Educación* serán valorados por dous ou dúas revisores/as externos/as (membros/as do Comité Científico e outros/as) de forma confidencial e anónima, segundo o sistema usual de revisión por pares, quen emitirán un breve informe (mediante un protocolo de avaliación xeral) sobre a conveniencia ou non da publicación, que será tomado en consideración polo Consello de Redacción.

16. **Devolucións.** Os artigos orixinais enviados á Redacción non serán devoltos.

17. **Envío de Artigos.** Os autores/as farán os seus envíos por correo postal a atención de:

Revista Galega de Educación
Nova Escola Galega
R/ das Hedras, 4-2º O
15895 Milladoiro- Ames
(A Coruña)

Ou ben en soporte electrónico a través do correo electrónico ao seguinte enderezo:

rge.redaccion@neg.gal

Para un coñecemento ampliado das normas visítase a nosa web:

www.neg.gal

Indicaciones para la presentación de originales.

La *Revista Gallega de Educación* (RGE) tiene sus páginas abiertas a todas aquellas personas que deseen publicar sus colaboraciones. Estas deberán ajustarse, **obligatoriamente**, a las normas siguientes:

1. Características de las colaboraciones. Deben ser originales e inéditas. Podrán estar dirigidas a las siguientes secciones de la RGE y deberán ajustarse a la extensión señalada (siempre con espaciado incluido). En www.neg.gal aparece detallada la extensión de cada sección.

2. Texto y contacto. Times New Roman, tamaño 12, interlineado simple, alineación justificada. Preferiblemente Openoffice o el Microsoft Word. Remitidas a: rge.redaccion@neg.gal. Si las aportaciones forman parte de un monográfico de la Revista, irán acompañadas por un resumen de 5 líneas en gallego, inglés y otra lengua española.

3. Identificación del autor/a. En la cabecera del artículo figurarán: el título, el nombre del autor/a o autores/as, la profesión y el lugar o centro de trabajo. Y al final del mismo la dirección postal, el/s teléfono/s de contacto y la dirección de correo electrónico. Cada autor/a se hace responsable del contenido de su trabajo.

4. Referencias. En las referencias y citas bibliográficas se procederá de acuerdo con las normas de la APA (www.apastyle.org). Las notas de texto se indicarán con sobreíndices.

5. Ilustraciones, tablas, cuadros, gráficos. Las colaboraciones enviadas estarán acompañadas de material gráfico ilustrativo del artículo, siempre incorporado a mayores, fuera del documento de texto. Además, se tendrá en cuenta el diseño de la revista y se enviará una fotografía vertical para ilustrar el título del artículo. Se enviarán las fotografías u otras imágenes y gráficos en formato digital con una resolución mínima de 300 ppp (puntos por pulgada), en formato JPG, TIF, PNG o PDF.

6. Lengua de publicación. Los trabajos deberán estar escritos en lengua gallega. La Redacción se reserva el derecho de elegir los

títulos y subtítulos que considere más oportunos para la publicación de la colaboración, como también el de hacer pequeñas correcciones para mantener el estilo de la RGE. Se aceptan también originales en catalán, portugués, castellano, francés e inglés. Los artículos recibidos en castellano, francés e inglés serán publicados en gallego.

Guideline for the submission of proposals.

The *Revista Galega de Educación* (RGE) has its pages open for all those interested in publishing their works. Contributions must **necessarily** comply with the following parameters:

1. Characteristics of the contributions. Contributions must be original and unpublished. Contributions should be directed to one of the following sections of the journal. (The extension of each section is detailed in www.neg.gal)

2. General style and contact details. Times New Roman size 12, single-spaced and justified. Abbreviations should, as far as possible, be avoided. Contributors should preferably use Openoffice or Microsoft Word to submit their contributions. The article should be sent in electronic physical support (cd, dvd, pendrive...) to: rge.redaccion@neg.gal. If the contributions are part of a monograph of the journal, will be accompanied by an abstract of 5 lines in Galician, English and one Spanish language.

3. Identification of the author. The heading of the article will include the following information: title, name(s) of the author(s), profession and working place. Contact details (address, telephone and e-mail) will be included at the end of the article. Every author is responsible for the content of his/her own work, as it is established by copyright.

4. References. References and citations will follow the APA style (www.apastyle.org). Endnotes, which will be signaled in the text by correlative numbers specified in superscripts, will be included at the end of the article under the heading "Notes".

5. Graphic material. Texts may be accompanied by some graphic materials (photographs, images, tables, graphs, charts...). These illustrations need to be sent in digital format with a minimum resolution of

300 ppp, in JPG, TIF, PNG or PDF format.

6. Language. The works must be written in the Galician language. The Editor reserves the right to choose the titles and subtitles that it deems most appropriate for the publication of the collaboration, as well as to make small corrections to maintain the style of the RGE. Originals are also accepted in Catalan, Portuguese, Spanish, French and English. The articles received in Spanish, French and English will be published in Galician.

Onde podo conseguir a Revista Galega de Educación?

Podes solicitala en calquera librería de Galicia ou ben escribirmos directamente ao mail da asociación para que cha enviemos a onde nos indiques: neg@neg.gal

Queres subscribirte?

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

Se desexa subscribirse á Revista Galega de Educación cubra o boletín e envíeo ao seguinte enderezo:

- NOVA ESCOLA GALEGA (Revista Galega de Educación)
R/ Hedras, 4-2ºO. 15895 Milladoiro- Ames
- Subscricións por correo-e: rge.subscricions@neg.gal

boletín de subscrición

Si, desexo subscribirme á REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN, tres números ao ano, polo prezo de 34 euros.
Subscríbome desde o número ____.

DATOS DO/A SUBSCRITOR/A

Apelidos e nome:

NIF:

Enderezo:

Localidade:

Provincia:

Teléfono:

Correo electrónico:

FORMA DE PAGAMENTO (sinalar cun "X" e completar)

Domiciliación bancaria en conta

(Faga constar os 20 díxitos que componen o C.C.C.)

Titular da conta

Cheque a favor de Nova Escola Galega

Transferencia bancaria contra prestación de factura

Reembolso (34 euros máis gastos)

-----, de ----- de 202

Sinatura

DOCENTES

por Xosé Tomás

~~FALO~~ **SiNTO**
O QUE
~~SiNTO~~ **FALO**

